



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Filosofía

Curso Académico: Curso 2020-2021

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Plan de Melloras](#)
 - Abertas Curso 2020-2021
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Finalizadas Curso 2020-2021
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Filosofía
Mencións/Especialidades	---
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	---
Centro responsable	Facultade de Filosofía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filosofía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	---
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	01/06/2009
Data renovación acreditación	11/07/2017

2.CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso **2020-2021** atopámonos, en termos xerais, no proceso da lenta recuperación da pandemia sufrida con especial incidencia no curso 2019-20 que implicou unha súbita interrupción da presencialidade e unha rápida adaptación das actividades académicas e docentes, que pasaron a ser desenvolvidas en circunstancias nada habituais. Sen dúbida, temos vivido unha circunstancia radicalmente excepcional: a pandemia da COVID, que motivou a declaración do “Estado de alarma” e a aprobación de “confinamento da cidadanía nos seus domicilios” durante a maior parte do segundo semestre do curso 2019-20 (meses de marzo a xuño). A pesar deste condicionamento, ata o momento descoñecido, podemos salientar, felizmente, que os principais Indicadores de Calidade da Titulación, naquel momento, non sufriron importantes variacións á baixa, aínda que no curso **2020-2021** presentan, en conxunto, unha lixeira e lóxica mellora que probablemente ven dada pola recuperación paulatina daquela “normalidade” anterior á pandemia. Aínda que si ten afectado ao desenvolvemento habitual das funcións docentes e investigadoras do Centro, no curso **2020-2021** comezamos a recuperar as dinámicas propias da plena presencialidade e a volta ás actividades docentes interactivas sen os condicionamentos e limitacións daquela “adaptación COVID” (virtualidade, distanciamento físico, etc.). Consideramos que este escenario de “recuperación” é o contexto no que debemos interpretar o conxunto de datos da Área de Calidade do Grao en Filosofía **2020-2021** que, en concreto, significan unha tendencia de volta aos notables parámetros PRE-COVID que viña rexistrando a Titulación.

En referencia aos Indicadores e Informes proporcionados pola Área de Calidade da USC -que iremos debullando neste Informe- podemos constatar, como liña xeral, que neste curso **2020-2021** o perfil formativo do título de Grao en Filosofía (USC) mantén, conforme aos cursos anteriores, a súa relevancia e o seu carácter actual de acordo cos requisitos que regulan (A) o seu ámbito académico-científico e (B) o seu ámbito profesional.


A) O ámbito académico-científico.

A relevancia e actualidade do título de Grao en Filosofía segue a poñerse de manifesto na súa tendencia crecente de matrícula e solicitude de prazas na devandita titulación, que podemos considerar como consolidada, na medida en que se ven producindo durante os últimos seis anos (aínda a pesar do contexto de redución que as materias de Filosofía sufriron e están a sufrir no Ensino Secundario a causa das diferentes Leis de Educación polas que os nosos potencias estudantes ven reducido o seu primeiro contacto coa disciplina): no curso 2014-15 foi 39 o número de alumnado matriculado de novo ingreso (**IN04G**), incrementándose notablemente ata 51 no curso 2015-16, manténdose en 55 no curso 2016-17, e volvendo a experimentar un forte crecemento ata acadar 73 alumnos/as no curso 2017-18, para manterse en 70 no curso 2018-19, 69 no curso 2019/20 e 67 no presente curso **2020-21**, consolidándose un crecemento superior ao 25% no -último sexenio e cumprindo un ano máis co número máximo de matrícula ofertada pola Titulación: 65 prazas (**IN01G**). O **IN04G** (“Matrícula de novo ingreso”) evidencia o aumento significativo de Matrícula rexistrado verbo do

último sexenio e a consolidación desta tendencia crecente durante o mesmo:

Matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G):


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	51,00	55,00	73,00	70,00	69,00	67,00



Este incremento de matrícula, consolidado no curso **2020-21** (67), supón acadar cada ano, durante o último sexenio, o número máximo de prazas ofertadas pola Titulación que é de 65 alumnos/as (IN01G), rexistrado en "Matrícula de acceso" (IN03G). Deste xeito, tendo en conta este crecemento de nova matrícula, experimentamos tamén consecuentemente un dobre crecemento: a matrícula total do Grao de Filosofía e a Taxa de ocupación. Así, o número total de alumnado matriculado no Grao de Filosofía no curso **2020-2021** (suma dos 67 alumnos/as de nova preinscripción máis a matrícula dos restantes cursos de Grao) ascende a un total de 257 alumnos/as (IN02G), consolidando a tendencia crecente durante o último sexenio.

Matrícula total de alumnado en todos os cursos (IN02G):


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	183,00	180,00	202,00	217,00	235,00	257,00



Este crecemento sitúa, a súa vez, a nosa “taxa de ocupación” por encima do 100%, concretamente nun 103% (IN12G), froito do número de estudantes de novo ingreso dividido entre as prazas ofertadas o que, sen dúbida, amosa unha moi boa información acerca da captación de alumnado, que debe tender ao 100% para manifestar un bo equilibrio entre a captación de alumnado e os recursos, tanto humanos como materias, do Centro. Precisamente, esta tendencia de estabilización da “Taxa de ocupación” cara o 100% implica que a “variación da matrícula de novo ingreso” (IN05G) se reduza dous puntos en consonancia co cumprimento da plena matrícula

Taxa de ocupación (IN12G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	78,46	84,62	112,31	107,69	106,15	103,08




O Grao en Filosofía ten recibido neste curso 2020-2021 un total de 396 solicitudes, das que 97 foron a primeira opción (73 a segunda opción e 70 a terceira) Do total de solicitudes foron pre-admitidas 88 e conforme á nosa oferta máxima de prazas (65) foron matriculados 69 estudantes (contando cunha autorización extraordinaria das autoridades académicas para

exceder lixeiramente os *numerus clausus*), dos que un 55% son mulleres e, segundo o **IN10G**, un 84% rexistraron a Filosofía como primeira opción (57 alumnos) e un 12% como segunda opción (8 alumnos). Así, no conxunto da Matrícula do curso **2020-2021** constatamos (segundo o Informe **2500758_INF.CIUG_2020-2021**) que se mantén, verbo do curso anterior, arredor do 85% a solicitude do noso Grao como primeira preferencia (**IN10G**), e mesmo crece o número total de solicitudes desde as 282 solicitudes recibidas no curso 2019-20 que se converten en 396 no curso 2020-21. Deste xeito, completáronse as 65 prazas ofertadas, marcando unha positiva información sobre a captación de alumnado que ten a nosa Titulación e un ascenso e consolidación da tendencia á alza da “nota media de acceso” na mesma, que pasa a situarse en 10,03 puntos (sobre 14) e sube un punto verbo do curso 2019-2020, o que supón unha constante alza verbo dos anos anteriores (**IN06G**):

Nota media de acceso por preinscripción (**IN06G**):


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	6,94	7,15	8,43	8,66	9,00	10,03



Esta subida da “nota media” de ingreso provoca así mesmo unha correlativa subida na “porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis” (**IN7G**), conseguindo deste xeito o ingreso de alumnado cada ano mellor formado (de feito, alcanzamos o 100% de alumnado que accede cunha puntuación superior a 6 puntos (**IN07G**)).

Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis” (**IN7G**):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	75,00	76,92	90,14	85,51	93,94	100,00



Noutro nivel de análise da Matrícula, xa non atendendo á súa dimensión cuantitativa, podemos reparar na súa estrutura xeográfica. Segundo o “Informe de procedencia xeográfica” (Inf. 16) podemos constatar que aproximadamente o 96% da nova matrícula (63 alumnos) corresponde a estudantado de Galicia (A Coruña 34, Pontevedra 19, Ourense 6 e Lugo 4) e o 4% restante (6 alumnos) corresponden a outras Comunidades do Estado español (Canarias 1, Cantabria 1 Cataluña 1, Madrid 1, Castilla y León 2), polo que segundo reflexa o **IN08G** (estudantes estranxeiros) e **IN09G** (estudantes de fóra de Galiza) existe posibilidade dunha maior captación de alumnado doutros Estados e mesmo doutras Comunidades Autónomas do Estado español. Consideramos que ese 95% de galegos do total de matriculados cumpre co necesario servizo institucional e académico de atender á demanda de matrícula como único Grao de Filosofía do SUG e que crecemos, aínda que moi lixeiramente, na captación de estudantado de fóra de Galiza, que pode tender a mellorar, aínda que cumprimos co número máximo de prazas totais ofertadas.

Consideramos que este constante aumento de matrícula está directamente relacionado, no só co contemplado no Plan de Viabilidade, senón especialmente co desenvolvemento dos Plans de Mellora que se veñen efectuando durante os últimos anos, e de xeito específico con aquelas Accións de Mellora máis orientadas á captación de novo alumnado, consistentes en iniciativas de reforzo da visibilidade da nosa Titulación na sociedade. Estas Accións non só promoveron efectos positivos sobre a titulación coa referida tendencia á alza da matrícula, senón que ademais acabaron por consolidarse como protocolos e procedementos habituais de funcionamento do título. Entre as Accións dos últimos anos destinadas a favorecer á proxección social da nosa titulación, poderíamos destacar a celebración do Día Mundial da Filosofía, da Semana da Filosofía Xoven, o Ciclo permanente de Conferencias Abertas e de Presentación de Libros ou a Olimpíada Filosófica que aglutina no noso Centro a presenza dun gran número de estudantes de Ensino Secundario, aproveitando os motivos da mesma para establecer un primeiro contacto non só co noso Centro, senón tamén co PDI do mesmo, moi implicado no desenvolvemento desta actividade de captación de alumnado en estreita colaboración cos profesores de Ensino Medio. (Por exemplo, no curso 2018/19 foi o Profesor de Ensino Secundario Javier Turnes do IES Rosalía de Castro o encargado de dar a Conferencia inaugural do Día Mundial da Filosofía e no curso 2021-2022 -no que puidemos recuperar esta actividade presencial interrompida entón pola COVID- foi a Profesora Zeltia Laya do IES Vila de Cruces a encargada da Conferencia inaugural da “Semana de Filosofía”).

Neste ámbito de proxección do noso Título, cómpre lembrar tamén que o noso Centro participa activamente no Programa A Ponte, (Coord. Prof. Javier Barcia) que desenvolve, entre outras iniciativas, as visitas dos estudantes de Institutos de Bacharelato á Facultade de Filosofía, ofrecéndolles durante a visita charlas informativas acerca da nosa titulación, material divulgativo sobre a mesma, así como a posta a disposición a través da web de dípticos e vídeos informativos acerca do Grao en Filosofía. Desde o curso 2019/20, e á causa da pandemia COVID-19, o Programa A Ponte transformou, por motivos sanitarios, estas “visitas” por “Encontros Virtuais”, que manteñen unha gran afluencia telemática de público. No curso **2020-2021**, seguindo as instrucións da USC, mantivéronse os “Encontros Virtuais” con igual éxito de público e no curso 2021-2022 xa puidemos recuperar a celebración presencial dos mesmos nos que volvemos a recibir a visita de 95 estudantes de Bacharelato ao noso Centro. Esta política de colaboración co Ensino Medio que existe no noso Centro vense

desenvolvendo desde xa hai moitos cursos coa organización dos "Encontros Galegos de Filosofía" (máis de seis edicións celebradas), deseñados como espazos de seminario reservados á participación (como relatores) de profesores/as de Ensino Medio no noso Centro, ademais da xornada específica de encontro con profesorado de Ensino Medio coa fin de valorar o presente e futuro da Filosofía no Ensino Secundario que tivo lugar no 2016-17 (AM2 Plan de Mellora 2016-17), no que se reforzou a colaboración co grupo de profesores/as que liderou a reivindicación (ILP) para a recuperación da materia de Filosofía como materia obrigatoria no bacharelato e que finalmente no curso 2021-2022 queda recollida na nova Lei de Educación. Nesta liña de traballo, no curso 2018/19, o Centro promoveu un Congreso na Facultade de Filosofía (AM7 Plan de Melloras do Grao 2018-19) no que se dedicou unha sección específica á participación do Profesorado de Ensino Secundario sobre a temática do "Camiño a percorrer pola Filosofía nesa etapa formativa", na que as profesoras Eva Garea e María del Carmen Rey Sobral presentaron unha análise do estado e desenvolvemento do currículo da Filosofía no Ensino Medio. No curso 2019/20 a Comisión de Calidade e Grao aprobou no seu Plan de Melloras a AM1 destinada precisamente a continuar coa visibilidade e transversalidade da nosa Titulación para favorecer a proxección social do Grao de Filosofía, especialmente entre o alumnado de Ensino Secundario, o Centro comprometeuse a colaborar na organización e celebración da Olimpíada Filosófica Galega que tivo na Facultade de Filosofía a súa sede de celebración e a colaboración do PDI da Facultade na avaliación das probas desenvolvidas polo estudantado dos Centros de Ensino Secundario. No curso **2020/21**, por mor das limitacións sanitarias (COVID) de ocupación dos espazos da Facultade, o Centro non puido celebrar fisicamente a Olimpíada Filosófica, mais si acolleu e participou no acto de clausura da mesma e entrega de premios unha vez as limitacións sanitarias foron máis flexibles.

Mais o Centro incidiu no reforzo da visibilidade dos nosos estudos, non só en relación co Ensino Medio, senón tamén para a sociedade no seu conxunto. Neste eido, insistimos no carácter da Filosofía, non tanto como unha especialidade en si mesma con perfil docente e investigador, senón tamén no seu valor formativo con tendencia profesionalizante (fomentando as Prácticas Académicas Externas), e sen esquecer a súa importancia como título complementario doutras titulacións de grao e máster. Este carácter "transversal" da Filosofía, como xeito de proxectar unha "maior visibilidade dos estudos de filosofía (tanto no eido universitario como fóra del)", foi o obxecto das actividades de "Cinema Filosófico" e "Ciclo de Cinema Xaponés" (destinadas principalmente ao noso alumnado de Grao, pero tamén para fomentar a presenza -dun xeito ameno- de estudantes doutras titulacións); estas actividades (desenvolvida polo Coordinador da Titulación, Prof. Xavier de Donato e pola Prof. Alba Iglesias, presidenta da Sociedade Galega de Estudos Nipóns) foi creada no Plan de Melloras do Grao 2017-18 e consolidouse como unha actividade permanente do noso Centro grazas á gran acollida que ten no alumnado e que demanda mantela na axenda cultural do Centro. No curso 2019/20 non puido realizarse dado o confinamento domiciliario por mor da pandemia COVID, mais o seu Coordinador xunto co estudantado reactivaron ambas actividades, fusionadas a partir do **curso 2020/21**, unha vez que as limitacións de cabida así o permitiron. Esta liña de paulatina recuperación foi unha constante nas outras actividades culturais que se viñan desenvolvendo no Centro con este obxectivo de proxectar a visibilidade da nosa Titulación: o Ciclo de presentación de libros (tanto do PDI do Centro, como dos egresados e alumnado do mesmo); o Ciclo de Conferencias Abertas (con propósito divulgativo) e as Leccións Maxistras impartidas polo PDI recentemente xubilado. Neste sentido, puidemos desenvolver as actividades "divulgativas" que foron programadas con anterioridade ao mes de marzo 2020 (caso por exemplo da Semana da Filosofía na Rúa) no que o Goberno decretou o Estado de Alarma e o confinamento domiciliario. No curso **2020/2021** estas actividades de divulgación foron reincorporándose de novo ao funcionamento habitual do Centro, pero aínda no curso 2021-2022 están volvendo a unha certa normalidade na medida en que o Comité COVID da USC así o permite, diante do que parecen as últimas limitacións impostas pola pandemia.

A Facultade de Filosofía mantén unha constante tradición nos seus esforzos relativos á proxección social da Titulación xa desde o Plan de Melloras 2016-17 (AM1) orientada á "elaboración de material informativo para potenciais grupos de interese do noso ámbito de estudos", na AM1-PM 2017-18 se ampliaba o "material informativo para grupos de interese acerca da filosofía como disciplina" e na AM1-PM 2018-19 se incrementaba a "difusión destes materiais a través da páxina web do Centro", accións que foron actualizadas nas AM1 e AM6 do PM 2019/20 coa renovación do material divulgativo sobre o noso Centro (dípticos, descrición do Centro e vídeo de presentación, que actualmente se atopa inxerido na páxina Web de presentación de titulacións do Programa A Ponte da USC, en concreto no espazo reservado aos "Encontros Virtuais na Zona USC" especialmente destinado para o alumnado de segundo de Bacharelato que busca información sobre os estudos universitarios do SUG. No curso **2020/2021** continuamos, aínda que sen dedicar accións de mellora específicas a este fin que consideramos consolidado, a manter no tempo esta labor de proxección da titulación, recuperando a presencialidade de todas elas, convencidos de que están directamente relacionadas co éxito de Matrícula que vimos obtendo nos índices de captación de alumnado.

En definitiva, consideramos que esta constante liña de acción, continuada no tempo, pon de manifesto no só o noso compromiso coa ampliación da proxección da Filosofía na sociedade, senón que pode ser unha das causas da tendencia crecente do índice de Matrícula da Titulación e mesmo de acadar o 100% de taxa de ocupación durante o último trienio.

Con todo, a proxección da nosa Titulación non foi só traballada no "eido social", senón tamén no ámbito académico no que cómpre ter en conta que somos o único Centro de titulación de Grao de Filosofía no SUG e entendemos que esa singularidade, sempre avalada por estes apreciábeis índices de calidade, debe conlevar unha natural proxección da Facultade sobre o entorno académico máis inmediato. Así, cómpre destacar, por exemplo, que o noso Centro:

(i) Promoveu interdisciplinarmente a incorporación de PDI doutros Centros na impartición de contidos do título de "Mestrado en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía" (un docente da Facultade de Ciencias da Comunicación e unha docente da Universidade de Vigo).

(ii) Promoveu, desde o PM 2018-2019 na súa AM7, a apertura dun concepto orzamentario específico do Centro para a contribución na celebración de Congresos e Reunións científicas organizadas polo PDI do Centro e que potencien a visibilidade das Áreas de coñecemento da nosa Titulación e a súa transversalidade con áreas afíns, acción que se mantén activa no curso **2020-2021** dado que se consolidou como permanente e que ano tras ano, a xeito de convocatoria permanente, atende as solicitudes que se presentan. No curso 2020-21 atendemos a solicitude para a celebración do Congreso "XVI Encontros Internacionais de Filosofía".

(iii) O apoio ás iniciativas encamiñadas á incorporación do Centro ás liñas de investigación que poden constituír o futuro Centro de Investigación de Humanidades que se está a proxectar no curso 2020/2021 e que no Centro coordina o Prof. Xavier de Donato.

(iv) A divulgación para o público en xeral do perfil investigador do PDI da Facultade e das súas Titulacións a través da nosa web, que conforme á **AM4-PM Centro 2020/21** e o Plan Estratéxico do Centro, establecemos un enlace co Portal da Investigación da USC recentemente creado no que se reflicten todas as publicacións, proxectos de investigación e outros aspectos das tarefas investigadoras do PDI.

B) O ámbito profesional

A Facultade de Filosofía ten un decidido compromiso coa dimensión profesionalizante da Titulación, apuntando á ampliación de novos espazos profesionais para os nosos egresados.

Comezamos a establecer iniciativas concretas xa no curso 2016-17, que buscaban favorecer a incorporación de potenciais espazos profesionais para o noso título, tomando como interlocutores aos egresados de Filosofía situados en ámbitos profesionais diferentes ao ensino e así avanzar na proxección social da Filosofía, No Plan de Melloras 2017-18. Precisamente con ocasión da renovación da acreditación do título, promovemos a "creación de grupos de discusión con egresados para obter información sobre as demandas dos ámbitos de inserción profesional dos especialistas en filosofía" (AM2-PM2017-18). No curso 2018/19, seguindo a recomendación do Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación (ACSUG), continuamos o traballo emprendido de realizar "un seguimento sistemático dos egresados" para estas cuestións relativas ás demandas profesionais da nosa titulación (AM2-PM 2018-19) e, nesta liña, constituímos o que resultou ser o inicio dun dos esforzos máis destacables do Centro neste eixo de promoción da proxección profesional do noso título: o deseño e creación das Prácticas Académicas Externas (PAE), buscando a "apertura de potenciais espazos profesionais para os egresados de Filosofía". O Centro promoveu uns primeiros contactos con distintas Institucións galegas nas que a Filosofía podería ter presenza: o Consello da Cultura Galega, a Fundación Granell, o Grupo Parlamentario do BNG, o Valedor do Pobo ou a Fundación Penzol foron as primeiras, sumándose algunhas no curso 2021-2022 como a Editorial Hércules ou o Museo do Pobo Galego. Aqueles primeiros contactos foron consolidados na "articulación de convenios con distintas Institucións e empresas para formalizar unha oferta de prácticas externas para o alumnado", que aínda estando esta posibilidade contemplada na Memoria para a Verificación do Título (MVT), constituíuse como un forte compromiso para todos nós, convencidos de que a realización de prácticas incrementa o valor das titulacións e facilita certa experiencia laboral aos nosos egresados/as. No curso 2018/19, unha vez superado o proceso de revisión da Asesoría Xurídica da USC e das diferentes Institucións participantes, conseguimos concretar aqueles Convenios nunha proposta de "Convocatoria de Prácticas" (AM3-PM 2018-19) que regulou a implementación desas Prácticas Académicas Externas no Plan de Estudos do Grao de Filosofía. Deste xeito, no curso 2018/2019 -por primeira vez- o estudiantado de terceiro e cuarto curso tivo xa a opción de realizar as Prácticas Académicas Externas (PAE). As PAE tiveron unha gran acollida por parte do noso alumnado que se traduciu nunha plena matrícula de todas as prazas ofertadas e obtivo unha

“taxa de éxito” do 100% (INF 17 2018-19) e unha alta valoración de satisfacción por parte do alumnado participante das mesmas dun 4,11 sobre 5 puntos (IN19G 2018-19) e de 4,83 puntos por parte dos/as titores/as externos (IN20G 2018-19) e de 4,88 puntos por parte dos/das titores/as académicos/as (IN21G 2018-19). Seguindo esta excelente acollida o Centro tiña preparada a Convocatoria das mesmas para o curso 2019/20, mais as peores circunstancias da pandemia durante os meses de marzo a xuño, xusto no segundo semestre cando se desenvolven as PAE, imposibilitaron a súa realización tanto polo confinamento domiciliario como polas Instrucións sanitarias da USC e das autoridades sanitarias da Xunta de Galicia e do Estado.

No curso **2020-21** aínda non se puideron retomar as PAE, consonte ao establecido pola USC, aplicando as medidas sanitarias recomendadas a través do seu Comité COVID. Dado que non se puideron levar a cabo non existen para estes cursos 2019-20 e 2020-21 datos dos indicadores antes mencionados de satisfacción dos estudantes cas PAE (**IN19G**), nin de satisfacción dos titores, tanto académicos como externos, das mesmas (**IN21G** y **IN20G**, respectivamente). O **IN22G** que reflicte a “porcentaxe de estudantes egresados que fixeron as Prácticas ao longo dos seus estudos” si arroxa unha tendencia á alza, polo seu carácter retrospectivo, pois cando se ofertaron foron solicitadas todas as prazas. Con todo, aínda que o Centro, neste curso **2020-2021**, atendendo ás recomendacións da USC, non levou a cabo a oferta das PAE, si traballou en todas aquelas tarefas que implican a recuperación das mesmas, trala súa fortuíta interrupción, e especialmente traballou en actualizar os convenios e incrementar as institucións inicialmente ofertadas. No curso 2021-2022 o Centro consegue volver a ofertar a convocatoria de PAE ao noso alumnado e, felizmente, volvemos a rexistrar unha plena matrícula das prazas ofertadas, atopándonos á espera de que a “taxa de éxito” e os índices de satisfacción dos grupos implicados (alumnado e titores académicos e externos) sexan tan notables como os recibidos na súa anterior edición de 2018-2019. O Centro está actualmente -no curso 2021-2022- a valorar a conveniencia dunha posible ampliación de prazas ofertadas nas PAE, segundo os datos que reflicten neste curso os indicadores IN19G, IN20G e IN21G.

Por último, cómpre sinalar que a Facultade de Filosofía permanece activa, receptiva e atenta ás diversas cuestións e informacións que teñan que ver co futuro da titulación e os elementos que poidan implicar espazos de mellora do Grao, en calquera dos seus aspectos.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Filosofía, como responsable da Titulación de Grao en Filosofía, constata que neste curso **2020-2021**, na mesma liña que nos cursos anteriores, os seguintes feitos:

- (i) A oferta das materias se corresponde estritamente ao establecido na memoria de verificación, sen ter realizado nin neste curso **2020-2021** nin en cursos anteriores ningunha importante modificación da mesma.
- (ii) O Desenvolvemento das actividades académicas, das metodoloxías docentes así como dos sistemas de avaliación, correspóndese, tanto neste curso **2020-2021** como en cursos anteriores, co establecido na memoria de verificación e nas Guías Docentes das súas materias o que permite a consecución das competencias.

Podemos observar o cumprimento destas consideracións a través dunha análise dos catro eixos nos que se desenvolven:

- A) O Plan de estudos.
- B) O desenvolvemento das actividades académicas.

- C) O tamaño dos grupos nas actividades formativas.
- D) O plan de mobilidade.

A) O plan de estudos desenvolveuse con normalidade seguindo a oferta das materias prevista na Memoria de Verificación do Título (MVT). A oferta de materias do Grao de Filosofía no curso **2020-2021** correspondeuse de xeito estrito co establecido na MVT, do mesmo xeito que o ven facendo durante o último sexenio. De feito, o último (e único) precedente de variación deuse no pasado, nos cursos 2013-14 e 2014-15 nos que se intercambiaron dúas materias de semestre, o que foi aprobado polas instancias de Xestión da Organización Docente da USC (VOAP) con previa motivación xustificada polo Centro. Desde o Centro buscou a optimización dunha mellor distribución por semestre do encargo lectivo do PDI, nun contexto de numerosas xubilacións suxeitas entón á taxa de reposición cero. Aquelas modificacións foron daquela consignadas no Informe de renovación da Acreditación e valoradas sen observacións negativas no mesmo.

Desde entón, nos últimos seis cursos 2015-2021 non se produciron cambios importantes (a excepción das motivadas e esixidas polas garantías sanitarias da COVID), adaptando as posibles necesidades ás vías que contemplan as diferentes normativas que rexen con carácter previo ás propostas de cambios substanciais:

(i) no curso 2018-19, malia ter recibido algunha solicitude de modificación, a Xunta de Facultade considerou desestimada considerando que primeiro se debían esgotar todas as posibilidades de acción que permite o POD antes de acudir á modificación de PDA, dando unha clara mostra de que os mecanismos de coordinación xunto coa Normativa da USC contribúen a un axeitado desenvolvemento do Título. No curso 2021-2022 tramitouse na Comisión de Calidade e Grao e na Xunta de Facultade a solicitude dun docente do Centro de incorporación dunha nova materia optativa en substitución doutra xa existente. Ao igual que nas anteriores, a Xunta de Facultade decidiu desestimada entendendo que a materia a substituír tiña unha matrícula que estaba na media das outras materias optativas. Tamén o alumnado foi consultado, manifestando o interese en que non fose substituída a devandita materia optativa.

(ii) No curso 2019-20, a causa do Estado de Alarma e o correspondente confinamento domiciliario por mor da pandemia sanitaria COVID-19, non se puideron ofertar as Prácticas Académicas Externas (PAE) que foran implantadas por primeira vez no curso 2018-19, o cal non afecta tanto ao Plan de Estudos en si mesmo como ao seu desenvolvemento. Neste sentido, a causa destas restricións sanitarias e da imposibilidade manifestada polo Comité COVID da USC, non se puido desenvolver plenamente a AM2-PM2019/20 pola que se pretende actualizar as Institucións que formen parte do Programa de Prácticas e ter a posibilidade de aumentar o número de prazas das PAE, se o Centro o entende necesario, dada a plena matrícula que tiveron.

(iii) Esta Acción de Mellora foi, en consecuencia, recuperada e desenvolvida no curso **2020-2021** no que, se ben as limitacións sanitarias mantiveron a imposibilidade de desenvolverlas, si puidemos traballar desde o Centro na súa recuperación e lograr incorporar algunha Institución para a súa oferta na convocatoria de 2021/2022. No curso 2021/2022 as condicións sanitarias e a correspondente Instrución da Xerencia e das Resolucións Reitorais da USC permiten de novo a realización das PAE, polo que o Centro volve inmediatamente a ofertar a súa Convocatoria e neste curso, ao igual que na súa última edición (2018-19) volvemos a rexistrar a plena matrícula das prazas ofertadas, polo que entendemos que o Centro debe abrir unha reflexión acerca da pertinencia de aumentar o número de prazas, toda vez que poidamos coñecer os correspondentes indicadores de satisfacción deste curso 2021-2022 (no 2018-19 rexistrou un 100% de taxa de éxito e 4,11 puntos sobre 5), xa que consideramos que a oferta de PAE constitúe unha apreciable "actualización" (6 créditos) do Título de Grao en Filosofía no que toca a súa oferta de materias e contribución á visibilización das saídas profesionais da Titulación.

B) O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, así como sistemas de avaliación, no que toca ao curso **2020-21** desenvólense nun progresivo proceso de "recuperación" e tendencia de volta á normalidade coa que se viñan realizando antes da pandemia da COVID, padecida con gran incidencia no curso 2019-2020 no que constatamos unha importante alteración do desenvolvemento docente e de avaliación, especialmente durante o segundo semestre: a transformación do habitual desenvolvemento presencial en actividade online, dado o fito histórico do confinamento domiciliario decretado polo Estado de Alarma a causa da pandemia sanitaria. Isto imposibilitou tanto ao PAS, como o PDI como ao Estudantado poder asistir presencialmente ao Centro para desenvolver do xeito habitual as súas

respectivas funcións e actividades. Se ben o segundo semestre de 2019-2020 foi unha fortuíta e radical transformación das metodoloxías habituais que pasaron obrigatoriamente a ser desenvolvidas baixo a non-presencialidade, o curso 2020-2021 desenvolveuse, fundamentalmente, nun escenario dominado pola semipresencialidade.

Ao longo do presente Informe iremos detallando, nos seus respectivos apartados, as principais accións de adaptación (a estas excepcionais circunstancias) das actividades docentes, académicas e de administración que se activaron desde a USC, o Centro e o Departamento. E avanzamos que como consecuencia das mesmas e, por suposto do enorme e xeneroso esforzo, colaboración e compromiso de todos os sectores implicados -PDI, PAS e Estudantado- podemos constatar que a situación está volvendo lentamente á normalidade (durante o curso 2021-2022) sen que os Indicadores de calidade e do funcionamento da Titulación sufriran cambios notables, mantendo en xeral uns elevados parámetros de calidade. De feito, os resultados e desenvolvemento docente das distintas materias, aínda neste réxime de semipresencialidade, foron -como corresponde ao protocolo de Coordinación do Centro- obxecto de análise e valoración por parte dos Coordinadores de Curso (que recibiron a información -estadísticas de avaliación, comunicación de elementos disfuncionais e/ou suxestións de mellora- por parte do PDI e do Estudantado acerca do desenvolvemento do mesmo) e que foron finalmente elevadas, con resultado positivo, no Informe final de Coordinación realizado anualmente polo Coordinador de Grao (publicado no apartado de Coordinación habilitado no Campus Virtual).

O Centro ven realizando durante o último sexenio un esforzo no ámbito da Coordinación que afecta directamente á mellora e homoxeneización dos Programas e das Guías Docentes de todas as materias da Titulación. Malia que non consta como obriga por parte da USC a realización da Guía Docente, no noso Centro existe unha Guía Docente para cada materia, complementando o seu Programa, e ademais atópanse á disposición de todo o alumnado (mesmo do noso potencial alumnado) na páxina Web da Facultade, favorecendo así a información e transparencia da nosa Titulación. No curso 2016-17 introducíranse melloras nas Guías Docentes no que respecta especificamente á formulación de competencias e á especificación dos sistemas de avaliación. No curso 2017-18 continuamos con este estándar de mellora, de xeito que en todas as Guías Docentes se especifica a correspondencia entre as Competencias e a Avaliación practicada e mesmo se introduciu unha formulación específica relativa ao sistema de avaliación do alumnado obxecto de dispensa de asistencia académica. No curso 2018-19 consolidamos este procedemento no funcionamento habitual do noso Centro e así se aprobou tamén no curso 2019-20, que ao seren aprobadas previamente á irrupción da pandemia sufriron importantes "adaptacións" ao devir dos acontecementos. No curso 2020-2021 o Centro decidiu a conveniencia de non realizar Guías Docentes para ese curso dadas as circunstancias excepcionais. Tanto a Comisión de Calidade e Grao como a Dirección de Departamento e o Decanato entenderon que, dada a gran imprevisibilidade coa que iría a desenvolverse o curso era mellor non multiplicar información programática para evitar crear confusión no alumnado caso de que o curso volveuse a presentar severas interrupcións ou modificacións. Considerouse desde o Centro que resultaba moito máis prudente que, diante das excepcionais circunstancias, se ofertaran unicamente os Programas das materias, que incluso estes tiveron que ser aprobados durante o confinamento e posteriormente modificados para recoller un aumento de información dos diferentes escenarios posibles nos que podería discorrer o curso e a súa adaptación ao sistema de avaliación de cada materia. Cómpre lembrar que a confección dos Programas tivo que ser feita durante o confinamento, asumindo os problemas de "comunicación" e participación de todo o profesorado, o que reforzou a decisión colectiva de non realizar para ese curso as Guías Docentes. Con todo, consideramos que o cumprimento dos parámetros comprometidos das materias no Programa e as adaptacións que tiveron que ser realizadas contribúen directamente na xeral "Satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (IN46G) que neste curso 2020-21, aínda tendo en conta as circunstancias tan excepcionais, segue ascendendo e se sitúa en 3,78 sobre 5 marcando unha lixeira tendencia á alza, o que resulta un dato que estimamos positivo na medida en que consolida esta tendencia de mellora desde o 3,45 do curso 2014-15.

Sen prexuízo tanto dos acertos como dos elementos mellorables neste proceso de adaptación que, motivados pola pandemia, tivemos que "realizar contrarreloxo" e entre todos (desde a USC como Institución, Centro, Departamento ata cada un dos PDI e estudantes que forman parte da Institución), entendemos que, en xeral, o correcto desenvolvemento das actividades académicas, malia seren afectadas por este réxime de semipresencialidade, tradúcese nunha positiva "taxa de éxito" (IN35G) que neste curso 2020-21 se sitúa nun 87,88%, (por debaixo do excepcional 92,10% do curso 2019-20 motivado probablemente pola enorme "flexibilidade" dos sistemas de avaliación non-presencial) e na media do último quinquenio sempre por encima do 85% en liña coa media da USC e da gran Área de Humanidades. Malia as difíciles

circunstancias sanitarias do contexto, esta taxa amosa que o noso alumnado, cando se presentan a súa avaliación -neste curso aberta a sistemas de semipresencialidade (na maioría das materias da titulación- a meirande parte a superan con bos resultados.


Taxa de éxito (IN35G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	74,34	79,35	77,87	84,05	90,26	85,95
2º curso	86,82	86,53	88,80	89,40	92,26	88,14
3º curso	91,20	93,63	87,64	91,44	91,69	86,00
4º curso	92,31	93,59	91,88	89,89	95,33	94,28
Sen asignación a curso	100,00	92,41	100,00	100,00	100,00	100,00
Total (%)	84,60	86,62	84,39	87,99	92,10	87,88

En liña con este aceptable resultado, cómpre tamén reivindicar o correlativo crecemento da "taxa de eficiencia" (IN53G) que dá mostra do axeitado desenvolvemento –a pesares das circunstancias- do Plan Académico do Centro na súa oferta e do esforzo do estudiantado pola superación na avaliación das materias nas que se matricula:

Taxa de eficiencia (IN53G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	85,00	93,12	80,22	88,33	89,03	91,62



Consecuentemente, tamén marca un ha tendencia interanual á alza a "taxa de avaliación" (IN36G) que neste curso 2020-2021 ascende e se sitúa nun 83,10 % con respecto ao 77% nque se atopaba nos cursos anteriores (2015-2019) e lixeiramente por debaixo do 85% rexistraco no 2019-2020, no que precisamente os procesos de avaliación a distancia se aplicaron de forma flexible, seguindo as instrucións da Secretaría Xeral da USC, para afrontar as condicións extraordinarias da pandemia. A tendencia desta taxa inc ica que interanualmente crece o número de alumnos/as que se presentan as materias nas que formalizan a súa matrícula (é dicir, que o número de "Non presentados" tende a descender):

Taxa de avaliación (IN36G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	68,17	70,14	71,31	68,70	81,81	80,07
2º curso	80,63	86,75	88,91	81,69	86,44	81,17
3º curso	84,97	90,94	76,74	88,88	88,60	87,40

4º curso	80,92	83,00	81,41	75,03	88,81	87,56
Sen asignación a curso	73,33	100,00	76,00	100,00	96,84	89,24
Total (%)	76,66	79,92	77,67	77,01	85,66	83,10


Entendemos que existen, cando menos, dous factores importantes nesta mellora interanual: creemos que axudou a aplicación do “protocolo de prelación de exames na coincidencia de avaliación” que foi aprobada polo Centro no PM2019-20 (AM3) respondendo á demanda do estudantado ante a coincidencia de exames, pero sobre todo, entendemos que axudou –especialmente durante a etapa máis difícil da non-presencialidade e semipresencialidade- a adaptación dos sistemas de avaliación a modalidades online virtuais ou semipresenciais que foron empregados pola práctica totalidade do profesorado. Isto contribuíu, sen dúbida, a aumentar o número de estudantes que presentaron os materias académicos necesarios para seren avaliados ou que cumpriron cos sistemas de avaliación virtual e consecuentemente melloran as taxas anteriormente descritas. Cómpre lembrar, así mesmo, que no curso 2019-2020 a USC, por Resolución Reitoral, garantía cando menos a cualificación da media do expediente do alumno/a no caso de que a cualificación recibida fora de aprobado, aínda que esta resultara ser inferior á nota media do seu expediente académico. No curso **2020-2021** esta medida non foi de aplicación, pero si foi obviamente de aplicación a obrigatoriedade de aumentar datas de avaliación para que todo aquel alumnado afectado pola COVID tivera opción a ser avaliado. Tamén existiron medidas que contribuíron ao éxito e avaliación dos TFG que se viron afectados nun dobre sentido: por un lado, a creación en 2019-2020 (AM4) por parte do Centro dun Grupo de Traballo que analizase a conveniencia de asignar un valor porcentual ao informe do titor no proceso de avaliación que garantira unha maior seguridade de avaliación ao alumnado (tal e como finalmente se fixo e se aprobou pola Comisión de Calidade e Grao, pola Xunta de Facultade, e pola Secretaría Xeral da USC) e, por outro lado, a extraordinaria Resolución Reitoral da USC que, emitida en 2019-20 e tamén de aplicación no **2020-2021**, estableceu que -a causa das medidas sanitarias- a defensa dos TFG ante as Comisións de Avaliación deberían facerse de xeito telemático e unicamente se a cualificación do titor era superior a 8 puntos, sempre que o alumno/a aspirase a unha maior cualificación. Entendemos que estas medidas aplicadas ao TFG (así como tamén ao TFM en 2019-20) non só contribuíron á mellora da “taxa de avaliación” e da “taxa de éxito” da Titulación senón que tamén, correlativamente, melloraron o índice de “duración media dos estudos” corrixindo de 5,2 anos (2018-19) a 4,5 anos en **2020-2021** e situándoo nos parámetros establecidos na MVT. Consideramos que este sistema de avaliación acortou os prazos que o alumnado de último curso adoita dedicar ao TFG e ademais facilitou que o alumnado do resto de cursos se presentase en maior número á avaliación das materias nas que se matriculou.

Porén, malia a estes elementos positivos (taxa de éxito / taxa de avaliación) que manifestan un crecemento, cómpre sinalar que segue a haber dous indicadores –correlativos á “taxa de éxito” e “taxa de avaliación”- a vixiar algo máis de preto: a “taxa de graduación” (IN37G) e a “taxa de rendemento” (IN34G):

(i) A taxa de graduación: que certamente neste **2020-2021** experimentou un fortísimo crecemento (chegando case a duplicarse) para situarse aínda así no 52,9%, e que confiamos siga marcando esa forte tendencia de crecemento. Trátase, con moita diferenza, do mellor dato do sexenio, o que implica que cada vez o noso alumnado é máis capaz de rematar os seus estudos no tempo previsto. Aínda así, o dato reflicte que podemos seguir a mellorar neste capítulo.

Taxa de graduación (IN37G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	14,71	25,00	42,86	28,21	30,43	52,94



Consideramos que a tendencia de mellora manifestada por este índice resulta correlativa á corrección que mostra así mesmo a taxa de rendemento -especialmente de cuarto curso- e, a súa vez, unha consolidación do índice de "Duración media dos estudos" (IN38G) en 4,57 anos, baixando dos cinco anos marcados en cursos anteriores e consolidándose na duración contemplada na Memoria de Verificación do Título (MVT) para cursar os créditos correspondentes ao Plan de estudos de Grao en Filosofía. Aínda a pesar desta subida, entendemos que o índice dá a oportunidade para continuar nese espazo de mellora xa que segue a ser obxectivamente baixo 52,9% e especialmente en relación ao índice da USC que se sitúa no 62%. Se ben a duración media dos estudos no noso Centro é de 4,57 e por tanto mellor que os 5,07 que rexistra a USC para o conxunto dos seus Centros. Consideramos que probablemente contribuíu nesta tendencia á alza a AM6-PM2017-18 que corrixiu "o retraso na presentación dos TFG que debería ter lugar, con carácter xeral, durante o cuarto curso", recollendo -por medio de enquisas deseñadas concretamente para isto a través da Acción de Mellora- "información sobre este grao de dilación que se producía". Seguindo a información destas enquisas, procedeuse no curso 2018-19 á articulación de novos prazos para a elección das liñas temáticas dos seus TFG e a insistir no recordatorio a todos os titores da importancia do cumprimento do "cronograma" fixado para a realización do Traballo, recordando asemade que o seu proxecto non pode superar o encargo lectivo do estudante fixado nesa "materia" (AM05-PM2018-19). Continuando nesta liña de traballo, no curso 2019-20 aprobamos unha maior incidencia do informe do titor na avaliación total dos TFG (AM4-PM2019/20) buscando así reforzar a seguridade do alumnado na presentación do seu TFG nos tempos previstos. Neste curso 2020-2021 continuamos mellorando o que rodea aos TFG aprobando a posibilidade de establecer unha Co-titorización do mesmo no caso de que se estime oportuno por parte da Comisión e se facilite así o seu desenvolvemento, sempre condicionado a que exista capacidade de encargo docente na área (AM5-PM2020/21). Sen dúbida, este plan de conxunto de accións sobre o mesmo capítulo e estendidas no tempo axudaron a progresiva mellora que vai rexistrando este indicador de "taxa de graduación" reflectindo que cada vez son máis os alumnos/as que acadan a súa titulación no tempo establecido: 52,9%, dos que o 29,4% remataron exactamente en catro anos ou mesmo antes, mostrando o grao de eficiencia dun sector do alumnado e da actividade académica da titulación, tal e como reflicte a "taxa de idoneidade na graduación" máis alta do último sexenio (IN51G).

(ii) A taxa de rendimento: Neste curso 2020-2021 é de 73% e mostra un satisfactorio crecemento interanual, marcando unha clara tendencia á alza durante o último sexenio, aínda que entendemos que queda espazo para seguir mellorando esta tendencia e, de feito, resulta algo máis baixo que o do ano anterior (78%) dado que se tratou daquela dun ano no que os créditos que superaron os estudantes verbo dos que se matricularon tendeu a ser notablemente alto dada a adaptación, virtualización e "flexibilidade" dos procedementos de avaliación que se efectuaron na Titulación e na USC en xeral, que por Instrución da Secretaría Xeral, consonte ao recomendado polo Comité COVID, promoveu procedementos de "avaliación a distancia" e a multiplicación de datas de avaliación, entre outras medidas.

Taxa de rendimento (IN34G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	50,68	55,66	55,53	57,74	73,84	68,83
2º curso	70,00	75,06	78,96	73,03	79,75	71,55
3º curso	77,49	85,14	67,25	81,27	81,24	75,16

4° curso	74,69	77,68	74,80	67,44	84,66	82,55
Sen asignación a curso	73,33	92,41	76,00	100,00	96,84	89,24
Total (%)	64,86	69,22	65,55	67,76	78,89	73,03

Entendemos que aínda cabe recorrido de mellora na "taxa de rendemento" (IN34G), mais presenta unha tendencia ascendente ao longo dos anos verbo da media do último sexenio (68%). Neste sentido, creemos que as accións anteriormente descritas poden estar a dar resultados satisfactorios mesmo nun curso tan "excepcional" como foi este, sometido ás durísimas restricións sanitarias. Probablemente, a subida do índice no curso 2019-2020 foi debida en parte á "flexibilidade" da adaptación dos procesos de avaliación -xa sinalados- que implantamos a causa do confinamento domiciliario, e neste curso **2020-2021**, inseridos nun sistema xa de semipresencialidade, tendemos a volver cara valores máis habituais. Con todo, aínda que no noso Centro existe un comportamento interanual á alza, insistimos en que o valor rexistra un espazo de mellora e de feito resulta inferior ao 80,9% que ten o conxunto da USC. Cómpre sinalar que esta "taxa de rendemento" tendería a mellorar na medida en que lográramos optimizar os resultados de primeiro curso (68%) –que presenta datos sensiblemente inferiores ao resto de cursos- e correlativamente corrixir a alta "taxa de abandono de primeiro curso". De feito, con vistas a corrixir este dato de primeiro curso, o Centro incorporou medidas -xa sinaladas- que tenden:

(a) A ir reducindo os "non presentados" nos procesos de avaliación que son o 20%. Segundo a taxa de avaliación (IN36G) que rexistra este curso **2020-2021** o 80% do noso alumnado de primeiro curso se presenta aos créditos nos que se matricula e sube desde valores sensiblemente inferiores en anos anteriores: 68,7% (2018/19).

(b) A ir consolidando, consecuentemente, a crecente "taxa de éxito" (IN35G) que se sitúa no 87,8%, o que significa que cando o alumnado se presenta aos procesos de avaliación tende a superar a materia (tal e como ademais pode comprobarse no Informe de cualificacións desagregados por materias do plan de estudos (INF15 e INF17) nos que, salvo contadas excepcións, non constatamos desviacións notables.

A este respecto é preciso lembrar o enorme esforzo realizado, tanto por parte do estudantado como do PDI do Centro na adaptación -tanto á virtualidade total como á semipresencialidade- das metodoloxías de ensinanza/aprendizaxe así como de avaliación, acomodándose a unhas circunstancias que podían variar en calquera momento segundo a evolución da pandemia. Consideramos que, máis alá do acerto das medidas tomadas, foi sen dúbida esta actitude proactiva do PDI, do PAS e do Estudantado o que na base constituíu a mellora destes índices. Así, por exemplo, debemos subliñar que de feito absolutamente repentino, no segundo semestre do curso 2019/20, e sen formación específica previa nin dotación orzamentaria específica, todos tivemos que adaptar cada unha das nosas metodoloxías e actividades docentes -foran expositivas, interactivas ou titorías- á máis estrita non-presencialidade, e implementar en consecuencia o uso de ferramentas virtuais como o Ms-Teams e outros semellantes, acaídos para a docencia *online* e o desenvolvemento das actividades prácticas a distancia. Dalgún xeito, tivemos que converternos "contra-reloxo" e sen formación específica previa nunha "adaptada universidade virtual". Unha práctica docente e de xestión enteiramente a distancia que foi reconducida no curso **2020-2021** cara a semipresencialidade, unha vez levantado o decreto de confinamento domiciliario, pero mantemento medidas de distanciamento físico que tiveron implicacións de gran incidencia na nosa actividade docente e de xestión, entre outras:

- (i) A modificación (redución drástica) dos aforos dos espazos do Centro e a correspondente multiplicación de aulas para poder impartir docencia a través do sistema de "aula espello";
- (ii) A adaptación de espazos como o Salón de Actos reconvertido en Aula;
- (iii) A imposibilidade de uso dos despachos como espazos de titorías;
- (iv) A limitación de puntos de estudo na Biblioteca;
- (v) A limitación de aforo na Sala de Xuntas que conlevou a semipresencialidade, non só das actividades docentes, senón tamén de xestión das propias Comisións e Órganos do Centro.

Comezamos o curso **2020-2021** neste réxime de semipresencialidade que finalmente e baixo unha gran incerteza estendeuse durante todo o curso a excepción dun mes (do 27 de xaneiro ao 26 de febreiro) no que as restricións de mobilidade entre Concellos volveron ser obrigadas, conforme á Instrución da Xerencia emitida o 27 de xaneiro pola que pasaron de novo "ao nivel de restricións máximo limitando a mobilidade xeral da poboación" e que non foi flexibilizada ata o 26 de febreiro 2021. Todo o curso **2020-2021** discorreu no réxime de semipresencialidade e mesmo foi así durante o primeiro mes e medio do curso 2021-2022.

No segundo semestre do curso 2019-2020, o Centro tivo que afrontar con limitadísimas capacidades orzamentarias todo o proceso de adaptación da ensinanza a sistemas *online* que se mantiveron durante o primeiro semestre do curso **2020-2021**, ata que a inicios do segundo semestre dese curso recibimos unha pequena partida orzamentaria específica que

nos permitiu mellorar a funcionalidade tecnolóxica nas aulas para impartir a docencia a distancia e semipresencial, adaptar a habitabilidade dos espazos de tránsito e comúns do Centro así como a funcionalidade dos espazos docentes e de xestión cara a un obrigado distanciamento físico interpersoal. Todo iso permitiu o desenvolvemento da docencia en réxime de “semipresencialidade” a través de “aulas espello” para que todo o alumnado -con independencia dos seus recursos tecnolóxicos e económicos- puidera seguir as sesións docentes desde o propio Centro. Neste sentido, o decanato pasou una enquisa aos estudantes do Centro a finais do segundo semestre do curso 2019/20 para coñecer os medios tecnolóxicos, condicións económicas, medios para o estudo nos domicilios e conexión a internet, grao de afectación familiar pola COVID-19, entre outros aspectos, que tiñan os estudantes para seguir a docencia a distancia. Estes datos aconsellaron ao equipo de dirección do Centro á implantación da modalidade de “Aulas Espello” no propio Centro para que os estudantes, con independencia dos seus medios, puideran seguir a docencia no curso 2020/21. A mellora dos medios tecnolóxicos permitiu, asemade, o desenvolvemento da xestión académica a través da asistencia telemática ás reunións dos Órganos da Facultade. Tamén a finais do curso 2019-2020 e principios do curso 2020-2021 foi cando a USC comezou a impartir Talleres específicos para o PDI sobre o manexo das ferramentas das Plataformas de docencia virtual e, especialmente no curso 2020-2021 impartiron o curso de formación no manexo da tecnoloxía instalada nas aulas (cámara de alta definición e control remoto xunto con equipos de son interconectados entre aulas). A maiores, o decanato promoveu para o PDI do Centro un curso organizado polo Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA), dentro do Plan de Formación e Innovación Docente sobre Ferramentas para o manexo do Campus Virtual e MS-Teams. Foi moi importante o esforzo de adaptación que cada docente fixo das súas metodoloxías e actividades docentes a estes sistemas, a estes soportes e a este réxime de semipresencialidade, co propósito de que todo o alumnado puidera seguir a participar da aprendizaxe e da avaliación do curso. Neste sentido, é preciso lembrar que, a petición do Centro e do Departamento, todos os docentes incluíron nos Programas das súas materias a descrición dos “tres escenarios docentes” posibles que podían producirse (establecidos pola USC: normalidade, semipresencialidade con distanciamento, e non presencialidade en confinamento), de xeito que cada docente estableceu no seu Programa a adaptación da súa metodoloxía a cada un deses posibles escenarios, así como do seu sistema de avaliación correspondente en cada un deles, e sempre sen prexuízo do alumnado. O curso 2020-2021 aconteceu baixo o escenario dous: semipresencialidade con distanciamento. O Centro decidiu prudentemente non activar as Guías Docentes correspondentes ao curso 2020-2021 dadas as imprevisibles circunstancias sanitarias que podían xerarse e os diferentes “escenarios” contemplados nos Programas, coa finalidade de evitar multiplicar información que podería ser obxecto de constante adaptación e que puidera causar confusión entre o alumnado. As mesmas foron recuperadas para o curso 2021-2022, dado que as circunstancias tendían xa cara a “volta á nova normalidade” e o compromiso do Centro na oferta de información extensa acerca das metodoloxías e avaliación de cada materia. Con todo, no seo da Comisión de Calidade e Grao abriuse un debate acerca da conveniencia da súa continuidade dado que agora os Programas son máis extensos e precisos que naqueles cursos nos que o Centro implementara a realización das mesmas e, ao parecer dalgúns docentes, trátase dunha repetición e multiplicación de información.

No curso 2020-2021, aínda tendo en conta as absolutamente excepcionais circunstancias de confinamento e de semipresencialidade e os esforzos de adaptación do PDI, PAS e Estudantado ás mesmas para continuar coa actividade docente e de xestión, o Centro continuou:

- (i) A aplicar o seu protocolo de Coordinación, realizando igualmente os seus informes de coordinación de cursos e o seu Informe final de Coordinación de Titulación de Grao, nos que a pesar de recoller todo este proceso de adaptación, non se rexistraron, salvo excepcións, situacións que impidiran esta mellora xeral de indicadores.
- (ii) A realizar os Autoinformes de seguimento das súas Titulacións e a correspondente memoria de Calidade do Centro, ademais de asumir a realización do Plan Estratégico Ponte e a actualización do Manual de Procesos e Procedementos do Centro, cumprindo coas esixencias da Área de Calidade da USC.
- (iii) A elaborar unha crónica informativa destas excepcionais circunstancias no Boletín Informativo da Facultade de Filosofía “Acontece” (nº 7).

En xeral, tanto o esforzo do estudantado como do PDI e do PAS, nun contexto tan excepcional e complicado, foi satisfactorio e adecuado para o correcto funcionamento académico e de xestión do Centro e da Titulación de Grao, atendendo á consolidación dos índices de calidade nuns parámetros moi semellantes aos do curso anterior e nunha clara tendencia á alza marcada durante o último sexenio. Consideramos, en consecuencia, que os procedementos de adaptación desenvolvidos polo Centro e o grande esforzo realizado por parte de todos os seus sectores implicados -PDI, PAS e estudantado- por adaptar as súas actividades a esa constante de semipresencialidade, cumpriron de xeito satisfactorio, aínda con todos os seus posibles espazos de mellora.


Por último, consideramos que entre o conxunto de indicadores favorables e en crecemento, existe un indicador menos satisfactorio para Titulación: a “taxa de abandono”(IN41G). Prova desta necesaria autocrítica é que no Plan de Melloras

2020-2021, correspondente ao Grao, observamos que catro das cinco accións de mellora foron deseñadas para abordar este tema, aproximarnos as súas posibles causas e ver se a medio prazo logramos ir corrixindo este índice.

Entendemos que historicamente existe un elevado índice de abandono da titulación que presenta unha media do 48% no último sexenio. En concreto a “taxa de abandono” no curso 2020-2021 (IN41G) é de 39% (do que o 29% se produce no primeiro curso). Somos conscientes de que se trata dun dato a mellorar, especialmente tendo en conta que a media de abandono na USC é de 22%, mais tamén cómpre ter presente que a taxa presenta unha sensible mellora verbo do curso pasado e vai afortunadamente consolidando unha clara tendencia decrecente, como pode verse no gráfico:

Taxa de abandono (IN41G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	64,71	50,00	34,29	43,59	45,65	39,22



Cómpre, ademais, salientar que, dese 39% de abandono, o 29% prodúcese en primeiro curso e por iso entendemos que sería positivo actuar especialmente no mesmo, o cal presenta no último sexenio unha media que constitúe o 25% do abandono que ten a Titulación: .

A taxa de abandono, aínda que amosa unha tendencia interanual de boa corrección, encontramos que se trata dun rexistro mellorable, que se sitúa sensiblemente por encima da media da USC (22%). Con todo, a titulación de Grao en Filosofía da USC resulta similar ao índice doutras Facultades de Filosofía de España que, segundo se ten reparado na Conferencia de Decanos do 13/02/2019 a "taxa de abandono" nas titulacións de Filosofía presenta unha media do 35% sendo unha constante compartida en todo o sistema universitario español. Mais o noso Centro pretende abordar un proceso previo o de análise da taxa de abandono que pasa rimeiro pola identificación directa das principais causas da mesma e, en consecuencia, plantea a AM3.PM2021/2022.

O actual índice de abandono (39%) mostra unha clara tendencia á baixa tomado no último sexenio, pero esta tendencia resulta moi leve no último trienio. Somos conscientes de que nos atopamos ante unha referencia que resulta mellorable, mais tamén que se trata dun índice moi enquistado neses valores durante moitos anos (recordemos que entre 2015-2017 era do 64% e 50%) e, en consecuencia, debemos comprender que esta tendencia de mellora que se está constatando tardará en consolidarse e amosar bos resultados nun medio-longo prazo. As Accións de Mellora e iniciativas implementadas, coa intención de reverter este indicador, non poden corrixir de golpe uns valores de longa tradición, tendo en conta ademais que algunhas desas Accións non poden desenvolverse de xeito íntegro nas excepciónais circunstancias da pandemia sufrida moi especialmente nos cursos 2019-2020 e 2020-2021, asumindo non só as dificultades de desenvolvemento das mesmas nun contexto que contou xa de seu cun desenvolvemento excepcional senón tamén asumindo lexitimamente cunha certa “relatividade” os datos específicos deses dous cursos seriamente afectados pola pandemia.

Conscientes deste índice a Comisión de Calidade e Grao deseñou, nos seus Plans de Mellora destes últimos cursos, algunhas Accións encamiñadas, directa ou indirectamente, a tentar corrixir esta tendencia:

(i) No curso 2017-2018 (AM3-PM 2017-18) ofertáronse dous cursos formativos en competencias propias da nosa titulación

("Competencias en información na contorna dixital" e "Técnicas de perfeccionamento da comprensión textual e expresión escrita"), cos que intentamos reforzar competencias básicas no noso alumnado e favorecer a "taxa de rendemento" que entendíamos era unha das principais causas de abandono. Coidamos ter atinado na medida en que, nos sucesivos cursos, a mellora da taxa de rendemento foi correlativa a mellora da taxa de abandono.

(ii) No curso 2018-2019 comprobamos que a boa dirección desta iniciativa (centrada fundamentalmente no alumnado de primeiro curso) podía ser complementada reforzando o "programa de titorías personalizadas" de tal xeito que a cada alumno/a de primeiro curso lle foi asignado un profesor-titor que tiveran como referencia para tratar todas aquelas cuestións de (in)satisfacción coa Titulación que excederan das competencias académicas dos profesores de curso.

(iii) No curso 2019-2020 actuamos nunha dobre dirección:

(a) Coa AM3-PM2019/20 aprobamos un protocolo de prelación na coincidencia de exames de avaliación de xeito que demos prioridade á avaliación das materias de Formación Básica e dese xeito tentamos que o alumnado conseguira non ir acumulando materias dos primeiros cursos e ir evitando así incompatibilidades de asistencia ás clases que iso implicaba e que sen dúbida, entendemos que un alto número de suspensos ou non-presentados é unha das causas de abandono do título, polo que o Centro promoveu esta Acción de mellora tendente a corrixir indirectamente o índice de abandono actuando de forma directa na mellora dos índices de avaliación e de rendemento.

(b) Coa AM5-PM2019/20 reforzamos a iniciativa do curso anterior e desde o Centro, no Acto de Presentación, procedemos a informar de forma máis detallada acerca do Programa de titorías personalizadas e ao inicio do curso enviamos correo electrónico a todo o alumnado de primeiro curso no que se lle informa do sentido do programa de titorías personalizadas, se lle facilitan os datos de contacto do seu profesor-titor e se insta ás partes para que concerten a correspondente titoría.

(iv) No curso 2020-2021 damos un paso máis neste dobre sentido:

(a) coa AM1-PM2020/21 tentamos identificar os problemas principais de materias que puideran presentar de forma recorrente nos anos unha anómala "taxa de rendemento" (en relación ao conxunto de materias da titulación) e que sen dúbida non axudan a reducir a taxa de abandono que poida deberse a imposibilidade de superar algunhas materias. Especificamente, esta AM1-PM2020-21 propón que o Coordinador de Grao contacte directamente cos docentes encargados de materias que presenten unha clara, anómala e mantida desviación de taxa de rendemento verbo da media das materias da titulación para o análise das posibles causas e a proposta por parte do docente de accións de mellora específicas. Esta Acción de Mellora aínda permanece aberta xa que consideramos que análise debe facerse tendo en conta unha serie de polo menos tres cursos e que obviamente eses cursos se desenvolvan libres de circunstancias tan excepcionais como as sufridas nos dous últimos anos que, sen dúbida, nos permiten "relativizar" algo os datos ofrecidos.

(b) A través de correo electrónico a todos os profesores-titores e alumnado de primeiro curso instamos a que desenvolvan o Programa de titorías personalizadas de xeito que logren facer unha titoría de presentación ao principio do curso e polo menos outra titoría de valoración no final do curso, na que o estudante poida transmitirle o que estime oportuno e o docente poida coñecer os posibles motivos dun potencial abandono. A través de correo electrónico invitouse a que os docentes comunicasen ao Coordinador de título no final do curso o máis salientable das entrevistas no que respecta a posibles causas de abandono e mesmo na AM3-PM2020/21 queremos incluír unha pregunta específica deste tema que sirva para que o profesorado participe o máis posible na transmisión da información.

Consideramos que este conxunto de iniciativas, estendidas no tempo, constitúe unha das causas da mellora na progresiva redución da taxa de abandono. Mais entendemos que isto debe de seguir sendo unha constante para nós e, precisamente, a través das titorías personalizadas, esperamos ir recollendo cada curso información máis precisa sobre as causas de abandono esgrimidas polo propio estudantado, (sen prexuízo das reflexións que criticamente realizamos os docentes) o que permitirá unha mellor análise da situación e propostas de accións de mellora máis específicas.

En definitiva, todas as medidas desenvolvidas ao longo dos últimos cursos teñen por finalidade -directa ou indirecta- tender a corrixir o índice de abandono cando este se produce debido a motivos académicos, de xeito que promovemos:

(i) A mellora das ensinanzas (oferta de PAE para mellorar a dimensión práctica e profesionalizante AM2-PM2019-20, que foi interrompida durante os cursos 2019-2021 por Instrución de Xerencia da USC a causa da pandemia COVID, pero que son de novo parte da oferta académica no curso 2021-2022; tamén abrimos a posibilidade de ofertar a co-dirección de TFG sempre que exista un enfoque transversal, que así o recomende o titor/a inicialmente asignado e que exista capacidade docente na área de coñecemento (AM5-PM2020/21).

(ii) A mellora das programacións e avaliacións das materias (aprobamos o protocolo de prelación de coincidencia de exames AM3-PM2019-20, a habilitación do sistema de avaliación para alumnado con dispensa de asistencia, a introdución de

valoración do informe de titor no TFG AM4- PM2019-20, e especialmente adaptamos os sistemas de avaliación durante o curso 2019-2020 á non-presencialidade e no curso **2020-2021** á semipresencialidade, tanto das materias como do TFG).

(iii) A mellora do protocolo de Coordinación do Centro (incorporamos por parte do coordinador de curso un calendario de actividades por cada curso para axudar ao alumnado na programación das tarefas e evitar unha excesiva concentración das mesmas ou a coincidencia en certas datas; favorecemos a asignación -na medida do posible- do alumno/a ao Grupo Interactivo que por horarios mellor se adaptaba ao seu expediente académico AM4-PM2020/21; recuperamos para o curso 2021-2022, unha vez implantada de novo a plena presencialidade, as reunións presenciais (síncronas) de Coordinación de curso para potenciar o diálogo entre o profesorado e favorecer a súa participación activa AM2-PM2020/21 e tentar obxectivar as súas achegas ao finalizar o curso AM3-PM2020/21).

Co sinalado, poñemos de manifesto que o Centro ven mantendo unha constante liña de traballo sobre algunhas das distintas causas de abandono que se veñen producindo na historia da nosa titulación, co propósito de ir revertendo esta tendencia a medio prazo, tal e como está xa a acontecer. Aínda así, e sen relativizar a importancia deste índice de abandono, entendemos (e así o trataremos no crit. 7 deste Informe) que a devandita taxa, non só pode ser debida á actividade académica do Centro, tendo en conta ademais que na súa máis alta porcentaxe se produce nun breve lapso de tempo e de permanencia do alumnado na Facultade (primeiro curso), canto tamén pode deberse a factores propios -mesmo persoais- e moi diversos do propio alumno/a. Tamén debemos ter en conta que a taxa de abandono non informa especificamente acerca da súa etiología, nin acerca das porcentaxes de cantos abandonos veñen motivados:

(i) Por un simple cambio de titulación (que podería de facto ser unha opción anterior na prioridade do alumno/a á opción de Filosofía -tendo en conta que o 83% do noso alumnado é de primeira opción, resta un 17% que se inscribe en Filosofía como segunda ou terceira opción e que de facto abandona se consegue entrar na súa primeira opción).

(ii) Por factores de carácter profesionalizante, dadas as urxencias económicas que poden padecer os estudantes, ou unha renuncia aos estudos universitarios en aras dunha Formación Profesional.

(iii) Por un aprazamento da opción de Grao en Filosofía ao que o estudante volve a rematar anos despois de realizar outra Titulación na procura dun segundo título complementario a súa profesión principal ou dunha titulación anterior (AM7-PM 2017-18).

Moitas poden ser as causas e o Centro está a traballar para tentar coñecerlas a través das Accións anteriormente descritas e, en consecuencia, proceder a súa análise e proposta de futuras Accións de Mellora. Con todo, entendendo o carácter moi diverso das posibles causas, as liñas de actuación do Centro están a ser plurais.

No curso **2020-2021**, dadas as circunstancias de semipresencialidade derivada á súa vez do confinamento e o carácter non presencial de todo o segundo semestre do curso 2019-2020, podemos recoñecer que o desenvolvemento das Accións de Mellora foi un tanto limitado e que están a ser executadas toda vez que se vai recuperando o habitual funcionamento do Centro. Cómpre lembrar que na maioría das mesmas as súas respectivas datas de finalización son amplas e esténdense ata finais de 2022, dado o carácter imprevisto do curso no que foron presentadas. Desde a Coordinación de Cursos, a Coordinación de Título e a Comisión de Calidade e Grao seguimos a considerar anualmente os principais Indicadores a través do Autoinforme de seguimento e do Informe final elaborado polo Coordinador de Grao.

Máis alá de todo o sinalado ata aquí e con ánimo de sintetizar as accións máis salientables deste período **2020-2021** dominado pola semipresencialidade -que iremos describindo ao longo deste Informe- podemos destacar sinteticamente as seguintes:

- A adopción do sistema de "aula espello" de tal xeito que procuramos que todo o noso alumnado, con independencia dos seus medios tecnolóxicos, puidera seguir directamente a docencia no Centro, ofrecéndolle unha aula e pupitre fixo na Facultade e garantindo as medidas de seguridade COVID vixentes en cada momento. Unha semana tería o docente na súa aula e na seguinte semana o docentes estaría na outra aula de xeito que todos os matriculados puideran seguir as clases desde a Facultade e ademais tiveran a presenza do docente nunha gran parte das sesións, tendo en conta que nas sesións interactivas todas elas (polo reducido tamaño dos grupos) foron xa presenciais. Este sistema tivo que implantarse como medida para activar a "semipresencialidade" (Escenario 2 da USC) que regulaba a obrigatoriedade de distanciamento físico interpersonal mínimo de 150 cm. Tal e como precisaremos no Criterio 5 do presente Informe foi importante o investimento en recursos materiais que o Centro tivo que asumir para afianzar este procedemento de adaptación.
- A multiplicación de aulas no número necesario para asumir a presencialidade de todos os nosos matriculados. Neste sentido, o Centro tivo que adaptar como espazos docentes o Salón de Actos e todos os seminarios do Centro. Isto implicou un custo orzamentario de adaptación para o Centro, pero foi un gran investimento tendo en conta que permitiu ofrecer ao noso alumnado a máxima presencialidade posible e os medios tecnolóxicos necesarios, con independencia das súas posibilidades económicas persoais.

- O curso desenvolveuse integramente baixo este sistema, que perdurou ata a metade do primeiro semestre do curso 2021-2022 no que o distanciamento físico interpersoal foi anulado e nos permitiu recuperar os sistemas de aulas habitual, aínda cos medios hixiénicos necesarios (máscaras, hidroxel...). Aínda así, cómpre lembrar que o gran problema do desenvolvemento das actividades nese contexto era, por suposto, o da pandemia, mais sempre coa dificultade engadida da incerteza da súa evolución. Tal é así que cómpre lembrar que entre xaneiro e febreiro de 2021 todos volvemos a ser obxecto dun confinamento, neste caso, de mobilidade reducida ao Concello no que habitamos, o que promoveu un pequeno retraso no inicio do segundo semestre e no caso do noso Centro unha obrigada rotación nas quendas do persoal de Conserxería.
- Implantación do sistema de asistencia virtual ás reunións de xestión do Centro (Xuntas de Facultade, Consellos de Departamento e diversas Comisións do Centro) dada a sinalada obrigatoriedade de distanciamento interpersoal que só permitía un aforo moi reducido -verbo do Claustro de Profesores- na sala de reunións e non poder traspasalas a outros lugares para evitar o efecto de "posible contaminación exponencial" de espazos, que naquel momento estaban todos dedicados á docencia.
- A adaptación radical das metodoloxías docentes e das actividades das materias a un sistema mixto de presencialidade e virtualidade -tanto pola aula espello como polos casos de confinamento domiciliario por contaxio. Non nos cansamos de subliñar o esforzo feito polos docentes e polo estudantado nesta liña. Cómpre subliñar que se ben as sesións expositivas funcionaron dun xeito máis uniforme, as sesións interactivas -dada a súa natureza de interacción- revestiron unha dificultade engadida na súa adaptación. Tamén as titorías tiveron que ser adaptadas, de tal xeito que -dado o limitado espazo dos despachos de profesorado canto ao aforo- recomendáronse facer a través dos sistemas virtuais ou a través de reserva de seminarios a tal efecto. Neste capítulo de adaptación cómpre subliñar que non só se adaptou a docencia expositiva, así como a docencia interactiva e as titorías, senón tamén os sistema de avaliación de cada materia de acordo coas Instrucións da USC:
- Ademais da adaptación das actividades académicas sinaladas no parágrafo anterior, o Centro tamén se viu obrigado a adaptación de todas as súas actividades culturais extracurriculares (Ciclo de conferencias permanentes, o Ciclo de presentación de libros, a Olimpíada Filosófica ou a Semana de Filosofía na Rúa) que pasaron a ser virtuais) ou mesmo a súa suspensión ata o curso 2021-2022 no que volveron a ser recuperadas (como é o caso do Ciclo de Cine Filosófico ou as PAE).
- A adaptación e regulamento dos aforos e tránsito no interior do edificio, a través de mobiliario, catenarias, cintas, sinalética e demais elementos que nos permitiron establecer o uso e aforos de cada espazo interior do Centro así como regular o seu sentido de tránsito no mesmo.
- A suspensión no Centro da redacción das Guías Docentes para evitar ter información publicada, máis alá dos Programas obrigados, que puidera causar confusión ante cambios -máis ou menos drásticos- nas circunstancias excepcionais que estabamos a vivir.
- A suspensión non só das Prácticas Académicas Externas (PAE) senón tamén dos Programas de mobilidade mentres non existiran Instrucións da USC que así o permitisen, na agarda dunha certa recuperación da normalidade.

C) Con respecto ao tamaño dos grupos verbo das actividades formativas, consideramos que no noso Centro tende a estar ben equilibrado. No curso **2020-2021** a media de alumnado por grupo de docencia expositiva (IN31G) é de 37,4 estudantes e consolídase na media dos últimos seis anos que ven sendo de 36. Un aspecto positivo é que nos atopamos por debaixo da media da USC na que a media de estudantes en docencia expositiva é de 58. Porén, a media de alumnado por grupo de docencia interactiva (IN32G) no noso Centro é de 30,1 alumnos/as, situándose por enriba da media da USC que é de 22,5 alumnos, polo que consideramos que desde a VOAP deberían establecer unha posible redución do tamaño dos grupos interactivos no noso Centro, o que resultaría importante para aplicar unha ensinanza máis individualizada, favorecer unha mellor adquisición por parte do alumnado das competencias propias e específicas da Titulación e incrementar o cadro de PDI nas distintas áreas de coñecemento da Titulación que así o precisen. De feito, cada curso son máis as materias que poden duplicar o seu grupo interactivo. Así, no curso 2019-2020, ademais das

materias de primeiro e segundo curso, xa dúas materias de terceiro curso duplicaron os seus grupos de docencia interactiva dada a súa matrícula. No curso 2020/21 xa son practicamente todas as materias de terceiro curso as que incrementan un grupo de docencia interactiva, dado o incremento de matrícula e o cumprimento total das prazas ofertadas que a Titulación ven acadando durante este último sexenio. Con todo, cómpre indicar que no segundo semestre do curso 2019-2020, dado o confinamento domiciliario, se traduciron nun enorme incremento de esforzo do PDI nas actividades máis individualizadas que conlevaron algunhas adaptacións de actividades docentes á necesaria metodoloxía non-presencial. No curso **2020-2021** o que semella unha equilibrada *ratio* de alumnado por grupo en circunstancias habituais, implicou un importante esforzo de adaptación á modalidade de docencia semipresencial na que se desenvolveron ambos semestres e, especialmente, no grupo de “docencia expositiva” que dada a limitación de aforo das aulas (por mor da obrigada distancia interpersoal entre o alumnado) obrigou a un desdoblamento das mesmas, implantando o sistema de “aulas espello”, conectadas a través de dispositivos de cámaras e son, tal e como se detalla no apartado anterior deste Informe. Todo o cal non só provocou optimizar ao máximo os espazos do Centro como aulas, senón tamén implicou un gran esforzo do PDI por adaptar a súa metodoloxía docente a este sistema de “aulas espello” (coñecemento de sistemas como Teams e disposición dos materiais docentes nestas plataformas) e ao alumnado o esforzo de seguimento da docencia semipresencial a través deste método. En todo caso, e como sinalamos no Criterio 4 deste Informe, entendemos que, aínda que se está a producir unha lenta volta á “normalidade”, o forte crecemento de matrícula que ten a Titulación, tomada en relación ao tamaño dos grupos de docencia, debe ir facilitando un correspondente reforzo do cadro de PDI con novas incorporacións.

D) O Plan de mobilidade no Centro continúa a funcionar e a desenvolverse, mesmo a pesares de estar de feito “suspendido” durante o confinamento domiciliario e baixo a recomendación de evitalo durante esta situación de pandemia. Perante o curso 2020-21 a mobilidade entrante evidentemente baixa de maneira moi significativa ata o 1,57 (IN18G), sen dúbida polas circunstancias creadas pola pandemia. Na primeira parte do curso 2019/20 (previa ao confinamento) tivemos unha “mobilidade entrante” de 5,53 (IN18G), marcando unha clara subida desde o 4,61 (2018/19) e do 1,49 (2017/18) e consolidando o mellor rexistro do último quinquenio. No curso 2016-17 procedérase ao nomeamento dunha nova Responsable Académica de Mobilidade do Centro (RAM) co propósito de “elaborar un protocolo para a xestión da mobilidade” AM5-PM2017/18 (aprobado na Xunta de Facultade o 19/12/2018 e implantado no curso 2018-19), de xeito que se instauren procedementos eficaces e uniformes no impulso e administración deste tema. Este protocolo, no só pretende insistir na importancia da aprendizaxe de idiomas entre os alumnos/as, senón que máis alá diso, conta con ata tres reunións informativas para o alumnado, cada unha atendendo especificamente as cuestións concretas da fase de mobilidade na que se encontran os nosos alumnos/as. O devandito protocolo segue a rexer no curso **2020-2021** no que a situación creada pola pandemia sen dúbida afectou a participación do alumnado, de forma que se freou a participación do alumnado na mobilidade. No curso anterior, este protocolo afianzou a participación do noso alumnado nos diferentes programas de mobilidade:

(i) A mobilidade saínte mantivo unha tendencia á alza no último quinquenio, que pasou do 2,31 no curso 2014-2015 a practicamente duplicarse, 4,44 no curso 2017-18, manténdose desde entón nesa media.

(ii) A mobilidade entrante crece tamén no último quinquenio, pasando 1,1 (2015/16) ata o 5,5, do presente curso 2019/20. Por suposto, descendeu no curso **2020-2021** polas obvias razóns sanitarias que implicaban, cando non un confinamento domiciliario, si unha estricta restrición de mobilidade mesmo entre Concellos limítrofes (como estableceu a Instrución da xerencia da USC do 27 de xaneiro 2021, vixente ata o 26 de febreiro 2021).

Con todo, neste curso 2020-21 continuamos a constatar a utilidade do protocolo que se confirma no progresivo incremento da valoración obtida na enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade que pasa do 4,30 no curso 2015-16 ao 4,51 no curso 2020-21. En liña con este “Protocolo” (AM05 PM 2017-18), no curso 2018-19 incluíuse a AM04-PM2018/19 para identificar e paliar as dificultades máis usuais que ten o alumnado na súa “reincorporación” ao Centro (acordando a inclusión deste sector de alumnado na aplicación dos “Criterios de prelación no caso de coincidencia en datas de avaliación”) e o tratamento destas cuestións nas reunións establecidas que se celebraron cun nivel de seguimento moi aceptable por parte dos estudantes. Nos cursos **2020-2021** e 2019-2020 non se puideron realizar dadas as circunstancias sanitarias que desaconsellaban, cando non prohibían, a “mobilidade” dos

estudantes. En todo caso, cómpre lembrar, como xa sinalábam no noso Informe para a Renovación da Acreditación, a limitación que supón para a mobilidade a ausencia de financiamento suficiente mediante bolsas, de maneira que poucas familias poden permitirse o seu custe real. Ademais, seguindo as recomendacións do Informe de Avaliación de Renovación da Acreditación, incorporouse ao "protocolo de coordinación", a través das tarefas propias dos coordinadores de curso e da Responsable de Asuntos de Mobilidade do Centro, o compromiso de reforzar as informacións para o alumnado (de primeiro e segundo curso) relativas aos programas de mobilidade da Facultade (AM4-PM2018/19).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Titulación conta con *mecanismos de coordinación* adecuados que nos permiten facer un seguimento do correcto desenvolvemento do Plan de estudos e da adquisición das competencias propias por parte do noso alumnado. No curso 2020-2021 o Centro segue a manifestar o seu compromiso con este concepto e mantén vixentes todas as iniciativas de Coordinación adoptadas en anos anteriores (tal e como temos explicado no apartado 1.2 do presente Informe).

Para o correcto funcionamento da Titulación dispoñemos dunha Coordinación, tanto vertical como horizontal, destinada ao seguimento e axeitado desenvolvemento do Plan de estudos. Este Protocolo de Coordinación comprende:

- (i) os profesores/as coordinadores de materia (no caso daquelas materias que son impartidas por máis dun único docente).
- (ii) os profesores/as coordinadores de cada un dos catro cursos do plan de estudos.
- (iii) os profesores-titores/as do Programa de titorías personalizadas.
- (iv) o Coordinador de Grao.
- (v) o Coordinador de Calidade
- (vi) o Responsable de Calidade.

Todos eles traballan en equipo na procura de localizar aspectos disfuncionais ou espazos de mellora para a nosa Titulación, dentro do que chamamos "plan de reforzo de coordinación" do Centro.

O "Protocolo de coordinación" foi promovido no curso 2016-2017 (AM4) coa maior parte dos nomeamentos sinalados no parágrafo anterior e desde ese curso está en pleno funcionamento. O protocolo ten algúns eixos de acción principais dos que se derivan a diversidade de actuacións que se levan a cabo. Os eixos principais son os seguintes:

1) O Protocolo contempla a obriga de realizar reunións ao longo dos semestres por parte de cada coordinador de curso, tanto co profesorado como co alumnado dese respectivo curso, para: (i) analizar as estatísticas da avaliación das materias e, por tanto, a súa taxa de éxito, taxa de avaliación e taxa de rendemento; (ii) así como os elementos máis relevantes do desenvolvemento do mesmo, tanto aportado polo profesorado como polo alumnado. Cómpre sinalar que no curso 2018/19, a proposta do Coordinador da Titulación, transformáronse esas reunións presenciais nunha fórmula de comunicación asíncrona dando un prazo para que os docentes transmitisen por correo os datos de rendemento das súas materias (xerados pola Secretaría Virtual da USC que achega estatísticas dos resultados de aprendizaxe de cada materia e permite comparalos con cursos anteriores) así como todas aquelas suxestións que considerasen oportunas e facer o mesmo co sector do alumnado. A razón principal de facer as reunións asíncronas é que os coordinadores de curso viñan manifestando a relativamente baixa participación do PDI nesta iniciativa. Puidemos constatar nese curso que esta nova formulación

implicaba positivamente unha maior recepción de información por parte dos coordinadores de curso así como de participación do PDI, mais pola contra, algúns docentes manifestaron que se perdía o debate entre os docentes de curso así como a posta en común dalgunhas suxestións. Neste sentido, o Responsable de Calidade e o Coordinador da Titulación decidiron no curso **2020-2021 (AM2-PM2020/21)** que a partir de curso 2021/2022, sen renunciar a este sistema de comunicación asíncrona que favorece a participación de todo o PDI, volvan celebrarse reunións de coordinación de curso síncronas e mesmo que admitan asistencia a través de medios virtuais. Incluso, co obxectivo de reforzar o funcionamento das mesmas e de obter información máis precisa sobre o rendemento, temos previsto pasar ao final do curso 2022 (conforme a fecha de finalización da correspondente da **AM3-PM2020/21**) un breve cuestionario (diseñado polos coordinadores de curso e de Grao) que facilitará a realización do Informe final de Coordinación da Titulación. Estas reunións, a iniciativa do Coordinador de Grao e a suxestión de varios docentes, foron durante curso 2018-19, tal e como xa dixemos, levadas a cabo de xeito virtual co propósito de colaborar, sen perder eficacia, na optimización da xestión do tempo dos nosos limitados Recursos Humanos, que moitos docentes demandaban. Igualmente, a proposta doutros docentes, foron retomadas de novo -no curso 2021/2022- de xeito presencial para aqueles docentes que así o preferiron. Cómpre precisar que no curso **2020-2021**, estando o Centro instalado nunha estrita semipresencialidade e tendo moi limitado o aforo presencial a todas reunións de todos os Órganos da Facultade, tamén as reunións de Coordinación se mantiveron de forma telemática.

Os informes destas reunións, que se manteñen para os catro cursos de Grao, son expostos nas aulas de Coordinación do campus virtual, destinadas especificamente a esta cuestión. Ademais de figurar no Campus Virtual, os informes das diversas reunións son remitidos ao Coordinador de Grao quen, a partir dos mesmos e tendo en conta os catro cursos, emite un Informe final acerca de toda a Titulación, reparando naqueles aspectos máis salientables e en aqueles elementos a mellorar e que cada ano é elevado á valoración por parte da Comisión de Calidade e Grao do Centro. No curso 2019-2020 a valoración do Informe foi realizado de xeito telemático polos responsables de Calidade por atoparnos inmersos do confinamento domiciliario e no que se destacou principalmente o esforzo de adaptación realizado polo PDI e estudiantado no funcionamento do curso, que finalmente foi valorado dun xeito adecuado e positivo e referendado pola subida xeral dos índices de Calidade.

No curso **2020-2021** o Informe final repara precisamente na mellora e tendencia a alza dos principais Indicadores da Titulación, mais sinala a mellorable taxa de rendemento nalgúns materias, probablemente motivada polas dificultades de adaptación a estes procesos de confinamento (2019/20) e de docencia semipresencial (**2020/21**).

Unha medida específica que se ven levando a cabo con ocasión destas reunións e que por suposto mantivemos neste curso **2020-2021** -e faise atendendo á solicitude do alumnado- é a elaboración dun calendario que reúne as datas das principais actividades, tarefas e probas das materias de cada semestre en cada curso académico, de tal xeito que se vela por unha distribución equilibrada do traballo do alumnado, proponendo alternativas cando se detectan varias coincidencias na mesma data. Queremos indicar que precisamente esta medida resultou moi útil no complexo proceso de adaptación das actividades docentes que, por motivos do confinamento domiciliario, tivemos que facer no segundo semestre do 2019/20, o que supuxo incrementar as actividades e, deste xeito, co uso do calendario común conseguimos que o alumnado -dentro do posible- mantivera un certo equilibrio nos prazos de entrega das mesmas. Neste sentido, consideramos que este protocolo de Coordinación foi de gran utilidade e máis especialmente nestas complicadas datas de pandemia xa que en definitiva facilitou: (i) o traballo dos Coordinadores de Curso consistente en refacer e adaptar o calendario de tarefas motivados polo carácter *online* da docencia durante o confinamento domiciliario, así como tamén (ii) o traballo dos órganos de dirección de Departamento e da Facultade na rápida e uniforme adaptación dos Programas de cada materia, no relativo á metodoloxía e á avaliación das mesmas, velando en todo momento en que a carga de traballo do alumnado non se vise incrementada a causa das circunstancias da COVID e mesmo actuando nalgún caso excepcional sobre algunha materia neste sentido.

Tamén no curso **2020-2021**, que se desenvolveu nun escenario de semipresencialidade, este Programa de Coordinación resultou moi útil, ofertando previsibilidade a un curso sometido a unha forte dose de incerteza acerca da súa evolución e tratando de igual xeito a todo o alumnado no sistema de "aula espello". Cómpre salientar o firme e decidido compromiso do Centro co Protocolo de Coordinación como sistema transversal de implantación de melloras. Tal é así que existen dúas Accións de Mellora no Plan de Melloras do Grao do curso **2020-2021** que teñen por obxecto a optimización desas reunións de Coordinación. Na AM2-PM2020/21 reimplantamos a presencialidade nas reunións de cursos para potenciar e favorecer a participación activa do profesorado que tentamos obxectivala a través da AM3-PM2020/21 coa emisión dun cuestionario que pasaremos ao final do curso 2022.

2) O traballo de coordinación que o Centro levou a cabo coas diversas Institucións políticas e culturais, que se traduciron na sinatura dos correspondentes "Convenios de prácticas" (AM4-PM2017/18) e o desenvolvemento da "Convocatoria de prácticas académicas externas" (AM3-PM2018/19). No curso 2019/20 así como tamén no curso **2020-2021** non puideron

ser realizadas a causa das estritas restricións sanitarias reguladas polo Comité COVID da USC. No curso 2021-2022 as Prácticas Académicas Externas foron recuperadas e de novo ofertadas xa con normalidade, recibindo unha gran demanda de matrícula das prazas ofertadas, o que segue a indicar unha boa acollida das mesmas por parte do noso alumnado. O Centro está actualmente a reflexionar acerca da conveniencia dun aumento das mesmas.

3) O Centro realizou tamén esforzos de cooperación horizontal, non só promovendo algunhas actividades transversais entre algunhas materias, especialmente na titulación de Mestrado, senón a través da co-organización de actividades co estudiantado destinadas principalmente a reforzar a visibilización externa da Filosofía e a súa proxección como especialidade transversal e complementaria, con actividades abertas a toda a comunidade universitaria e cidadanía como como o "Ciclo de cinema filosófico" ou a "Semana de Filosofía na Rúa". Nesta liña de reforzo de visibilidade da titulación a través do Ciclo de Cinema Filosófico que, a súa vez, potencia o desenvolvemento de competencias da titulación, propoñemos un maior recoñecemento académico do mesmo, abrindo a posibilidade de solicitar recoñecemento de créditos transversais (AM4.PM2021-2022).

4) Outro eixo de actuación na Coordinación foi o relativo aos TFG polas razóns anteriormente sinaladas (vid. criterio 1.2). Así, seguindo a AM6-PM2017/18, que procuraba estender a capacidade de coordinación ao proceso de elaboración e defensa do TFG, executamos a AM5-PM2018/19, que conseguiu axustar o calendario e cronograma dos TFG ademais de aplicar -a proposta do noso estudiantado trasladada polas enquisas de satisfacción co TFG deseñadas polo propio Centro- unha ponderación do informe do titor na avaliación do TFG. Deste xeito, melloramos a taxa de duración dos estudos de Grao estipulada na MVT logrando baixala de 5 anos a 4,5 e a "taxa de rendemento" (IN34G) que no noso caso é do 73%. No PM2019/20 constituíuse o Grupo de Traballo e elevou informe á Comisión de Calidade e Grao, que finalmente foi aprobado pola devandita Comisión e pola Xunta de Facultade. Se ben, esta medida se aplicará a partires do curso 2021/22 xa que no curso 2019-2020 e **2020-2021** o Centro aplicou a Resolución Reitoral pola que os TFG só foron defendidos diante dun tribunal se o alumno/a aspiraba a unha cualificación superior aos 8 puntos que podía acadar na defensa diante do titor/a.

5) Tamén consideramos o esforzo da Coordinación do Centro pola mellora e uniformidade da información académica ofrecida que se ven manifestando nas Guías Docentes desde o curso 2016-17. No curso 2017-18 adquiriu maior precisión logrando que todas as Guías Docentes do Centro fixeran referencia expresa á correspondencia da avaliación cos contidos e tamén coas competencias, e que en todas, ademais se precisase o modo de avaliación para o alumnado obxecto de dispensa de asistencia. A elaboración das Guías Docentes cada curso é xa un feito asentado no funcionamento do Centro, mais no curso 2019-20, a causa da COVID, o Centro decidiu atender á suxestión de diversos docentes e da Dirección do Departamento de absterse puntualmente ese curso da realización das mesmas, dado o alto índice de imprevisibilidade das circunstancias nas que se podía desenvolver o curso **2020-21**. Consideramos entón que unhas instrucións tan precisas, nese caso, poderían terminar producindo, en contra do pretendido, unha certa desorientación no alumnado se variasen as circunstancias de presencialidade nas aulas. Cómpre lembrar tamén que, precisamente, o momento de realizar as Guías Docentes e de aprobalas para o curso **2020-2021** era precisamente no segundo semestre do curso 2019-2020 xusto cando nos atopabamos en pleno confinamento domiciliario. Con todo, a totalidade do PDI do Centro, aínda non ofertando ese curso a Guía Docente, como mostra da súa implicación na coordinación, si fixo o esforzo de aumentar a información nos seus Programas, adaptando explicitamente tanto a Metodoloxía da ensinanza como o sistema de Avaliación da aprendizaxe das súas materias aos posibles tres diferentes escenarios que nos presentou a USC nos que podería chegar a desenvolverse o curso académico **2020-2021**. As Guías Docentes volveron a realizarse, aprobarse e ofertarse para o curso 2021-2022, momento no que algúns docentes propuxeron unha reflexión, aínda aberta, acerca do mantemento da realización das Guías Docentes toda vez que os Programas son xa cada vez máis completos.


6) O Centro mantén unha constante (auto)revisión deste Protocolo de coordinación e acción titorial e neste sentido, seguindo a suxestión do Coordinador de Grao, o Centro realizou unha mellora (AM5-PM2019/20) na súa "acción titorial" consistente en estender, no acto de presentación de curso, a información relativa ao Programa de Titorías personalizadas que ten o Centro, sinalando a súa importancia como mecanismo que favoreza a adaptación á nova vida universitaria e reforzando a figura de Profesor-Titor. No curso **2020/2021** enviouse un correo electrónico personalizado a cada alumno/a comunicando o nome do seu profesor/a titor/a xunto cunha cita de presentación e entrevista que se foron levando a cabo ao longo do primeiro semestre do curso. Se ben, cómpre precisar que estas entrevistas foron feitas de xeito virtual xa que, dadas as restricións sanitarias, non eran recomendadas as actividades colectivas nos espazos reducidos do Centro como son os despachos dos docentes. Mostra da preocupación do Centro pola revisión do seu propio Proceso de Coordinación da Acción titorial son as tres Accións de mellora que no Plan de Melloras **2020-2021** dedicou a este tema: AM2-PM2020/21, recuperación das reunións presenciais no momento en que as restricións o volvan permitir e xa recuperadas no curso 2021-2022. A AM3-

PM2020/21, pola que se pretende obxectivar algo máis a información facilitada polo profesorado nesas reunións. A AM4-PM2020/2021 que pretende unha mellor distribución dos grupos interactivos, no que toca ao alumnado que non é de primeira matrícula na materia; e a AM5-PM2020/21 pola que abrimos a posibilidade de co-dirección de TFG sempre que o tema e o titor principal así o recomenden e sempre que exista capacidade docente na área de coñecemento.

En conclusión, o Centro ven aplicando e mellorando progresivamente durante todos estes cursos o seu “protocolo de coordinación”. A progresiva mellora e tendencia a alza dos principais indicadores de calidade -taxa de matrícula (67) e taxa de éxito (87,88%)-, mesmo en circunstancias sanitarias tan excepcionais, manifestan que os mecanismos de coordinación están a funcionar razoablemente ben, tanto na consecución de bos resultados, tamén na adaptación das distintas instrucións que se foron sucedendo segundo evolucionaba a pandemia COVID, así como na detección de espazos de mellora como é o caso da mencionada taxa de abandono (39,2%). Entendemos que o esforzo do Centro e o compromiso do seu PDI na participación das Accións de Coordinación non só se reflicten nuns favorables indicadores e na plena Matrícula, senón tamén nunha positiva valoración por parte do noso alumnado, tendo en conta que a satisfacción do alumnado coa docencia recibida segue a crecer lixeiramente ata 3,78 puntos sobre 5 (IN46G).

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,61	3,73	3,71	3,73	3,72	3,78



1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.


Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Filosofía entende que os *criterios e perfil de admisión* que se aplican resultan os adecuados para a Titulación e á adquisición das súas competencias específicas.

Respecto da matrícula: entendemos que o número de prazas ofertadas, que é de 65 (IN01G) e se ven mantendodesde o 2012-13 se corresponde moi proporcionalmente coa "taxa de matrícula de acceso" que o título ven experimentando durante os últimos seis anos, crecendo desde os 55 alumnos do curso 2015/16 ata os 72 alumnos do curso **2020-2021 (IN03G: matrícula de acceso)**. Este dato supón un crecemento de máis do 30% con respecto aos índices do anterior trienio 2013-2016. Este notable crecemento, en consecuencia, eleva a "taxa de ocupación" do Centro desde o 60% do curso 2014-15 ata o 103% no **2020-2021 (IN12G)** manifestando non só unha clara e forte tendencia á alza senón unha *ratio* consolidada no equilibrio entre a oferta dos espazos e recursos do Centro co seu alumnado. Esta "taxa de ocupación" e máis o "número total de matrícula", (que inclúe a todo o alumnado dos catro cursos do Grao) arroxa un total neste curso de 257 estudantes (IN02G), marcando unha forte tendencia de subida desde os 235 estudantes do curso anterior e os 200 do curso 2017-18:

Taxa de Matrícula (IN02G):


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	183,00	180,00	202,00	217,00	235,00	257,00



Felizmente, e tendo en conta todos estes datos, observamos que a "Matrícula de novo ingreso" (IN04G) que ten o Centro é de 67 alumnos no curso **2020-2021**, cubrindo por tanto o número máximo de prazas ofertadas (65).

Matrícula de novo ingreso (IN04G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	51,00	55,00	73,00	70,00	69,00	67,00



Consideramos moi importante non só a consolidación xa durante catro anos da consecución da plena matrícula, mais tamén queremos sinalar o feito de que a "taxa de matrícula" non teña baixado no curso **2020-2021** o que sería moi comprensible a causa da pandemia COVID sufrida durante o segundo semestre do curso 2019-2020 e as dificultades que iso implicou no estudiantado que xusto estaba a rematar o bacharelato e o difícil desenvolvemento das ABAU e dos procesos de solicitude de prazas e de matrícula no SUG. Salientamos que, a pesar de todo isto, resulta importante non ter padecido efectos adversos neste capítulo nun ano tan singular.

Respecto do perfil de ingreso, a Titulación non esixe unha formación previa específica e aínda que mostra a recomendación da formación propia do perfil humanístico, tamén resulta válido o perfil científico, poñendo novamente de manifesto o carácter interdisciplinar dos nosos estudos. Unha análise dos datos de matrícula permítenos obter certa información sobre as constantes máis salientables acerca do perfil de ingreso do noso alumnado:

(a) Xeograficamente, constatamos que o 97% do noso estudiantado provén da Comunidade Autónoma de Galicia (conforme á media dos últimos cinco anos que é do 95%), sendo o 2% restante a porcentaxe (IN09G) que se corresponde co alumnado que -en primeiro curso- provén do resto de España, concretamente -segundo o INF16- de Cantabria, Las Palmas, Cataluña e León, (un 2% que ven sendo constante durante o último quinquenio) e o 1% se trata de alumnado de fora de España (tamén na media dos últimos cinco anos). Aínda que son porcentaxes que se veñen comportando de tal xeito durante o último sexenio, sobra considerar que precisamente no curso **2020-2021**, aínda saíndo do confinamento e das restricións de mobilidade entre Concellos, non é un curso adecuado para favorecer o crecemento de matrícula internacional.


(b) Interdisciplinariamente, constatamos que o perfil de ingreso máis abundante do noso alumnado correspóndese co perfil humanístico, pero resulta destacable a proporción significativa de alumnado procedente do Bacharelato de Ciencias e de Ciencia e Tecnoloxía (aproximadamente un 17% dos matriculados, segundo os datos que nos proporciona a CIUG), o que evidencia o carácter interdisciplinar da nosa Titulación. Algo que constatamos moi positivamente é o interese que logramos captar, xa que maioritariamente o alumnado matriculado neste Centro escolle o grao de Filosofía como primeira opción: 82% no curso **2020-2021 (IN10G)**, é dicir 57 alumnos das 65 parazas ofertadas (INF.16), sendo os restantes 8 alumnos de segunda opción. No curso **2020-2021**, do total de 396 solicitudes recibidas para o Centro, 97 son de primeira opción e 73 de segunda opción, consolidando unha tendencia á alza que se ven experimentando durante o último quinquenio.

(c) Academicamente, e tendo en conta que o principal *criterio de acceso* á nosa titulación é a superación das Probas de Acceso á Universidade (ABAU), a "nota media de acceso por preinscripción" dos estudantes neste curso **2020-21** segue a crecer ata situarse en 10,03 puntos sobre 14 (IN06G), subindo un punto verbo do curso anterior 2019-20 que fora de 9 puntos e do 8,66 do curso 2018-19 e, por suposto, da media dos últimos cinco anos que é de 7,5 puntos. Atendendo a estes datos da CIUG, podemos considerar que moitos dos estudantes matriculados teñen medias non moi altas (dato

tamén para ter en conta na análise da taxa de abandono), pero sen embargo cómpre destacar que o crecemento da nota media fai que o noso alumnado acceda cada vez mellor preparado e cómpre non esquecer que en torno a un 12% do noso alumnado accede con notas altas ou moi altas (10 ou máis puntos sobre 14). Con todo, podemos considerar que o expediente académico de acceso dos nosos matriculados tende a ser cada ano máis alto.

Nota media de acceso (IN06G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	6,94	7,15	8,43	8,66	9,00	10,03



Procurando unha rápida e boa integración do alumnado de primeiro curso, así como proporcionar “complementos de formación” que lle axuden na adquisición de competencias e favorezan a dinamización da Filosofía, o Centro ven desenvolvendo desde o curso 2016-17 tres Accións xa instaladas no protocolo de funcionamento da Facultade destinadas a dinamizar a acción cultural do Centro, a fomentar a adquisición de competencias da titulación e a favorecer a integración do alumnado de primeiro curso na súa nova vida universitaria.

1.- A primeira acción é a centrada na oferta dun “programa de acción tutorial”. O “Plan xeral de acollida e orientación de estudantes” articula unha versátil oferta de titorías, especialmente para os estudantes de primeiro curso que, segundo a natureza das informacións e cuestións demandadas, poden elixir entre diferentes tipos de interlocutores: (a) para cuestións académicas de cada materia dispoñen de titorías personalizadas cos seus respectivos profesores de primeiro curso; (b) para cuestións académicas e de desenvolvemento do curso no seu conxunto, deben acudir ás titorías co coordinador de curso (xa que dispoñemos dun profesor-coordinador para cada un dos catro cursos do Grao) nas que poden tratar e formular cuestións que non afectan só a unha materia senón ao funcionamento estrutural de máis materias do mesmo curso; (c) para cuestións que afectan aos catro cursos no seu conxunto e o carácter estrutural da titulación poden acudir ao Coordinador de Grao; (d) para cuestións propias do funcionamento da dinámica universitaria dispoñen de titorías personalizadas co seu respectivo profesor-titor/a, que se lle asigna ao principio dos seus estudos de Grao e lle fai un acompañamento ata a súa graduación; (e) por último, para cuestións máis transversais do colectivo do estudiantado e resolver temas específicos da súa condición de estudantes, dispoñen de titorías con alumnos-titores/as. Estes alumnos-titores do Centro, que actúan como orientadores, son alumnos de segundo e terceiro curso seleccionados conforme ao “Programa de Titores” implantado polo Programa A Ponte da USC, toda vez que foran admitidos para realizar o “Curso do Programa de Titores” (USC) destinado a favorecer os mecanismos de presentación e integración no Centro dos recentes compañeiros de estudos. No curso **2020-2021** o Centro contou, neste programa, coa colaboración de catro alumnas titoras, logrando cumprir coa totalidade de prazas que o Programa A Ponte asigna ao noso Centro para esta actividade (4 prazas). Estas alumnas-titoras colaboraron na recepción do estudiantado de primeiro curso, guiándoos (no primeiro semestre) na dificultade que implicou este ano a mobilidade no Centro dadas as estritas instrucións de distanciamento interpersoal e a distribución de docencia en sistemas de “aulas espello” totalmente novo no funcionamento do Centro. Tamén colaboraron xunto co responsable prof. Javier

Barcia proporcionando información da Titulación nos Encontros Virtuais (segundo semestre) cos estudantes de Bacharelato organizados polo programa A Ponte (USC).

Se ben no curso 2019-20, como mostra da preocupación do Centro por fomentar a interlocución co alumnado, executou a AM5-PM2019-20 para reforzar esta "acción titorial" estendendo no acto de presentación a información sobre este Programa de Titorías personalizadas, no curso **2020-2021** o Centro enviou correo electrónico personalizado a cada alumno/a recentemente matriculado comunicando o nome do seu titor/a xunto cunha cita de presentación e entrevista, que se ben neste curso 2021-2022 xa puido ser presencial, no curso **2020-2021** leváronse a cabo de xeito virtual dado o escenario de "semipresencialidade" no que se desenvolveu ese curso.

2.- A segunda acción consistiu en afianzar toda aquela oferta de actividades culturais e de formación complementaria que o Centro oferta e pon a disposición do alumnado, dun xeito periódico desde o curso 2018-19 (AM1-PM2019-20). Durante estes cursos o Centro mantivo a oferta de reforzos de actividades culturais permanentes no noso Centro, como actividades extracurriculares, que axudan ao alumnado que desexe reforzar as competencias propias da Titulación e, por suposto, fomentar a técnica de lectura de textos complexos como pode ser: o Seminario de Lecturas (organizado polo profesor Óscar Parcero), o "Curso de escritura creativa" (organizado polo profesor Javier Barcia) ou a celebración de Cursos de Verán como o ofertado polo profesor Carlos Pose. Nesta liña de reforzo de complementos formativos para o noso alumnado contan tamén coa permanente orientación bibliográfica que reciben por parte do persoal da Biblioteca, e coa celebración periódica do Ciclo de Conferencias Abertas, das Leccións Maxistrals e dos actos conmemorativos da filosofía como a "Semana de filosofía na rúa", o "Ciclo de presentación de libros" ou o "Ciclo de cinema filosófico" nos que o alumnado ten un importante papel de co-organización e execución das actividades. Tres estudantes de Grao colaboran tamén no Consello de Redacción de "Acontece. Boletín informativo da Facultade de Filosofía", que se publica na propia web da Facultade, elaborando novas relativas aos temas máis directamente relacionados co estudantado. É preciso indicar que a meirande parte destas actividades foron interrompidas no segundo semestre do curso 2019-20 a causa do confinamento domiciliario e no curso **2020-2021**, dadas as estritas medidas de distanciamento interpersoal, así como a limitación de aforamentos e de reunións grupais, moitas destas actividades foron desenvolvidas a través de plataformas virtuais, toda vez que aínda se debían cumprir coas medidas de distanciamento físico por razóns sanitarias. Cómpre agradecer unha vez máis o esforzo do PDI e do estudantado de adaptación non só das actividades estritamente académicas, senón tamén destas actividades culturais do Centro así como a dificultade da súa programación nestas excepcionais circunstancias.

3.- A terceira acción ven consistindo en potenciar o "coñecemento da Filosofía como opción formativa" entre o noso potencial alumnado (AM1-PM2017/18). No curso 2018/19 o Centro elaborou material informativo acerca da Filosofía como disciplina e das súas principais "saídas profesionais", que tamén difundiu a través da súa páxina web e da OIE (USC). No curso 2019/20, nesta mesma liña de traballo, o Centro incorporou máis información na web propia do Centro (AM1-PM2018-19), especialmente a través de creación de novos dípticos informativos das súas titulacións. No curso **2020-2021**, instalados nese escenario de "semipresencialidade" e despois de ter sufrido o confinamento nesa primavera de 2020, o Centro reforzou a súa presenza na web do programa A Ponte como principal espazo de referencia para a relación da USC co Ensino Medio, a través da incorporación de vídeos, de dípticos e a realización de videoconferencias como forma de difusión da Titulación cara os estudantes de Bacharelato que nese curso non puido desfrutar dos "Encontros na Zona da USC" consistentes na recepción física dos estudantes no noso Centro. No curso 2021-2022 a USC recuperou os "Encontros na Zona USC" e o noso Centro desenvolveu de novo con normalidade esta actividade que axuda a que os estudantes coñezan de primeira man o perfil demandado pola Titulación, mais o Centro mantén igualmente a súa presenza na web do Programa A Ponte e por suposto a súa participación tamén nos "Encontros Virtuais da USC" e nas distintas accións de presentación da nosa titulación que o devandito programa vai organizando: "Feira de innovación" (USC), a "USC Camiña" (USC), "Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional" (UDC), entre outras.


A análise aquí presentada do esforzo do Centro e de todo o seu persoal edo conxunto de accións encamiñadas a favorecer a captación, integración e permanencia do noso estudantado, promovendo que estes teñan o perfil de ingreso máis axeitado posible e favorecendo as súas competencias, indica que, se ben temos unha boa capacidade de captación de alumnado (plena matrícula) e unha boa "taxa de éxito" (87%) que reflicte que os nosos estudantes desenvolven axeitadamente as competencias da titulación, cómpre porén mellorar -como xa temos explicado no primeiro apartado deste informe- a "taxa de abandono durante o primeiro curso" (IN40G), que estatisticamente no **curso 2020-2021** se sitúa en 29,8%. En todo caso, debemos relativizar algo este indicador tendo moi presente a idiosincrasia da titulación en Filosofía que de feito resulta alto no conxunto das Facultades de Filosofía de España -segundo a Conferencia de Decanos 13/02/2019. Cómpre, neste sentido, lembrar que as causas poden ser moi variadas: (i) O "carácter tentativo" desta titulación en moitos dos nosos alumnos/as que acaban cedendo ante "profesións" máis socialmente sistematizadas; (ii) A densidade e dificultade das metodoloxías aplicadas no exercicio da filosofía que, evidentemente, transcende a imaxe que ten das mesmas un estudante de Bacharelato; (iii) O

índice de segunda e terceira opción que reflicte a matrícula do alumnado de xeito que neste curso **2020-2021** o 82% dos matriculados son de primeira opción o que significa que o 18% dos matriculados están á espera doutras alternativas de matrícula que no momento en que se producen –pode ser nese curso ou no seguinte- aumenta “artificialmente” a “taxa de abandono” (moi concentrada durante o primeiro curso). Isto consecuentemente non debe ser interpretado como expresión de descontento ou de dificultades por parte do alumnado e, por tanto, como un negativo índice de calidade. Máis ben, esta “provisionalidade” da matrícula que xera taxa de abandono pode constatarase no feito de que esta se produce xa durante as primeiras semanas do primeiro curso sen que ese alumnado chegue a presentar traballos de avaliación nin mesmo en moitos casos ten chegado a presentarse ás clases. Cómpre ademais lembrar que existe alumnado que cursa o primeiro ano para despois convalidar coa Titulación que fôra a súa primeira opción. Todos estes elementos indican que sería bo reconfigurar os parámetros e dominio de medición desa taxa e neste sentido ter en conta ademais os datos de inserción laboral xa que entendemos que a “taxa de graduación” da nosa Titulación (52,9%) resulta moi proporcionada á capacidade do noso potencial mercado laboral. Mais, con todo, e tendo en conta estas consideracións, debemos tentar reducir esta tendencia que de feito se produce e cómpre lembrar que neste sentido o Centro ven articulando Accións de Mellora específicas –xa referidas no anterior apartado- centradas especialmente en que: (i) Desde a Coordinación de Grao e o Responsable de Calidade en colaboración con todos os docentes se tenda a corrixir desviacións anómalas –caso de habelas- das “taxas de rendemento” nas materias e, consecuentemente, minimizar unha das principais causas de abandono como pode ser a acumulación de moitas materias suspensas ou a extrema dificultade en superar algunha materia en concreto (**AM1-PM2020/21**). (ii) O aproveitamento do “Programa de Titorías Personalizadas” co alumnado de primeiro curso para detectar as posibles causas principais de abandono (**AM3-PM2020/2021**).

En conclusión, entendemos que froito destas medidas que se van facendo, non só manifestan unha plena captación de taxa de matrícula, tamén unhas razoablemente boas “taxa de éxito” e “taxa de graduación”, senón que tende a mellorar a “taxa de abandono” que, de feito, marca unha clara tendencia á baixa polo que consideramos que o perfil do noso alumnado é o adecuado e a súa adquisición de competencias é axeitada.

Taxa de abandono (IN41G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	64,71	50,00	34,29	43,59	45,65	39,22



1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Desde o Centro consideramos que a aplicación das diferentes Normativas xerais da USC contribúen a un axeitado desenvolvemento da Titulación. O marco normativo xeral da USC que regula os estudos de Grao está dispoñible na páxina web da Facultade -recentemente redeseñada no curso **2020/21**- a disposición de consulta de todos os usuarios.

En concreto, no caso do noso Grao, consideramos especialmente eficaces algunhas Normativas, como por exemplo:

(i) A Normativa de recoñecemento de créditos favorece a implementación de actividades formativas transversais.

(ii) A Normativa xeral de avaliación facilitou moito o proceso de elaboración e homoxeneización das Guías Docentes das materias, así como reforza a garantía dos dereitos dos estudantes.

(iii) A Normativa xeral que regula o funcionamento das “Prácticas Académicas Externas” resultou de moita utilidade na articulación e implementación da “Convocatoria de prácticas” e da súa inclusión no Plan de estudos e o do seu desenvolvemento ao longo do curso 2018-19. Se ben nos cursos 2019/20 e **2020-2021** non puidemos desenvolver as PAE a causa da Instrución ditada pola Comité COVID da USC, si volveron a ofertarse e desenvolverse conforme á Normativa vixente no curso 2021/2022.

(iv) O Regulamento de Traballo de Fin de Grao (TFG) vixente desde 2016/17 e as súas posteriores modificacións parciais resultou tamén de enorme utilidade para a elaboración dos TFG no Grao en Filosofía e a súa adaptación. No Centro temos dedicado diversas Accións de Mellora específicas no TFG (descritas nos criterios 1.2 e 1.3 deste Informe) acerca da adaptación dos prazos e procedementos de avaliación dos TFG, que introducen melloras con respecto ao regulamento de 2014, de xeito que a partir do curso 2019-20, o Regulamento fixa un calendario de tramitación do Traballo, precisa os procedementos de trámite e establece unha porcentaxe de avaliación ao informe do titor do mesmo. Estes cambios de regulamento foron incorporados á Guía Docente do TFG, que foi obxecto dunha nova redacción, e que está vixente desde o curso **2020-2021**, toda vez que o curso 2019-20 foi extremadamente excepcional no segundo semestre –xusto o momento de defensa dos TFG- que por mor do confinamento domiciliario a USC facilitou por Resolución Reitoral a modificación da avaliación de TFG de xeito que o alumnado podía ser avaliado polo titor, aspirando a un máximo de 8 puntos; ou ben, podía ser avaliado por un tribunal, sempre que aspirase a acadar unha puntuación superior a 8 puntos. A defensa nesta etapa realizouse preferentemente a través de medios virtuais.

(v) A Normativa de permanencia debe terse en conta como un elemento importante para interpretar a “taxa de abandono (RD 1393/2007)” que aínda que en termos interanuais resulta alta (46%), neste curso **2020- 2021** rexistra un 39% (**IN41G**) que o Centro entende como mellorable, en liña coa previsión contemplada na MVT, e xa manifestando unha tendencia de mellora fronte o curso pasado 2019-20 que era de 45,6%, e bastante mellor que nos cursos anteriores: curso 2016-17 era do 50% e do 64,71% no curso 2015-16 ou de 55% no curso 2014-15. Consideramos que a Normativa de permanencia contribúe na consolidación desta tendencia interanual descendente, que co 39% xa se comporta mellor que a media do último quinquenio (46%).

(vi) Cómpre non esquecer que un Informe realizado polo propio Ministerio de Universidades establece –segundo publica o 22 de marzo 2022 o xornal El Diario- que “o prezo da matrícula” e a “situación económica particular” son os “principais motivos de abandono universitario” seguidos polo “baixo rendemento académico previo”, que polo demais o devandito informe sitúa entre o 11% e o 27% (dous de cada dez estudantes). Nese Informe apuntan que unha posible solución consiste en “mitigar os prezos” actuando especialmente na “eliminación da penalización económica que implica repetir unha materia”. Tamén recomendan mellorar o sistema de bolsas, ofertando máis e adiantando a convocatoria a marzo para que quedara resolta antes do comezo do curso de tal xeito que as familias coñezan se van a ter ou non a devandita axuda. Sen dúbida, estas poden ser algunhas medidas que a efectos de Normativa poderían contribuír á mellora do índice de abandono das Titulacións. Mais obviamente nin o Centro nin a Universidade teñen capacidade para estes

desenvolvimentos normativos que corresponden ao Ministerio.

(vii) O desenvolvemento normativo da USC de adaptación das actividades académicas e de xestión motivado pola pandemia da COVID desenvolvido durante o segundo semestre do curso 2019-20 e especialmente ao longo do curso 2020-2021 foi enorme. Isto supuxo unha alta cantidade de traballo de adaptación nos Centros, participado polo compromiso de todos os sectores implicados (PDI, PAS e Estudantado) que finalmente todos desenvolvemos con razoable éxito. Como proba desta medida basta sinalar que a USC incorporou a súa Web un denso espazo destinado especificamente á información COVID (<https://www.usc.gal/gl/usc/covid19>) no que a Comunidade Universitaria podía consultar as medidas, as Instrucións e as Resolucións Reitorais que a Institución ía tomando e adaptando -as veces en cuestións de días- de acordo á evolución dos acontecementos da pandemia COVID. Moitas delas, eran tamén comunicadas por correo electrónico aos colectivos especialmente afectados. O contido deste espazo web, así como das constantes reunións telemáticas que os equipos de dirección dos Centros mantiveron co Comité COVID e coas autoridades universitarias, eran as fontes das adaptacións e aplicacións normativas que os Centros comunicaban e aplicaban aos seus colectivos de interese. Polo demais, o traballo que desenvolveu o PAS -sen recursos orzamentarios específicos- foi sobresaliente, así como tamén o desenvolvido polo PDI, que sen formación previa, adaptou as súas actividades á docencia virtual nun prazo inmediato e nun contexto imprevisible. Cómpre lembrar que ese espazo web, así como tamén a Oficina COVID creada para dar resposta aos casos activos de COVID na Comunidade Universitaria, segue aínda vixente e pilotando o proceso da actual relaxación de medidas levadas a cabo no curso 2020-2021 dominadas pola adaptación ao réxime da "semipresencialidade" e aínda agora no curso 2021-22 dirixindo á volta a "normalidade".

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO
CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:
Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade. Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).
2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.
Aspectos a valorar: <ul style="list-style-type: none"> • Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados. • A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións. • Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: <p>No que toca a este Criterio de "Información e transparencia" cómpre indicar que a Facultade dispón de mecanismos suficientes para comunicar de xeito adecuado as características da Titulación a todos os seus grupos de interese. Neste sentido, mantemos unha periódica tarefa de publicación e actualización da información relativa ao Centro e ás súas titulacións, así como aos procesos e normativas que os regulan. A USC no curso 2020-2021 realizou unha importante transformación da súa páxina web institucional e tamén dos espazos web dos Centros o que implica abrir un proceso de adaptación e reubicación da información por parte do PAS do Centro.</p> <p>Con carácter previo a esta transformación o Centro tiña feito unha comparativa con algunhas páxinas web das Facultades de Filosofía doutras Universidades de España, e tiñamos constancia dun altísimo índice de coincidencia na información ofertada polo que inducimos que esta era cando menos suficiente e relevante para os nosos grupos de interese: PAS, PDI, Estudantado, Egresados e potenciais matriculados. Tamén existía unha gran proporcionalidade entre a información que tiñamos publicada e os principais datos da Memoria de Verificación do Título (MVT), polo que entendemos que a información disposta na web era suficiente e obxectiva. Tamén valoramos a o nivel de transparencia, claridade, accesibilidade e disposición intuitiva da mesma: o longo dos cursos fomos inxerindo un gran volume de información para unha disposición moi clara e intuitiva dentro do deseño da páxina web do Centro.</p> <p>No curso 2020-2021 a USC abordou un proceso de remodelación e unificación de imaxe web para todos os Centros, o que sen dúbida propiciou unha reorganización da Información adaptando a á nova estrutura e imaxe Web. Se ben este traballo non puido ser prioritario durante un curso, como foi o 2020-2021 sometido a unha xestión das urxencias e prioridades que ían xurdindo das excepcionais circunstancias dunha actividade académica e administrativa sometida á "semipresencialidade".. A web funcionou en todo momento como espazo de comunicación mais non foi prioritario abordar a análise da súa nova estrutura, ata o curso 2021-2022 nos termos descritos na AM1-PM2021/2022..</p> <p>Cómpre lembrar que, na Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao de Filosofía, a información pública dispoñible foi considerada como un dos "puntos fortes do Centro", que entendemos foi o resultado lóxico de todo aquel desenvolvemento da web que comezou no curso 2016-17 con Accións de Mellora deseñadas especificamente para esta política de "información e transparencia" que se viña implantando no Centro buscando e conseguindo toda unha reestruturación e importante ampliación da información publicada (AM1-PM2017/18). Nos cursos 2018/19 e 2019/20 levamos a cabo unha acción centrada en ampliar na páxina web contidos relativos á condición formativa e profesionalizante da Filosofía (AM1-PM2018/19 e AM6-PMCentro 2019/20) pola que incorporamos novo material informativo publicitario das nosas titulacións na web da Facultade e realizamos unha contribución directa á mellora da comunicación e de información dos nosos títulos para os grupos de interese, tanto potenciais como directamente implicados. No curso 2020-2021, aínda que a web tivo unha gran importancia como plataforma de comunicación, dada a remodelación que estaba a facer a USC</p>

neste capítulo e as excepcionais circunstancias de semipresencialidade e mobilidade restrinxida decidimos incrementar tamén a nosa presenza a través de materiais informativos da titulación na web do Programa A Ponte co propósito de seguir a reforzar a positiva taxa de matrícula dado que ese era e é un espazo de referencia entre a USC e o Ensino Medio.

En termos xerais, podemos considerar que o desenvolvemento destas iniciativas tradúcese, segundo os indicadores dos que dispoñemos, nunha alta satisfacción dos diferentes grupos de interese. De feito, a "satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible" (IN23G) era no curso 2018/19 dun razoable 3,11 (sobre 5 puntos). Lamentablemente non dispoñemos dese dato no curso 2019/20 (coincidindo co confinamento domiciliario) nin tampouco no **2020-2021**, que segundo me comunican desde a Área de Calidade da USC non recolleron datos específicos para este Indicador.

Con todo, tanto antes como despois das modificacións substanciais na web, mantivemos a estrutura fundamental de comunicación e ao longo destes últimos cursos fomos incorporando periodicamente actualizacións dos contidos web e realizando algunhas melloras:

(i) O apartado de "Reservas de espazos" agora permite unha visualización máis inmediata dos espazos libres do Centro eaxiliza o seu sistema de reserva. No curso **2020-2021** esta aplicación foi extremadamente útil dado que as limitacións de aforamentos dos espazos implicaron a necesidade de duplicar o uso deses mesmos espazos para a realización das mesmas actividades o cal nos permitiu evitar solapamentos e proceder a un fácil e inmediato sistema de reservas que facilitou a optimización do uso dos espazos limitados do Centro. No curso 2021-2022 o Secretario do Centro mellorou aínda mais o sistema no que respecta á disposición da información da actividade a realizar no espazo reservado.

(ii) Procedeuse á correspondente actualización de información que implica o desenvolvemento dun novo curso académico, como por exemplo todo o referido a publicación das novas Guías Docentes, Programas, calendarios e tribunais do TFG, a incorporación dos novos "horarios simplificados" ou a incorporación das actas xeradas das Comisións celebradas, entre outras actualizacións. No curso **2020-2021** non se ofertaron polo xa indicado no "Criterio 1" as Guías Docentes

(iii) Procedeuse a ir incorporando á web periodicamente os sucesivos números que se veñen publicando do "Acontece en Filosofía. Boletín informativo da Facultade de Filosofía" (AM4-PM2018-19) que responde ao propósito de reforzar a "comunicación interna acerca das actividades do Centro" e ofrecer visibilidade da súa dinámica ao exterior. Tamén cómpre subliñar que durante o curso **2020-2021**, aínda neste contexto de semipresencialidade, o Centro seguiu a editar, como manifestación da súa política de información e transparencia, o "Acontece. Boletín Informativo da Facultade de Filosofía" no que mesmo puidemos ofrecer crónicas das actividades realizadas en soporte *online*, aquelas desenvolvidas de xeito semipresencial e tamén os resultados das enquisas e informes que o Centro fixo nos momento máis difíciles da COVID (Boletín, nº7).

(iv) Procedeuse a ampliar o espazo de difusión da actividade e produción do PDI do Centro, incorporando aos docentes que faltaban e mesmo introducindo os docentes que participan na titulación de Mestrado, e establecendo un vínculo informativo cos datos que figuran no repositorio de investigadores da USC e así aportar maior visibilidade aos traballos de investigación do PDI como un dos activos da Titulación (AM4-PM Centro 2020/21).

(v) Abriuse un apartado específico para a información relativa ao Protocolo de prelación de exames (AM3 PM 2019-20) a disposición de todos os alumnos/as potencialmente afectados, que se mantén na actualización da web feita en **2020-2021**.

(vi) Procedeuse a unha redución dos prazos de "limpeza" do material informativo desfasado da "pantalla de comunicación" do Centro situada no andar principal, e ábrese a reflexión sobre considerar a posibilidade de instalar outra pantalla noutro andar do edificio para ir substituindo as funcións do taboleiro. As necesidades económicas derivadas da adaptación ás circunstancias COVID, tanto a compra e instalación da tecnoloxía necesaria para actividade docente nas aulas espello así como os custos da habilitación de todos os espazos do Centro –mesmo os espazos de tránsito- non permitiron comprar esa pantalla. Mais está programado poder facelo no curso 2021-2022.

(vii) Procedeuse á actualización de material informativo sobre o carácter interdisciplinar da Filosofía e as súas "saídas profesionais" (AM1-PM2017/18 e AM1-PM 2018/19) destinado ao noso potencial alumnado, e a incorporación de material divulgativo do Centro (dípticos, videos de presentación, etc.) na páxina web do Programa A Ponte como espazo de referencia para os encontros entre a USC e o Ensino Medio e a presentación das Titulacións (AM6-PM Centro 2019-20).

No segundo semestre do curso 2019/20, a causa do súpeto confinamento domiciliario, o uso da Web por parte do Centro non se destinou tanto aos procesos de mellora (tampouco os medios dos que dispoñía o PAS nos seus domicilios permitían nin aconsellaban esta posibilidade), como a un uso de transmisión de información, de novidades e das adaptacións Normativas que o Centro estaba a facer para o desenvolvemento das actividades propias nun contexto de non-presencialidade. Neste sentido, cómpre indicar o esforzo da dirección do Centro nos momentos mais difíciles da COVID da interrupción da docencia presencial, que realizou un informe, unha enquisa e unha táboa que ía reunindo a información relativa á adaptación da actividade docente e as incidencias que se derivaban, resumindo todos o datos no seu "Terceiro Informe" (abril 2020) no que se recolle, en aras da necesaria transparencia, as adaptacións dos programas e sistemas de avaliación das materias. Tamén, durante o 2019/20 e 2020-2021 o Decano, na política de información e transparencia propia do Centro, remite asiduamente -a través do correo electrónico a todo o PDI, PAS e Estudantado da Facultade- a información institucional relativa á aplicación dos protocolo COVID e da súa adaptación ao funcionamento do Centro. Tamén neste sentido foi enorme o esforzo e traballo que o PAS empregou neste capítulo para ir atendendo e satisfacendo a demanda de información que viñan demandando os sectores implicados no Centro: estudantado e PDI e de suspensión de toda aquela información habitual, que non resultaba válida durante a vixencia do confinamento. Durante o curso 2020-2021, a radical e urxente necesidade de adaptación do Centro á semipresencialidade e as novas condicións de habitabilidade e de desenvolvemento das tarefas docentes, relegou a tarefa de reorganización da web, o cal se está a facer neste curso 2021-2022 (AM5.PM2021/2022).

Polo demais, en relación á *visibilidade* e tamén á *transparencia* que desde o noso Centro vimos promovendo en prol de cuestións filosóficas de calado social e de actualidade, desde o Centro non só mantemos activo o Ciclo periódico de Conferencias Abertas, senón que tamén quixemos reforzar a comunicación externa do Centro, trasladando ao gabinete de Comunicación da USC o correo dos/as Coordinadores/as de Área como referencia de especialistas en temas filosóficos ante os medios de comunicación (AM5-PM Centro2018/19). Nesa liña, realizamos tamén a publicación periódica do "Acontece. Boletín informativo da Facultade de Filosofía" que ademais difundimos a través da web do Centro, enviando asemade, información da súa aparición ao Gabinete de Comunicación da USC e ao Consello de Dirección da USC.

No curso 2020-2021, o Centro segue a actuar, ademais das actividades xa indicadas anteriormente, no seu capítulo de transparencia, visibilidade e proxección:

(i) Segue a manifestar o seu compromiso coas políticas de xénero, continuando co periódico acto mensual de recoñecemento ás vítimas de violencia de xénero e coa celebración conmemorativa do 8M organizados pola Comisión de Igualdade de Xénero, na que neste curso celebramos a "Xornada 8M en Filosofía" (moderada pola profesora Guadalupe Jiménez, na que participaron estudantes que tiñan presentados o seu TFG ou TFM sobre a cuestión de xénero, e tamén celebrouse a Conferencia da profesora Aurora Marco (Catedrática da USC) titulada "Investigar e vivir con perspectiva de xénero", organizada pola Comisión de Igualdade de Xénero e coordinada polo profesor J. Luís Pastoriza (AM6-PM Centro 2020/21). Tamén para o curso 2021/22 o Centro segue co seu compromiso neste eido e traballa na oferta de formación específica -tanto para PDI como para Estudantado- acerca da identidades de xénero e o acoso no contexto universitario (AM1.PM2021/2022).

(ii) Abre unha análise acerca da aplicación no Centro dalgúns ODS da Axenda 2030 co propósito de coñecer o noso grado de cumprimento dos mesmos e a detección de liñas e políticas de acción a desenvolver nos próximos anos. O profesor J. Luís Pastoriza, con experiencia, neste ámbito, está a realizar un informe sobre esta cuestión que conforme os prazos da Acción de Mellora proposta esperamos ter rematado cara outubro de 2022 e que nos permitirá unha maior identificación de obxectivos de actuación e poder abrir ou reforzar, a partir desa data, as iniciativas que desenvolvan unha maior implicación do Centro nalgún destes ODS (AM5-PM Centro 2020/21).

Para o curso 2021/22 o Centro quere achegar o desenvolvemento dun “Plan de Convivencia”, resultado da adaptación da Normativa vixente de convivencia universitaria ao noso centro (AM4.PM2021/2022)...

Canto á *transparencia*, cómpre subliñar que todos os procesos que garanten a calidade do título, especialmente Concursos, Reclamacións e Informes derivados do Sistema Interno de Garantía de Calidade (SIGC) son publicados nos respectivos apartados da web do noso Centro, especialmente na xanela dedicada ao capítulo de “Calidade” na procura de cumprir cos maiores índices de visibilidade e de transparencia. Así, a valoración recibida por parte dos egresados coa información pública ata o ano en que a área de Calidade deixou de medilo (2018-19) foi de 3,11 puntos (sobre 5), o que nos permite entender que a nosa transparencia resulta adecuada. Tendo presente a valoración positiva do Centro neste indicador, consideramos que ten sentido actuar na continuidade e mellora da nosa política de comunicación; especialmente na actualidade, toda vez que no curso **2020-2021** a USC está a executar unha profunda remodelación da imaxe web da Institución e unha uniformidade estrutural das web dos seus Centros, polo que o PAS, en colaboración co equipo de dirección do Centro, atópase nun intenso traballo de reclasificación, redistribución e reorganización de contidos nas novas xanelas para mellorar o carácter intuitivo do seu acceso nun novo formato e estrutura web que a USC aplica por igual para todos os seus Centros.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A tendencia interanual de mellora da práctica totalidade dos indicadores de Calidade do Grao en Filosofía permítenos considerar que o Sistema de Garantía de Calidade resulta eficaz no progreso e continua mellora da Titulación. Consideramos que ao estar adecuadamente implementado no Centro proporciona mecanismos necesarios de recollida e análise de información, o que nos permite detectar debilidades e poder propoñer as respectivas accións de mellora. Nestesentido, cabe destacar que no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación, salientouse a "progresiva mellora na implantación do Sistema de Garantía de Calidade que facilita o seguimento do Título", e que de feito foi considerado como "un dos principais puntos fortes do Centro", valorando dentro do mesmo de forma moi positiva "a transparencia da propia comisión, evidenciada na publicación na web das actas das reunións de dita comisión" que se ven facendo durante os últimos cursos, interrompidos temporalmente pola transformación da web no 2020-2021.

Neste Informe que acabamos de citar tamén se apuntaba á necesidade de mellorar algúns procedementos, que non son responsabilidade do Centro senón que son competencia da Área de Calidade da USC (que formulou as correspondentes alegacións e que articulou Accións de Mellora enmarcadas no Plan Xeral de Melloras da USC do ano 2017-18). Aqueles aspectos que con carácter xeral afectan a todos os títulos, non imputables unicamente ao noso Grao, eran: (i) Unha baixa porcentaxe de participación dos estudantes nas enquisas de avaliación docente polo que recomendaban deseñar unha acción de mellora que busque aumentalo; (ii) Unha baixa participación nas enquisas de satisfacción dos PAS e PDI; (iii) A inexistencia de mecanismos que permitisen coñecer a satisfacción dos estudantes respecto aos servizos de orientación, de avaliación e de coordinación xeral. Aínda que, como xa dixemos, estes elementos non poden ser directa nin exclusivamente imputables ao Centro, entendemos e compartimos que se trata de aspectos útiles na implantación e aplicación "dunha progresiva cultura de calidade" no Centro. En consecuencia, activáronse unha serie de medidas directamente relacionadas con eses aspectos sinalados, que entendemos están contribuíndo a melloralos. Así, no que respecta a (i) e (ii): mellorar esa baixa porcentaxe de participación nas enquisas, sen prexuízo daquelas Accións executadas pola Área de Calidade da USC, o Centro reforzou a comunicación sobre as mesmas de xeito que desde a Secretaría do Centro envíanse correos electrónicos como recordatorio para o cumprimento das enquisas, advertindo aos distintos grupos de interese (estudantes, PDI, egresados e PAS) da apertura e peche dos prazos para cumprimentalas, á vez que se resalta e se insiste na importancia da súa participación. Desde o Centro consideramosque estas iniciativas, aínda que sinxelas, axudaron a ir mellorando e estabilizando o índice de participación do estudantado na enquisa situando a media do último sexenio no 36%, mais este curso 2020-2021 baixa a 26,6% (IN48G) a pesares de aplicar exactamente o mesmo protocolo que nos cursos anteriores. Entendemos que se

trata dun dato illado fóra da media dos valores que se veñen marcando no último sexenio e certamente consideramos que nun curso dominado pola semipresencialidade e a distancia do alumnado co Centro tendeu a resentir a súa participación nas enquisas, polo demais moi pouco ou nada adaptadas a esas circunstancias absolutamente excepcionais que estaban a vivir. Entendemos que pode tratarse dun dato a ter en conta se perdura no tempo, mais que nun curso onde o alumnado estaba a facer un grande esforzo por poder seguir as súas materias, adaptar as actividades ou facer as titorías online, parece -entendemos que razoablemente- que a participación nas enquisas non era para eles algo prioritario. Con todo, o Centro é consciente de que debe mellorar esta tendencia e por iso, como reforzo do protocolo xa existente, propón a AM2.PM2021/2022. Por outra banda, o que se mantén nos seus índices habituais de participación é o PDI que marca un 55% no curso **2020-2021**, utilizando desde o Centro o mesmo protocolo que para o estudiantado.


Taxa de participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida **(IN48G)**:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	33,33	42,16	43,65	36,89	35,51	26,69

No que respecta a (iii) os mecanismos que permiten coñecer, xa non a participación, senón a satisfacción dos grupos de interese da titulación, consideramos que precisamente o SGC funciona na medida en que neste curso **2020-2021** seguimos a contar con datos razoablemente bos nas enquisas de satisfacción deseñadas pola Área de Calidade dos nosos principais grupos de interese: alumnado 3,78 **(IN46G)** e PDI 4,22 **(IN47G)**:


Satisfacción do alumnado coa docencia recibida **(IN46G)**:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,61	3,73	3,71	3,73	3,72	3,78



Satisfacción do profesorado coa docencia impartida **(IN47G)**

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,96	3,74	4,00	4,30	3,97	4,22



Con todo, no Centro existe unha clara conciencia de que estes datos aínda poden ser mellorables con ocasión da aplicación dos procedementos de calidade asignados na coordinación por cursos, nas que se fixo unha recomendación á Área de Calidade de reformulación máis precisa dalgúns preguntas que forman parte, especificamente, do cuestionario da enquisa de satisfacción coa docencia recibida (AM8-PM2017/18) que tendan a mellorar e aumentar a participación dos diferentes sectores nas mesmas. Aínda que os Responsables desta Acción son membros da Área de Calidade da USC, que é quen ten competencias sobre este asunto, podemos constatar que xa se fixo no curso 2018-19 unha reformulación dalgúns enunciados que poden influír en facer máis atractiva a participación. Tamén podemos considerar a “crenza estendida” no alumnado dunha certa “inutilidade práctica” das mesmas cando as súas valoracións non se traducen en grandes transformacións a curto prazo. Contrariamente, desde o Centro insistimos, a través das reunións de Coordinación co alumnado, en sinalar a relación das Accións de mellora coas suxestións recibidas por esta canle. (De feito, un exemplo de isto é que precisamente o Centro incorporou o curso pasado unha acción de mellora relativa a ponderación do informe do titor na avaliación do TFG a raíz de ter recibido esta suxestión a través das enquisas -deseñadas polo propio Centro- que os estudantes cumprimentan ao respecto da súa satisfacción co TFG e o seu proceso de elaboración). Neste sentido, cómpre lembrar que no noso protocolo de coordinación por curso, precisamente estas enquisas de satisfacción, (tanto polos datos estatísticos que arroxa como polos enunciados das súas preguntas), son tomadas como unha ferramenta metodolóxica de recollida de información orientada á análise de posibles causas das taxas de rendemento e avaliación, así como identificar e tomar en consideración elementos disfuncionais e mellorables da nosa titulación. Cómpre tamén engadir que a **AM3-PM2020/21** insta ao Centro a tomar a iniciativa que se aplicará no 2021/22 de incorporar un breve cuestionario propio para o PDI dos diferentes cursos, así como tamén de facer un seguimento detallado dos indicadores de rendemento establecidos pola Área de Calidade (**AM1-PM202/21**).

En conclusión, entendemos que o noso “programa de coordinación” (que se detalla no punto 1.3. deste Informe), arbitrado no Sistema Interno de Garantía de Calidade, funciona correctamente e se consolida como un adecuado procedemento que nos permite non só detectar problemas no desenvolvemento do título, senón tamén recoller suxestións de mellora, que nos desexen comunicar tanto PAS como PDI -forme ou non parte dos equipos de Coordinación – e tamén moi especialmente Estudantado, a través das distintas Comisións específicas e mesmo a través das suxestións na web propia do Centro e nas outras canles de comunicación abertas polo Decanato, tanto tradicionais como virtuais. Neste sentido, e pensando principalmente no estudantado, o Decanato abriu un sistema de recepción de suxestións a través de código QR que permite garantir o anonimato se o remitente así o desexa. Tamén, para reforzar as garantías de calidade, de información e de transparencia, se recorda ao alumnado que, ademais destas fórmulas de comunicación e demanda de información, ten a súa dispoñibilidade na web a Normativa específica da USC.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.

- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) facilita e garante unha paulatina mellora da nosa titulación, atendendo ás recomendacións que se nos fan nos diferentes Informes de seguimento e de renovación de acreditación. Consideramos que un sintoma de eficacia na aplicación do SGIC no Centro é o recoñecemento que se nos fai na Avaliación para a Renovación da Acreditación sobre "a mellora na implantación do SGC" e a positiva valoración acadada: "se han aportado abundantes evidencias e indicadores del desarrollo del título y seha hecho un esfuerzo de reflexión en el Autoinforme presentado. El centro es consciente de sus áreas de mejora y hay mecanismos activados para ir solucionando los problemas detectados. Se han realizado esfuerzos notables para atenderlas recomendaciones recibidas en los distintos informes de seguimiento y de viabilidad del título". Precisamente, con ocasión do Plan de Viabilidade do título, iniciado no curso 2015-16, promoveuse durante o curso 2016-17 unha serie de Accións de Mellora que podemos vincular cun incremento moi significativo (xa referido) da matrícula pasando durante estes cursos de 55 aos 72 alumnos/as no curso **2020-2021**. Ao dar por acadados os obxectivos, a Xunta de Galicia deixou en suspenso o devandito Plan de Viabilidade.

O Centro continuou co desenvolvemento dos seus Plans de Melloras anuais co propósito de reforzar os procedementos adquiridos e de seguir a identificar novas necesidades tal e como se ven sinalando nos Autoinformes de Seguimento. Entre esas Accións de Mellora, no que toca á súa relación máis directa co SGC (e atendendo á recomendación do Informe de Renovación da Acreditación da oportunidade de abrir novos espazos profesionais para os nosos titulados) cabe salientar a que nos permitiu introducir unha modificación explícita e moi relevante para a mellora do Plan de estudos da titulación, como é a implementación no Plan de estudos das "Prácticas Académicas Externas" (PAE): un proxecto iniciado (AM4-PM2017/18) coa "articulación de convenios con distintas institucións culturais, sociais e políticas" e consolidado coa elaboración da Convocatoria específica que regula a súa implantación e desenvolvemento no Plan de Estudos (AM3-PM 2018/19), aprobada pola Comisión de Calidade e Grao (1/03/2019), permitiu que o noso estudantado tivera a ocasión de cursar por vez primeira na historia da nosa titulación ese "módulo de prácticas". Conforme se adxunta no Informe de Indicadores específicos para este "Criterio 3" do SGC en relación ás PAE debemos subliñar que a Matrícula nas PAE foi extraordinariamente alta nas súas dúas edicións (2018-19 e 2021-2022) e as que referencias de satisfacción dos diferentes grupos implicados nas PAE son positivas ou moi positivas:

- (i) A "satisfacción dos estudantes coas prácticas externas" (**IN19G**) foi de 4,1 (sobre 5 puntos)
- (ii) A "satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas" (**IN20G**) foi de 4,8 puntos.
- (iii) A "satisfacción dos titores académicos das prácticas externas" (**IN21G**) foi tamén de 4,8 puntos.

Queremos salientar que estes valores se corresponden co curso 2018/19 xa que lamentablemente no curso 2019-20 non se puideron realizar as PAE por mor da pandemia do COVID dadas as radicais limitacións de confinamento domiciliario na que nos atopabamos xusto no segundo semestre que é o tempo no que o alumnado as desenvolve. A pesar do interese do Centro, tampouco puidemos desenvolverlas no curso **2020-2021** xa que as limitacións impostas pola pandemia perduraban en forma de "distanciamento interpersonal" e mesmo durante o mes de febreiro en forma de limitación de mobilidade entre Concellos. A propia USC, a través do seu Comité COVID, mantivo a Instrución de só desenvolver aquelas prácticas de carácter imprescindible. No curso 2021/22, o Centro oferta de novo as PAE e as está a desenvolver con normalidade. Cómpre salientar que tiñamos dúbidas acerca de se a pandemia podería ter creado desafección coas PAE, pero todo o contrario: volvemos a ter unha extraordinaria demanda da Matrícula ofertada e estamos a espera de recibir os indicadores 2021-2022 de satisfacción -tanto do alumnado como dos titores académicos e titores profesionais- para poder comprobar se manteñen os altos índices amosadas na última edición. O Centro actualmente está a valorar -se os devanditos indicadores resultaran positivos- a posibilidade de incrementar lixeiramente a oferta de prazas e abrir, en consecuencia, o perfil laboral dos nosos estudantes a algún novo sector que agora non está presente (AM1-

PM2021/2022).

En consecuencia, do mesmo xeito que as difíciles circunstancias da pandemia -durante o curso **2020/2021**- aceleraron, nun sentido que podemos considerar positivo, o proceso de formación, manexo e implantación das ferramentas virtuais no exercicio docente e de xestión, tamén nun sentido contrario, as mesmas limitacións sanitarias provocaron a interrupción dalgunhas actividades do Centro como foi o caso das PAE, que felizmente foron recuperadas ao mesmo ritmo que se vai recuperando a volta cara unha nova "normalidade".

A aplicación do proceso do SGIC, tamén nos permitiu detectar un espazo de mellora, non só directamente do Título, senón tamén do Centro que reporta beneficios na titulación de Grao: incorporar un novo concepto orzamentario destinado a prestar apoio ao PDI nas organizacións de Reunións científicas (AM07-PM Centro 2018/19) encamiñadas a reportar nunha maior visibilidade do noso Grao e nun incremento de posibles actividades extracurriculares para ao noso alumnado co correspondente incremento de calidade para o Título, tanto de Grao como de Máster. Se ben, cómpre lembrar que no curso **2020-2021** o orzamento sufriu unha forte minoración a causa dos custes que implicaron as medidas de adaptación ao COVID:

(i) Das actividades académicas docentes (dotación en todas as aulas do Centro, primeiro de cámara web e posteriormente de cámara cenital de alta definición de control remoto e sistema de son interconectado para poder tanto verse como escoitarse entre aula real e aula espello o que implicou a renovación de todos os equipos informáticos de todas as aulas e a incorporación de tabletas dixitais que funcionasen como taboleiros virtuais para as aulas espello).

(ii) Das actividades de xestión (dotación de cámara e sistema de son dos diferentes espazos de reunións das comisións e distribución de cámaras web a todo o PDI e PAS do Centro, así como asignación dalgún pc para o teletraballo).

(iii) De habitabilidade dos espazos comúns e de tránsito do Centro (preparación e instalación de catenarias que delimitadoras de zonas e de sentido de tránsito, adaptación dos aforamentos de todos os espazos do centro -foran aulas que implicaron a compra de cadeiras-pala para a redistribución do seu espazo, salón de actos que implicou a compra e instalación dun segundo videoproxector e pantalla para facilitar a visión de contidos ao alumnado situado no último bloque de asentos, sala de xuntas ata o elevador ou mesmo aseos-, instalación de mobiliario e de papeleiras para os obrigados produtos hixiénicos, sinalética e produtos hixiénicos).

Estas son só algunhas das medidas -mais detalladas no "Criterio 5" deste Informe-. que tivo que afrontar o Centro e que condicionaron moito a súa posibilidade de desenvolver melloras -dado que había que atender urxencias- cun escaso reforzo orzamentario específico, mais alá de dúas cámaras e dous sistemas de son, dous ordenadores e produtos hixiénicos (hidroxel, mascarar, luvas...).

Por último, cómpre sinalar que como resultado da aplicación dos mecanismos de Coordinación propios do SGIC, o Centro detectou outros tres espazos de mellora que contribúen a mellorar o desenvolvemento da titulación:

- (i) A través das enquisas de satisfacción co TFG que o propio Centro deseñou e realizou como mecanismo para coñecer a satisfacción dos estudantes, aplicouse a demanda realizada polo noso alumnado, asignando valor cuantitativo ao informe do titor na avaliación do TFG: constituíuse un Grupo de Traballo que elevou informe de idoneidade desta cuestión á Comisión de Calidade e Grao que finalmente aprobou a medida así como tamén o fixo a Xunta de Facultade (AM4. PM Grao 2019-20). Non se aplicou no curso 2019/20 dado que ese curso -segundo semestre- de confinamento domiciliario o sistema de avaliación dos TFG foi realizado conforme a Resolución Reitoral da USC que, dadas as circunstancias sanitarias, que dificultaban enormemente tanto o proceso de realización do traballo (espazos, bibliografía, medios), como a súa titorización e exposición, estableceu que a defensa ante Comisión fora telemática prioritariamente e só se realizase se o TFG era cualificado con nota superior a 8 puntos e o alumno/a pretendían unha maior cualificación. Sen dúbida, esta adaptación incidiu na mellora da "taxa de éxito" e a "taxa de rendemento" (sinalada nos criterios 1 e 6).

- (ii) A través das reunións de Coordinación (especialmente naquelas que afectan á realización dos horarios das materias e das probas), atendendo a demanda realizada polo noso alumnado, procedeuse a aprobación dun protocolo polo que se determinan os “criterios de prelación de exames” para aquel alumnado que ten datas coincidentes de avaliación entre dúas materias (AM3-PM 2019-20), que entendemos axudou na mellora da “taxa de avaliación” e da “taxa de rendemento”, especialmente nas materias de primeiro curso. No curso 2020-201 mantéñense os datos en valores similares, aínda a pesar da persistencia da COVID e da “semipresencialidade” polo que entendemos que pode deberse aos procesos de adaptación do sistema de avaliación que todos e cada unha das materias do plan de estudio tiveron que efectuar para desenvolverse ben de forma *online* ou ben de forma semipresencial e adaptarse ademais ao desenvolvemento dun curso desenvolvido en circunstancias condicionadas polas dificultades de seguimento que implicou aquela semipresencialidade. Con todo, cómpre lembrar que todas as materias desenvolveron a súa adaptación, conforme as Instrucións dadas pola USC, polo Centro e polo Departamento, evidenciando o bo funcionamento do protocolo de Coordinación e da aplicación do SGC do Centro.
- (iii) A través do reforzo dun elemento clave do SGIC como é o “Protocolo de Coordinación e Acción tutorial”, atendendo á recomendación feita polo Coordinador de Grao, reforzamos o “Programa de Tutorías Personalizadas” de xeito que se enviou un correo a cada alumno/a de novo ingreso comunicándolle o seu titor e informándolle das súas funcións, xunto cunha proposta de cita-entrevista a desenvolver ao longo do curso, co propósito de facilitar a comunicación co noso alumnado desde o principio da súa formación (AM5. PM Grao 2019-20). No curso **2020-2021** esta entrevista tivo que facerse de xeito virtual, das as circunstancias sanitarias, e no curso 2021-2022, atendendo á recomendación do Coordinador da Titulación, queremos usar esta módulo de entrevistas para coñecer algunhas das causas de abandono que nos poden transmitir de forma directa.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A xestión do SGIC ven sendo obxecto, desde o curso 2015-16, dunha constante atención polo órgano de Dirección do Centro e das correspondentes Comisións, especialmente da Comisión de Calidade e Grao, conscientes de que se tratadunha ferramenta fundamental para procurar a mellora permanente das nosas Titulacións. Neste sentido, durante estes últimos cursos, o Centro vai adoptando unha serie de medidas que buscan reforzar a capacidade de control da calidade dos procesos que integran o propio SGIC:

- (i) A atribución desa dedicación ao Vicedecanato da Facultade, que as ven desenvolvendo desde o curso 2015-16. Desde o curso 2019-20 (AM5-PM Centro 2019-20), co ánimo de potenciar esta área de acción e conscientes da importancia estratéxica que ten para o Centro a área de calidade, procedeuse ao nomeamento dun Coordinador de Calidade para o Centro, o profesor Carlos Pose Varela, que asiste ao Vicedecanato nos diversos procesos como son a realización dos Informes de seguimento das titulacións do centro, a Memoria de Calidade ou a actualización do Manual de SGIC entre outras actividades.

- (ii) A unificación das Comisións de Grao e de Calidade na Comisión de Calidade e Grao, buscando unha liña de acción máis unificada e coordinada entre todos os grupos de interese representados, na que desde o curso **2020-2021** está incluído o novo Coordinador de Calidade.
- (iii) O nomeamento do Coordinador de Grao, que ven desenvolvendo unha gran tarefa de análise, especialmente na "dimensión de resultados da aprendizaxe" e da "satisfacción dos diversos grupos de interese da titulación" (especialmente nos criterios 6 e 7), así como no desenvolvemento das reunións de Coordinación, a interlocución cos Coordinadores de curso e a proposta e seguimento das diferentes Accións de Mellora que configuran os Plans de Mellora do Centro e das súas Titulacións.

Estas medidas de carácter estrutural veñen xerando oportunidades de mellora e consolidando a tendencia á alza dos indicadores de calidade da Titulación, asentándose como procedementos habituais no funcionamento do Centro.

Cómpre lembrar que o SGIC supuxo unha mellora do proceso de Planificación que vertebra o desenvolvemento de accións máis concretas (en liña coas recomendacións recibidas pola Área de Calidade da USC e dos propios Informes de seguimento), incorporando algunhas melloras nos distintos procesos de control das nosas Titulacións:

1. A planificación das ensinanzas mellorou a súa coordinación logo (i) da unificación dos dous Departamentos que tiña o Centro e dos que dependía a docencia de Grao, (ii) da incorporación do Director de Departamento á Comisión de Calidade e Grao; (iii) da homoxeneización e maior precisión das Guías Docentes (especialmente no apartado da avaliación de competencias), aínda que excepcionalmente suspendidas no curso 2020/21 dada a imprevisibilidade do desenvolvemento do curso a causa da pandemia COVID (tal e como se detalla no criterio 1).
2. O desenvolvemento da calidade e atención docente viuse mellorada, (i) coa aplicación do "Programa de acollida e Acción Titorial" nas súas diversas formas (AM5-PM2019/20); (ii) co reforzo da Coordinación por cursos (**AM3-PM2020/21**) que achega repercusións positivas na lixeira mellora da "taxa de rendemento" e o pleno de matrícula (67 alumnos/as) neste **2020-2021**.
- 3.- No que respecta aos órganos de apoio á actividade docente, logrouse a incorporación con carácter estable da figura de Responsable de Unidade de Centro, o que reportou unha clara mellora na "publicidade" da documentación, procedendo á incorporación na páxina web de boa parte da documentación relativa aos procesos do SGIC.
- 4.- En canto ao proceso de medición, análise e mellora, constatamos no curso **2020-2021** unha consolidación dos respectivos índices de satisfacción dos diferentes grupos de interese, debido con moita probabilidade á mellora e reforzo da información que se difunde desde o Centro sobre a súa importancia:
 - a) Respecto ao grupo dos *egresados*, o "Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación" (**IN42G**) manifesta interanualmente unha leve liña ascendente arroxando unha media de 3,23 (sobre 5 puntos) nos últimos cinco cursos, sendo de 3,39 no curso **2020-2021**.
 - b) Respecto ao grupo de *PDI*, o "Grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida" (**IN47G**) atópase en datos moi positivos, sendo no curso **2020-2021** de 4,22 (sobre 5 puntos) e consolidando neses datos óptimos unha tendencia á alza sobre a media (3,90 puntos). Saliémosmoi positivamente este dato xa que resulta ser o máis alto dos últimos anos emitíndose xusto no curso onde a exigencia de adaptación das actividades docentes á semipresencialidade e o sistema de aulas espello constituíu un gran esforzo para o noso PDI.
 - c) Respecto ao grupo de *estudantes*, a "Taxa de resposta na enquisa de satisfacción coa docencia recibida" (**IN48G**), no curso **2020-2021** baixou para situarse nun mellorable 26,69%. Certamente e con independencia de que somos conscientes que este é un índice que debemos mellorar xa que ven de sempre presentando valores bastantes

baixos (aínda que en liña cos obtidos pola USC que é do 25% segundo **Inf.9** no caso dos egresados), consideramos que a baixada neste curso pode deberse ás circunstancias tan excepcionais e descoñecidas nas que se desenvolveu a docencia e o respectivo esforzo que tivo que facer o estudantado na súa adaptación. Cremos que o estudantado lle deu máis importancia a ir logrando sacar adiante as actividades máis que á participación nos procesos de calidade nun contexto onde estes non eran tan urxentes. Porén, nese mesmo sector do estudantado, aínda que baixou a participación mellorou a súa valoración. Así, a "taxa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (**IN46G**) resultou razoablemente positiva xa que é de 3,78 (sobre 5 puntos) no curso **2020-21**, consolidando a estabilidade neses valores durante o último sexenio (media de 3,60), do que inferimos que a actividade docente –aínda en circunstancias tan adversas- resulta satisfactoria de forma estable para o noso estudantado e que aínda que baixa a súa participación aqueles alumnos/as que participan conceden valores moi estimables. Así pois, aínda que no curso **2020-2021** baixamos nove puntos (26,6%) na porcentaxe de participación verbo do curso 2019-2020 (35,5%), paradoxalmente os resultados obtidos na valoración son idénticos (3,7 puntos sobre 5 tanto no 2019-20 como no **2020-2021**).

Taxa de resposta na enquisa de satisfacción (**IN48G**):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	33,33	42,16	43,65	36,89	35,51	26,69

Taxa de satisfacción coa docencia recibida (**IN46G**):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,61	3,73	3,71	3,73	3,72	3,78

Finalmente, cómpre lembrar o máis destacable deste apartado: a pesar de que conforme as evidencias sinaladas o SGC está a funcionar axeitadamente, o Centro acometeu (conforme a AM7-PMCentro 2019-20 cuxa data de consecución/finalización era o curso **2020-2021**, concretamente en decembro 2021 e que conseguimos finalizar con anterioridade) unha importante iniciativa estratéxica para a Facultade a as súas titulacións:

- (i) Procedeuse á adaptación ao modelo marco da USC do Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) da Facultade de Filosofía.
- (ii) Procedeuse á actualización do Manual de Procesos e Procedementos do SGIC.
- (iii) Procedeuse á elaboración do Plan Estratéxico Ponte da Facultade (2020-22) debido a prolongación que a USC fixo do seu propio Plan Estratéxico (2015-2020 prorrogado a 2022).

Estas tres iniciativas (AM7-PM Centro 2019/20) foron fundamentalmente desenvolvidas polo equipo de Calidade do Centro (Vicedecano Responsable de Calidade, Coordinador de Calidade e Responsable da Unidade de Xestión) e aínda que foron temporalmente interrompidas durante o confinamento domiciliario derivado da pandemia COVID (segundo semestre do 2019, no que centramos os nosos esforzos nas tarefas máis urxentes de adaptación da docencia e do funcionamento académico e administrativo do Centro), foron inmediatamente recuperadas unha vez foise volvendo a una "certa normalidade sanitaria" e –aínda no contexto de semipresencialidade- foron finalmente aprobadas pola Comisión de Calidade e Grao e a Xunta de Facultade a principios do curso **2020/2021**.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tralallo Fin de Grao ou Tralallo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso **2020-2021** a Titulación continúa a traballar na consolidación e progresivo aumento dos Recursos Humanos que nela participan, a través de novas contratacións e consolidacións de contratacións existentes, que aínda que entendemos debería ser maior dado o crecemento de matrícula e a necesidade de relevo xeracional, rexistra unha tendencia de mellora desde o último trienio.

A Facultade de Filosofía constatou unha redución progresiva do cadro de PDI desde o curso 2008-09 ata o curso 2016-17 como resultado de 9 xubilacións ao longo deses anos suxeitas a unha taxa de reposición cero. No curso 2016-17 comezaron a introducirse algunhas medidas orientadas á reposición dalgunhas desas prazas. Moi conscientes deste problema, no Autoinforme de Seguimento para a Renovación da Acreditación dábamos conta explícita desa situación, que afectaba negativamente a todo o Centro e, de forma moi especial, ás Áreas de Filosofía e de Antropoloxía Social. Nese Informe constatabamos que, se ben a capacidade docente daquel cadro de PDI permitía asegurar a impartición do Título, as referidas xubilacións de profesorado cualificado, sen unha reposición de prazas axeitadas que garantan o recambio xeracional, supoñía unha perda de especialización que obriga ao PDI a realizar un gran esforzo para asegurar a calidade docente. Así, o Informe da Avaliación resaltaba entre os puntos fortes que "o Grao está sostido por profesorado cualificado", pero na mesma liña que viñamos notificando, constataba a "excesiva carga docente" do PDI incluíndo entre os "aspectos de obrigado cumprimento (...)o reforzo do cadro con profesorado adecuado, dado que a situación está a afectar á calidade da docencia impartida Recollendo esta recomendación, e desde logo evidenciando que as competencias en materia de convocatoria de prazas son da correspondente Vicerreitoría e non exclusivamente imputables ao Centro, a Facultade logrou, desde o último trienio 2018-2021 ir revertendo a devandita situación obtendo diversas incorporacións de novo PDI e consolidacións de PDI existente, tal e como se constata no POD do Departamento durante os devanditos cursos que converten ás áreas de coñecemento do Centro en áreas non deficitarias, aínda que entendemos que existe unha certa marxe de reforzo das mesmas, especialmente da área de Filosofía (máis próxima á cualificación de área deficitaria). Cómpre lembrar que o Grao de Filosofía consolida un importante crecemento de matrícula e que, en consecuencia, debería ter reforzos do cadro docente con novas contratacións, especialmente tendo en conta as próximas xubilacións, que ademais permitan que as áreas de

coñecemento poidan ir programando o necesario relevo xeracional.

Así, no curso **2020-2021** (segundo o **Inf. E15**) o número de membros do PDI do Departamento de Filosofía e Antropoloxía con docencia no Grado en Filosofía crece e rexistra un total de 27 docentes (verbo aos 24 docentes que rexistra o **Inf.E15** do curso 2019-2020). A distribución de docentes por área de coñecemento mostra unha proporción moi similar á do curso pasado: Antropoloxía Social 4, Filosofía Moral 5, Lóxica e Filosofía a Ciencia 6, Filosofía 12 docentes. Polo demais, a diversa categoría contractual deste PDI pon de manifesto que a Titulación está a contar con relevo xeracional e cunha axeitada proporción do número de docentes por categoría e tamén por tipo e cantidade de encargo docente. Concretamente, a Titulación conta con 2 Profesores Catedráticos de Universidade (12% de encargo docente), 9 profesores/as Titulares (33% de encargo docente), 4 profesores Contratados Doutores (12% de encargo docente), 3 profesores Axudantes Doutores (12% de encargo docente), 3 profesores Interinos (10% de encargo docente), 3 profesores Asociados (11% de encargo docente) e 3 profesores con contratos predoutorais sendo dous da xunta e un do ministerio (9% de encargo docente). Compre sinalar que no curso 2021-2022 tamén se están a producir novas contratacións, consolidacións e as correspondentes solicitudes para o seguinte curso (que corresponden xa ao próximo Informe de seguimento). Neste sentido, atendemos a un necesario proceso de novas contratacións e estabilización do profesorado, aínda que sempre menores do desexado, pero que en termos xerais podemos valorar como adecuada nesta tendencia de crecemento na dotación de Recursos Humanos do Centro.

Mais alá do sinalado cómpre tamén destacar algúns datos da boa calidade do PDI da Titulación tamén no curso **2020-2021**:

- (i) O encargo docente das áreas, tal e como se desprende do POD do Departamento, atópase equilibradamente distribuído e resulta proporcionado entre os diferentes docentes da mesma Área, obviamente conforme as súas categorías e as HDE que cada un ten recoñecidas. Tendo presente o devandito encargo docente, sabemos que as catro áreas de coñecemento presentes na titulación son áreas non-deficitarias.
- (ii) A porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre PDI total (**IN24G**) é de 86,67%. O dato máis alto dos últimos seis anos a excepción do curso pasado (2019-20) verbo do que baixa dada a xubilación dunha Profesora Catedrática do Centro. Continuamos lixeiramente mellor que a media da USC (84,7%). De tódolos xeitos é preciso subliñar que este dato tende a baixar na medida en que se están a producir un gran número de xubilacións, loxicamente entre o profesorado de maior experiencia e traxectoria no que se concentran moitos sexenios:



- (iii) A porcentaxe de PDI doutor/a sobre o PDI total (**IN25G**) é de 79,17%. Trátase dun dato que entendemos reflicte axeitadamente o relevo xeracional no que estamos inmersos e a capacidade que ten o Centro para a captación de investigadores novos conforme aos contratos predoutorais que comezan a súa carreira docente. Neste sentido tamén baixa a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (**IN26G**) que é de 50%, non só no noso Centro senón en todo o contexto da USC (57%), como consecuencia das numerosas xubilacións que obviamente se repóñen con docentes que inician a súa carreira profesional baixo figuras contractuais (mesmo de Contratado


Doutor) que non teñen a condición de funcionarios aínda que sexan análogos.

(iv) A porcentaxe de participación do profesorado nas “Enquisas de Satisfacción coa Docencia impartida” vai en aumento (**INF 14**) e se sitúa no 55,56% neste curso **2020-2021** verbo do 41,6% do curso 2019-20 que denota unha tendencia moi crecente verbo de índices de cursos pasados (2013-14 8,00%, 2014-15 37,5%). Destacamos o aumento considerable que experimentou ao longo dos cursos, que atribuímos á progresiva implantación da cultura de calidade no Centro e o compromiso do profesorado coa mesma así como o recordatorio que desde o Centro facemos antes do peche das devanditas enquisas.

(v) Os datos relativos á “satisfacción do profesorado coa docencia impartida” (**IN47G**) tende a consolidarse e mellorar lixeiramente situándose neste curso **2020-2021** en 4,22 puntos (sobre 5) verbo os 3,97 do curso 2019-2020 que ven rexistrando datos similares historicamente.

Índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G):


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,96	3,74	4,00	4,30	3,97	4,22



Consideramos que este é un dato razoablemente bo e que nos permite inferir que en xeral o profesorado está conforme coa súa docencia. Con todo, cómpre facer o seguimento de que a “*ratio* de estudantes por profesor a tempo completo” non creza e se sitúa por encima de 10 puntos –nunca superados no histórico da titulación que permanece estable en torno aos 9 puntos- para seguir a garantir grupos de docencia “adequados” á capacidade docente. Concretamente, o número de alumnos/as tanto por grupo de docencia expositiva que é de 37 (**IN31G**) como de interactiva que é de 30 (**IN32G**) permanece en datos interanuais moi similares o que nos permite asegurar a calidade dunha aprendizaxe razoablemente individualizada.

Media de alumnos por grupo de teoría (**IN31G**):

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total	39,96	37,11	32,49	35,31	33,58	37,40



Media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grupos de seminario	28,25	27,79	29,49	27,89	29,19	30,18

O que nos resulta mais gratificante deste capítulo é que non só crece a “satisfacción do profesorado coa docencia impartida” (IN47G), senón tamén crece –aínda que lixeiramente- a “satisfacción do alumnado coa docencia recibida” (IN46G) que é de 3,78:

“Satisfacción do profesorado coa docencia impartida” (IN47G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,96	3,74	4,00	4,30	3,97	4,22

“Satisfacción do alumnado coa docencia recibida” (IN46G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,61	3,73	3,71	3,73	3,72	3,78

vi) O índice de participación do PDI con docencia no Grao en Filosofía nos Plans de Formación (especialmente en actividades formativas desenvolvidas polo PFID), no curso 2019-2020 é do 35% (un alto índice participou no curso acerca do “Uso da ferramenta do Turnitin”) e sube considerablemente no curso **2020-2021** dada a súa alta participación nos Cursos do PFID organizados polo Centro en relación ao uso e manexo das novas ferramentas virtuais de docencia e á tecnoloxía instalada nas aulas que favoreceron a adaptación da actividade docente ao escenario de semipresencialidade (AM2-PM Centro 2020/21): “Xestión e uso didáctico das cámaras, alt falantes e tabletas dixitais nas aulas da USC” e “Ferramentas e manexo do Campus Virtual e de MsTeams”. Mais é salientable non só a súa participación senón a valoración positiva que fai da mesma, tendo en conta que a “satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas” (IN28G) é de 4,49 puntos (sobre 5) e ningún curso do último sexenio foi inferior a 4,29 puntos.

vii) Cómpre salientar tamén desenvolvemento doutras actividades extracurriculares non computadas no PFID, pero que teñen unha longa presenza no Centro como ofertas para o noso alumnado de Grao: a organización de Cursos de Verán –valga como exemplo o organizado polo profesor Carlos Pose-, Cursos de Formación Continua –como organizado polo profesor Javier Barcia que é xa a súa XI edición sobre “Escritura creativa” ou mesmo Seminarios permanentes –como o de lectura de textos filosóficos moderado polo profesor Óscar Parcero-

que son exemplo de ofertas para favorecer a adquisición de competencias para o noso alumnado- e que nos permiten considerar que dispoñemos de docentes comprometidos e implicados na súa actividade e na calidade do Centro. Con isto tentamos insistir na “implicación por parte do profesorado na implantación de actividades extracurriculares, como os grupos de lectura, moi apreciados no proceso de aprendizaxe, así como as Xornadas de Filosofía” que resaltaba como valor positivo a ACSUG no seu Informe de Acreditación.

viii) Na liña de apoio á actividade docente, o Centro (AM7-PM Centro 2018-19), a pesar dos seus limitados recursos, se esforza por manter a convocatoria aberta dun modesto apoio económico para as iniciativas de reunións científicas organizadas polo seu PDI e en manter nas mellores condicións posibles os Recursos materias e de Servizos. Tamén no curso **2020-2021** non só mantivemos aberta este recurso, senón que tentamos potenciar a visibilidade da traxectoria investigadora do PDI, establecendo un enlace na páxina web do centro cos datos do Portal de Investigación da USC (**AM4-PMCentro 2020-2021**).

ix) Cómpre, por último, destacar o enorme esforzo e dedicación extraordinaria que o PDI da Titulación desenvolveu no segundo semestre do curso 2019/20 e especialmente no curso **2020-2021** que, sen formación específica previa e sen suficiente dotación orzamentaria específica (que chegou xa ben avanzado o curso **2020-2021**) tivo que adaptar “contrarreloxo” todas as súas metodoloxías, materiais docentes, actividades e sistemas de avaliación a un réxime de “semipresencialidade” (aulas espello) e incluso “non-presencialidade” nun contexto e circunstancias de confinamento e restricións sanitarias certamente difíciles. O que resulta gratificante é que, en termos xerais, mesmo neste contexto tan excepcional e difícil, non só mantiveron os índices de calidade, senón que tenderon a unha certa mellora. Un exemplo é o índice de “satisfacción do PDI coa Titulación” (**Inf. 14**) é de 4,21 (sobre 5 puntos) nunha referencia moi similar e mesmos superior a dos cursos anteriores (que era de 3,89 no 2019-20) manténdose nunha media moi similar á do alumnado.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao (curso 2015-16) valoraba entre os principais puntos fortes do Centro que o PAS é “*adecuado a las características y al número de titulaciones*”. En consecuencia, dada a valoración positiva, durante o curso 2016-17, 2017-18, 2018-19, 2019-20 e 2020-21 non se produciron nin se motivaron cambios no cadro de PAS do Centro dado que tampouco se aumentou o número de titulacións que se imparten no mesmo. Consideramos, de acordo coa valoración obtida no devandito “Informe de Acreditación”, que certamente as dimensións físicas e o número de títulos da Facultade de Filosofía resulta axeitado ao número e composición de persoas que integran o cadro de persoal.

Os efectivos que conforman o persoal de apoio do Centro son os seguintes:

- PAS de Administración: 1 Responsable de Unidade de Apoio á Xestión de Centro e Departamento, 1 Responsable Asuntos Económicos (compartido coa Facultade de Xeografía e Historia), 1 Responsable Administrativo de Departamento de Filosofía e Antropoloxía, 1 Secretario de Decanato, 1 Conserxe (compartido coa Facultade de Xeografía e Historia), 1 Auxiliar Técnico Informático e 1 Oficial de Servizos.

- PAS de Biblioteca: 1 Directora de Biblioteca (compartida coa Facultade de Xeografía e Historia), 1 Axudante de Biblioteca, 2 Auxiliares Técnicos de Biblioteca.

En relación co PAS de administración debemos subliñar que se trata dun cadro relativamente estable desde o curso 2016-17, o que contribúe a existencia dun persoal cualificado e eficiente con experiencia contrastada na xestión da titulación. Desde a acreditación tan so se produciu un cambio no PAS de xestión a principios de xaneiro do 2021, máis concretamente do ATIC derivado dun concurso de traslados, que non supuxo distorsión algunha dado que a persoa que pasou a ocupar ese posto xa procedía doutro de idénticas características noutra facultade da USC.

No que respecta ao persoal da biblioteca destacar que a súa formación académica, todos teñen formación universitaria mesmo hai un licenciado en Filosofía, contribúe de xeito importante á hora de atender e asesorar aos seus usuarios, na súa maioría PDI e alumnado.

Podemos dicir que todo o persoal de administración e biblioteca do centro contribúe notablemente á calidade dos servizos que desde a Facultade se aseguran en relación co Grao de Filosofía, tanto para PDI, como para estudantes e mesmo persoas interesadas na oferta de actividades que se organizan en relación con este título.

Con independencia do anterior simplemente facer unha reflexión, sen entrar en ningún tipo de achega xa que nin desde a Facultade nin desde a Universidade se podería facer nada ao respecto, e mencionar que quizá un escenario para o Centro máis favorable sería aquel no que a media de idade do PAS fose algo inferior. Nun entorno de revolución tecnolóxica e novas prácticas é de imaxinar que persoal máis novo podería complementar ao persoal existente ademais de supoñer un activo cara o relevo xeracional e a transmisión do coñecemento que a medio prazo se terá que producir.

Convén valorar positivamente a mostra de interese do PAS pola mellora da súa formación, participando activamente en cursos, non só organizados pola USC, senón tamén por organismos externos, mencionando especialmente a participación en cursos organizados pola Escola Galega de Administración Pública, dependente da Xunta de Galicia. Proba desta implicación do PAS na formación é que a participación en plans de formación (propia da USC e externa) incrementouse notablemente nos últimos anos. Ademais dos datos meramente cuantitativos debemos destacar as moi variadas temáticas dos cursos aos que asistiu o PAS de administración e biblioteca da Facultade, abarcando ámbitos de administración electrónica, seguridade na rede, xestión de persoal, ética, calidade, lingua inglesa, igualdade e xénero, ferramentas ofimáticas ou redes sociais, propiedade intelectual, preservación de documentación dixital, entre outras.

Mencionar tamén que do contexto derivado da emerxencia sanitaria adquiriron gran relevancia as ferramentas que permiten establecer reunións a distancia e que en relación con esta cuestión botáronse e bótanse en falta accións formativas por parte da Universidade encamiñadas a capacitar ao persoal nestes ámbitos, o que permitiría aproveitar de xeito moito máis eficiente este tipo de recursos.

Non se entra a valorar o **INF.11** "índice de satisfacción coas actividades de formación organizadas pola USC" dado que este informe reflicte a situación global na USC, non está desagregado por centros e por conseguinte non recolle a satisfacción do PAS de Filosofía. Esta circunstancia nos leva a non profundar neste informe ao non poder establecer relacións de análise con respecto ao Grao en Filosofía.

Cómpre destacar como un índice do compromiso do PAS coa xestión do SGIC do Centro, e de xeito singular cos procesos de medición da satisfacción a taxa de resposta á enquisa de satisfacción que se ven observando nos últimos anos. Así, aínda que no 2019-20 viuse reducida con respecto aos anos anteriores, que foi dun 100%, e acadou tan so un 50%, previsiblemente por realizarse durante o confinamento, podemos dicir que no 2020-21 foi moi satisfactoria ao situarse de novo en valores altos, 80%, moi por encima da media global da USC. Da información que se pode subtraer do informe resultante da antedita enquisa (**INF21**) cabe mencionar que o persoal en termos xerais valora de forma positiva as características do seu posto de traballo, estando todos os elementos por encima dos globais xerais da USC e non baixando ningún deles do 3 nos tres últimos cursos ningún (sobre un máximo de 5). Destacan de forma moi positiva no 2020/21 aspectos relacionados coa definición das súas funcións e responsabilidades (4,25), o reparto da carga de traballo (5), a comunicación entre o persoal e os usuarios (5) a coordinación e dirección do equipo de traballo (5) a facilidade para manifestar opinións e aportar achegas que axuden a mellorar a unidade (4,75), o sentimento de pertenza a un equipo (4,75), os recursos, medios e equipamentos axeitados (5), satisfacción co traballo desenvolvido (4). Como podemos ver na maioría dos apartados desagregados da mesma relativos ao posto e condicións de traballo, comunicación, implicación coa mellora, traballo en equipo, espazos e recursos, etc., as porcentaxes de satisfacción son boas e superiores a media da USC. No informe da enquisa aparece un enunciado situado no 3,25 relativo á coordinación con outras unidades administrativas, que aínda que está en parámetros aceptables hai que dicir que todo o persoal da Unidade administrativa si aprecia certa disfuncionalidade na comunicación e coordinación entre algúns servizos centrais e os Centros.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Filosofía dispón dos recursos materiais, infraestruturas e servizos necesarios para o desenvolvemento axeitado do noso Plan de estudos, segundo as previsións reflectidas na Memoria Verificada. De feito, no Informe da Avaliación para a Renovación do Grao, sinalouse como un dos puntos fortes do Centro "os recursos materiais, infraestruturas e servizos" que ten a Facultade e mesmo, sobre eles, "destacando os recursos bibliográficos" da nosa Biblioteca, así como tamén "o apoio e atención que se presta a estudantes con diversidade funcional".

Neste sentido, queremos destacar o traballo realizado en ambos capítulos: (A) Recursos materiais e (B) Servizos.

A) Recursos Materiais:

No que respecta ao capítulo de "Recursos materiais", o Centro ven traballando cada curso académico, a pesar do seu limitado orzamento, na consecución de melloras, especialmente vencelladas a catro eixos:

- (i) Prestar unha atención activa a estudantes e usuarios do Centro con diversidade funcional. Neste sentido no presente curso **2019-20** en liña con Accións anteriores, instalouse unha varanda que facilita e

proporciona a seguridade necesaria par a subida e baixada da rampla de acceso á tarima do Salón de Actos por parte dos usuarios en cadeira de rodas ou a substitución da cancela da saída de emerxencia nonsó para adaptala o plan de Riscos Laborais, senón tamén para a autonomía dos usuarios con diversidade funcional.

- (ii) Colaborar nas propostas de adquisición de recursos bibliográficos. Cómpre lembrar a realización do "Boletín de novidades bibliográficas" que se traslada á Biblioteca, como unha costume asentada no Centro de longa tradición coordinada polo Prof. Martín González e a participación de bolseiros de Colaboración.
- (iii) Activar anualmente accións de mantemento, actualización e adquisición de material tecnolóxico e informático para o Centro e o uso do seu Persoal (PDI, PAS, Estudantado), co propósito de que o desenvolvemento do título conte cos necesarios "recursos materiais e servizos".
- (iv) No curso **2020-2021** debemos aludir a un cuarto eixo, absolutamente fundamental que foi central para o desenvolvemento das actividades académicas, de xestión e de administración propias do Centro: as necesidades de recursos materiais xeradas pola adaptación destas actividades tanto a virtualidade como a semipresencialidade a causa da pandemia COVID, a cal obrigou a desenvolver o curso **2020-2021** nun escenario de semipresencialidade que implicou non só –como xa sinalamos– un gran esforzo no traballo dos sectores implicados (PDI e PAS), senón tamén unha gran incidencia no orzamento do Centro. Iremos detallando estas adaptacións, no que respecta ao "Recursos materiais" ao longo deste Criterio 5.

O desenvolvemento destes catro aspectos non é doado para un Centro moderno, pero que conta con un orzamento máis ben modesto, como é o noso. As actuacións levadas a cabo nos eixos anteriormente sinalados teñen presente que se trata dun Centro situado nun grande edificio recente e integramente remodelado e rehabilitado, pero de carácter histórico na zona monumental da cidade e que o ocupamos case en exclusiva (catro dos cinco andares). Entre o conxunto de Accións desenvolvidas en relación aos catro eixos anteriormente indicados podemos sinalar as seguintes:

1.- No edificio contamos con espazos destinados ás necesidades do mantemento, tamén con espazos destinados ao estudantado, espazos para o PAS, espazos para o PDI (despachos individuais e compartidos) e espazos para o desenvolvemento da actividade de xestión, da actividade docente e investigadora.

Así, o edificio conta con 5 aulas de capacidade media de 75 persoas cada unha destinadas para actividades docentes e con 6 seminarios cunha capacidade cada un de 20 persoas destinadas tanto para actividades docentes como para actividades extracurriculares de grupos máis reducidos e con mobilidade de mesas que permite crear grupos de traballo o que favorece á participación e cooperación entre os estudantes.

Nesta liña contamos tamén coa "Sala Hipatia" destinada a usos múltiples, con mobiliario móbil e capacidade para 38 persoas, dotada -ao igual que as aulas e seminarios- tamén con ordenador, taboleiro, canón de imaxe, pantalla e monitor. O seu uso non é só para actividade docente, senón que tamén ven sendo usada para a defensa de TFG e TFM. Cómpre indicar que o Centro segue a manifestar o seu compromiso cos espazos de Igualdade outorgando a este aula o nome dunha distinguida filósofa. Neste sentido, o Centro continúa co seu compromiso coas políticas de xénero e neste curso **2020-2021** asignamos aos seis seminarios -antes sinalados- seis nomes de significadas filósofas como un recoñecemento da importancia das filósofas na historia; os devanditos nomes foron elixidos tanto polo PDI como polo Estudantado do Centro a través dos Órganos de Coordinación do Centro. No que respecta aos "recursos materiais" deses espazos foron obxecto dunha mellora da interconectividade WIFI, que aumentou a súa intensidade e evitou algunhas "sombas" propias dos edificios históricos. Tanto as aulas como os seminarios están dotados dos medios tecnolóxicos necesarios para a docencia como pantallas de proxección, canóns de imaxe, ordenador, monitor, altafalante, taboleiro analóxico, tableta dixital e múltiple rede de enchufe eléctrica para facilitar no estudantado o uso

dos seus ordenadores. Esta multiplicación da conectividade eléctrica foi no curso 2018-19 levada a cabo en todas as aulas e no curso **2020-2021** foi tramitada para os seminarios a través do capítulo RAM do orzamento do Centro. Tendo adquirido e recibido todo o material eléctrico necesario, o servizo de electricistas da USC ten o compromiso co Centro de executar a súa instalación durante o 2022. Tanto as melloras nos espazos como na súa dotación tecnolóxica e informática é obxecto, por parte da equipa decanal, dunha periódica revisión e, cando procede, da súa renovación, tendo moi presente neste sentido a política do Centro coa sustentabilidade. Pode comprobarse de xeito detallado e exhaustivo o inventario de todas estas actuacións tomando as AM1, AM3 e AM5 do Plan de Melloras do Centro 2017-18 que foron completadas, aumentadas e reforzadas nas respectivas AM1, AM2 y AM3 do Plan de Melloras do Centro 2018-19 e que cobran continuidade nas AM1, AM2, AM3 e AM4 do Plan de Melloras do Centro 2019-20. No curso **2020-2021**, entendemos que non era preciso unha Acción de Mellora específica a este capítulo xa que este proceso de actualización dos recursos materiais é xa un elemento habitual no funcionamento do Centro, mais a continuación sinalamos algunhas das principais accións realizadas, que en termos xerais, ese curso, non foron destinadas tanto a mellora do equipamento como á adaptación do mesmo ás circunstancias da semipresencialidade na que había que desenvolver o curso.

Nesta liña de acción continuada no tempo, cómpre lembrar que:

1) No curso 2018-19, o Centro, entre algunhas outras accións, promoveu as seguintes:

(i) unha dotación e mellora de equipamento tecnolóxico recollida na AM1-PM2018/19: 2 proxectores para aula e seminario, 4 monitores para seminarios e Sala de Xuntas, 1 pc portátil para uso colectivo doPDI, 2 microfónos e ampliación do sistema de audio para o salón de actos, 2 teclados con lector de tarxetas, 2 ratos pc, 6 discos SSD para a mellora e actualización de computadoras, 1 escáner de uso colectivo e 2 impresoras, 5 lámpadas de mesa, un plotter, 2 cabaletes.

(ii) unha redistribución dalgúns espazos do edificio, procedendo á asignación de despacho ao novo PDI contratado, a reubicación de Profesores que así o solicitaron e a asignación de novo espazo para a Revista Ágora e Profesores visitantes (AM2-PM2018/19).

(iii) unha mellora de elementos estruturais do Centro: mellora da iluminación LED nos espazos colectivos (Biblioteca e vestíbulo da Facultade) en virtude do noso compromiso coa sustentabilidade, restitución da pintura (nos despachos 328 e 329), reparación de danos no chan (despacho 328) e actualización da rotulación dos novos espazos e das caixas de correo do profesorado (AM3-PM2018-19).

2. No curso 2019-20 estas Accións anteriormente sinaladas, atopan solución de continuidade manifestando o permanente compromiso do Centro coa dotación de Recursos materiais e servizos:

(i) a AM1 PM 2019-20 continuou coa mellora do equipamento informático e tecnolóxico do Centro (1 proxector, 1 escáner de uso colectivo, 1 pc portátil de uso colectivo, 1 pantalla de proxección de funcionamento automático, 1 impresora de cor, 7 mandos de powerpoint, 2 pantallas repetidoras para o salón de actos, 4 SSD, 3 conmutadores, 3 teclados con lector de tarxetas, 2 monitores de pc, 1 impresora, 1 computadora para a sala de xuntas.

(ii) a AM2 PM 2019-20 continúa, a súa vez, coa optimización dos espazos do Centro: restitución da pintura (despachos 205, 212-214), restitución de danos no chan (despacho 312), instalación de iluminación LED na escaleira Central dos 4 andares e no despacho de Persoal de Biblioteca e no de Conserxería e a substitución do desaugadoiro da fachada, entre outras execucións de mantemento recollidas na AM4-PM2019/20.

3. No curso **2020-2021** o Centro tratou de seguir coa política de mellora e actualización dos Recursos materiais, pero sometidos á necesidade de atender as urxentes adaptacións que precisaba o desenvolvemento das actividades docentes e de xestión nas circunstancias da COVID, acontecidas entre o escenario de "virtualidade" e de "semipresencialidade". Neste eido, o Centro destinou a meirande parte do seu orzamento anual a algúns conceptos como son por exemplo en relación ás aulas (**AM1-PM Centro 2020/2021**):

- a adquisición de 35 cadeiras-pala auxiliares para poder optimizar o aforamento das aulas e seminarios e respectar a súa vez o obrigado distanciamento interpersoal entre os estudantes. Para non minguar tanto o orzamento o Centro solicitou ao almacén da USC outras 25 cadeiras que estaban dispoñibles.

- a adquisición de 12 cámaras web HD e 10 soportes de brazo articulable para cubrir todas as aulas e seminarios, para poder impartir docencia (a través de MSTeams) mentres a USC non proporcionaba solucións máis

sofisticadas e uniformes para todos os Centros, que finalmente non chegaron ata o inicio do segundo semestre do curso **2020-2021**, polo que o Centro tivo que funcionar todo o primeiro semestre co sistema das cámaras Web. Cómpre sinalar que, ademais, o Centro tivo que asumir a correspondente derrama que a USC estableceu pola instalación de mellores cámaras de alta precisión e control remoto xunto con sistemas de audio interconectados entre aulas para un axeitado desenvolvemento da docencia *online* e semipresencial. A derrama inicial soportada polo Centro foi para dúas aulas instaladas a xeito de proba tendo o Centro que asumir posteriormente -durante o segundo semestre 2021- o custo íntegro de idénticos elementos e instalacións en todas as aulas do Centro, coa fin de garantir a mellor calidade tecnolóxica posible no desenvolvemento da docencia. Isto implicou a práctica totalidade do noso limitado orzamento.

- a adquisición de 4 Ordenadores de sobremesa e 2 portátiles (para as Aulas: 1, 2, 3, 4, 5 e Aula Hipatia) de maior potencia que os que estaban instalados. Isto foi unha necesidade para garantir o feito de poder desenvolver a docencia virtual do xeito máis seguro posible, tras comprobar que as computadoras que tiñamos ata ese momento comezaban a dar problemas para “soportar” tanta docencia a través de MsTeams. Esta renovación do total de computadoras das Aulas do Centro foi o outro concepto máis gravoso para o orzamento do Centro.

- a adquisición de 4 tabletas dixitais que funcionan como taboleiros electrónicos a disposición daqueles docentes que preferían usar esta ferramenta como complemento ao taboleiro de MsTeams.

- a adquisición de 3 proxectores, dos que un foi para a aula cinco (cuarto curso), o outro para a sala Hipatia e o outro foi para reforzar o segundo tendido de butacas do amplo salón de actos que tivo que ser reutilizado como aula dada a necesidade de duplicar aulas para cada curso (aplicando o sistema de “aula espello”) de xeito que todos os estudantes -respectando a necesaria distancia interpersonal- puideran seguir as clases desde o propio Centro.

- a adquisición catenarias, cintas e sinalética destinadas a dirixir o tránsito das persoas polo interior do Centro.

- a adquisición de pequeno mobiliario e útiles destinados aos elementos de seguridade e de produtos hixiénicos e de aseo fronte a COVID.

- a inclusión no orzamento 2021 de iluminación LED na aula 2 para continuar co compromiso coa sustentabilidade que ten o Centro de ir instalando este tipo de iluminación en tódalas aulas.

2. Contamos tamén, no andar principal, cun *Salón de Actos*, con capacidade para 160 persoas, dotado de rede, de butacas con táboa, de ordenador, canón de imaxe, macro-pantalla de proxección, atril e 3 micrófonos de mesa. No curso 2017-18, como consecuencia do compromiso do Centro cos usuarios con diversidade funcional, instalouse unha rampla de acceso ao estrado. No curso 2018-19 dotamos a mesa presidencial de tres pequenas pantallas repetidoras da imaxe proxectada na pantalla principal. No curso 2019-20 melloramos o sistema de audio. Mais no curso **2020-2021**, condicionados polo uso do espazo como aula, procedemos a:

- mellorar o equipo informático coa substitución da CPU existente por outra máis potente.

- adquirir 1 Cámara web HD e 1 soporte brazo articulable para impartir docencia provisionalmente mentres a USC non procedía a instalación dunha cámara máis potente e por control remoto.

- adquirir 4 micrófonos sen fíos de solapa para o salón de actos dada a amplitude do espazo para que o profesor puidera moverse polo mesmo sen estar suxeito aos micrófonos da mesa do estrado.

- adquirir 1 tableta dixital específica para este espazo a modo de taboleiro electrónico

- adquirir 1 proxector e pantalla, ademais do que xa existe, para mellorar a visibilidade dos contidos proxectados no último tendido de butacas.

- instalar unha varanda na rampla de acceso ao estrado preparada dacordo as instrucións da normativa de RR.LL e en virtude do compromiso do Centro coas persoas con mobilidade reducida. Nesta liña cómpre lembrar que o centro tamén modernizou a saída de emerxencia instalando unha porta practicable conforme a normativa de RR.LL e apta para persoas con mobilidade reducida (**AM3-PM Centro 2020/2021**). Neste capítulo de RR.LL, concretamente na área de saúde, o Centro propón para o curso 2021-2022 a adquisición dun desfibrilador propio do Centro para reducir os tempos de intervención (**AM3.PM2021/2022**).

- no orzamento 2021 adquirimos a instalación de Luces LED neste espazo para ir estendendo o compromiso de sustentabilidade do Centro paulatinamente en todos os seus espazos, que a USC ten o compromiso de instalar no 2022.

3.- O Centro conta tamén cunha Sala de Xuntas, onde se celebran as reunións dos órganos de xestión da Facultade, con capacidade para 24 persoas e evidentemente con disposición de acceso a rede, canón de imaxe, pantalla, e ordenador, o que entre outras cousas, facilita a asistencia ás reunións do persoal con docencia noutros campus e como corresponde ao compromiso de mellora asumido polo noso Centro, facilita a redución dos tempos de reunión optimizando os mecanismos de conciliación laboral, nun PDI xa bastante cargado de tarefas de xestión académica. No ano 2019 reforzamos o illamento da ventá e no ano 2020 adquirimos unha cámara web con brazo articulable e un sistema de son para a realización das reunións telemáticas (con independencia do sistema de videoconferencia que obrigaba aos asistentes virtuais a estar nunha sala concreta) entre os docentes así como as defensas de TFG e de TFM derivadas da obrigada non-presencialidade (2019/2020) ou da "semipresencialidade" (2020-2021) a causa da COVID. Nesta liña, durante o curso **2020-2021**, dada a redución do aforo neste espazo, tivemos que implementar a asistencia virtual ás reunións de xestión académica, o que implicou a adquisición do material xa indicado para poder celebrar non só esas reunións de xestión académica, senón tamén as defensas de TFG e TFM regulados nese réxime de non-presencialidade. No orzamento 2021 adquirimos a instalación de Luces LED para ir estendendo o compromiso de sustentabilidade do Centro paulatinamente en todos os seus espazos, que a USC ten o compromiso de instalar no 2022. Tras varios cursos actuando no conxunto das aulas e dos espazos comúns do Centro, entendemos que no curso 2021-2022 é preciso abordar melloras neste espazo, que pase por unha profunda actualización e modernización da súa tecnoloxía -que abra a súa funcionalidade para reunións científicas- e a optimización da súa capacidade para un cadro de PDI e representantes de estudiantado cada vez máis numeroso. O Centro entende que se ben durante os últimos cursos fixo bastantes intervencións nos espazos colectivos, a Sala de Xuntas foi probablemente o espazo que menos intervencións recibiu, e nese sentido propoñemos a AM2.PM2021/2022 co propósito de abordar unha profunda actualización da mesma.

4.- O edificio conta así mesmo con un Local de estudantes, con capacidade para 14 persoas, con conexión á rede, ordenador, taboleiro e mesas, onde o estudiantado exerce as súas reunións e actividades de representación. Trátase tamén dun espazo de traballo auxiliar ao da Biblioteca no cal non é obrigado o silencio polo que favorece a preparación de materiais en grupo, debates, etc. No curso 2019-20 asignamos unha mesa e tres cadeiras para ampliar a súa funcionalidade. No curso **2020-2021** o Centro adquiriu seis cadeiras máis para este espazo.

5.- Un dos espazos máis destacables e desde logo valorados do Centro é a Biblioteca, polo súa fundamental importancia no apoio á docencia, estudo e investigación. Dispoñemos de 90 postos de estudio (no centro mesmo da cidade) e dunha colección bibliográfica, en acceso aberto, de máis de 41.000 volumes xunto aos máis de 600 títulos de Revistas e casemedio centenar de revistas electrónicas, especificamente filosóficas. Segundo o indicador EA5 estes números nos sitúan moi por encima en relación con outras titulacións que contan con maior número de alumnado. Ademais, e resultando este outro aspecto especialmente útil para a condición de aprendizaxe e investigación, a Biblioteca conta cun Persoal de alta competencia e comprometido coa constante mellora deste espazo: debemos ter en conta a permanente mellora das ferramentas que dan acceso aos contidos das coleccións e a promoción de cursos de formación en ferramentas bibliográficas así como a constante asistencia documental que o Persoal da Biblioteca presta ao noso estudiantado e PDI. No curso **2020-2021** a Biblioteca tamén tivo que reducir o seu aforamento, mais seguiu a ofrecer os seus servizos de préstamo de libros realizou un esforzo excepcional de atención a distancia tanto ao alumnado como ao PDI, especialmente nos momentos e nos casos de confinamento domiciliario. Nese curso procedeuse a implementar a iluminación LED neste espazo e así mesmo meses despois o Centro asumiu tamén a construción e colocación dunha escaleira con plataforma para o despacho do persoal da biblioteca que resultaba necesaria para poder acceder á ventá dada a necesidade de ventilación por COVID (**AM3-PM Centro 2020-2021**).

Estes recursos materiais sinalados son tan só algúns exemplos dos investimentos que o Centro asumiu para poder seguir a ofrecer os servizos de docencias e xestión durante a pandemia da COVID neste curso **2020-2021**, ademais doutras accións que sen custo orzamentario directo tamén influíron na xestión dos "recursos materiais" como foi por exemplo:

- A necesidade de destinar un espazo á “sala COVID” (espazo de illamento COVID no caso de que alguén do Centro presentase síntomas compatibles coa enfermidade ata a chegada do persoal sanitario, en cumprimento coa Instrución do Comité COVID da USC).
- A necesidade de destinar os seis seminarios e as cinco aulas a funcionar como “aulas espello”, sumando a estas o Salón de Actos tamén como aula, de xeito que a práctica totalidade dos espazos comúns do Centro quedaron reservados e destinados para uso docente, xa que se respectou en todo o momento o distanciamento interpersoal de 150 cm.
- A necesidade de limitar os aforamentos de absolutamente todos os espazos do Centro, desde as aulas ata os aseos ou mesmo o elevador. Tamén era moi recomendable evitar as titorías presenciais en espazos reducidos como poden ser os despachos do profesorado. En relación a esta recomendación así como a conveniencia de asistir de xeito telemático ás reunións de xestión académica, adquirimos 27 cámaras web para repartir entre os docentes do Centro e o persoal de administración. Tamén adquirimos un PC portátil depositado en Conserxería para préstamo de uso ao persoal do Centro.
- A necesidade de edición de material divulgativo da titulación adaptado para os Encontros Virtuais na USC (que ata ese momento eran presenciais).

Con todo, aínda que o Centro tiña programado nese exercicio **2020-2021** algunhas Accións de Mellora dos seus Recursos Materiais como eran a restauración da porta da fachada principal, a actualización (modernización) do sistema electrónico de control de acceso ao edificio e a instalación dunha fonte de auga potable, houbo que reconducir o investimento e os tres conceptos tiveron que ser adiados ante estas necesidades máis urxentes. Mais estes tres conceptos están a ser executados no curso 2021-2022 na medida en que estamos volvendo a unha certa normalidade. Cómpre, para finalizar, destacar o esforzo que fixo o Centro para adaptarse a estas excepcionais circunstancias da COVID e á vez afrontar os custos correntes (os gastos fixos do edificio e do seu uso, os gastos de mantemento e reparación de elementos necesarios -como os cristais rompidos, estores ou cadeiras-, os gastos en material funxible -papelería, ferraxaría e informática- e pagamento de cursos de Formación e Conferencias recibidas), o que se logrou adiando elementos de mellora como os tres anteriormente sinalados.

B) Servizos:

No relativo aos “servizos de orientación académica” e de “atención ao estudante”, o Centro está traballando, durante os últimos anos, en catro grupos:

1.- O “Plan de Acción Titorial”, incidindo especialmente no “Programa de acollida aos novos estudantes e acción titorial”, mediante o (i) “Programa de alumnos titores” enmarcado no Programa A Ponte co que o noso Centro traballa moi activamente a través do seu Coordinador na Facultade para facilitar a incorporación do alumnado de primeiro curso (no curso **2020-2021** o Centro incrementou a súa presenza na web do Programa A Ponte e nos Encontros Virtuais na USC, xa que a USC decidiu non realizar fisicamente a visita e recepción dos estudantes de Bacharelato); (ii) “As titorías personalizadas” que procede a asignar un docente titor a cada novo estudante do que pode solicitar asesoramento ao longo do seu proceso formativo, reforzando así as vías de comunicación entre alumnado e profesorado. No curso 2019-20, a propostado Coordinador de Grao, abordamos un reforzo deste capítulo de “titorías personalizadas” polo que se notifica por correo electrónico a cada alumno/a non só o nome do seu titor, senón tamén as funcións deste tipos de titorías e desde o **2020-2021** faise ademais unha proposta de cita para entrevista ao inicio e ao final do primeiro curso coa fin de reforzar a comunicación entre o PDI e o estudiantado xa desde o inicio dos seus estudos e facilitar a súa integración no Centro.

2.- O “Plan de Coordinación” tanto horizontal como vertical, a través do reforzo da “coordinación de cursos” (AM.03 2017-18) orientado, como xa explicamos, a detectar e corrixir deficiencias mediante reunións periódicas entre coordinadores, docentes e representantes do alumnado de cada curso. A proposta do Coordinador de Grao,

experimentamos no curso 2018-19 a modalidade virtual para estas reunións, o que precisamente favoreceu a súa celebración tamén no curso 2019-20 (durante a pandemia e o confinamento domiciliario) nese formato. Con todo, tal e como se explica no criterio 1 deste Informe, durante o curso **2020-2021**, sen renunciar a esta virtualidade, recuperamos a posibilidade de manter esas reunións con carácter presencial (**AM2-PM 2020/21**).

3.- O "Plan de comunicación" (AM.01 2017-18) xa detallado (criterios 2 e 3) que conseguiu implantarse como norma habitual do Centro proporcionando durante estes últimos tres anos unha permanente mellora no volume, facilidade de acceso e transparencia da información e documentación do Grao publicada na web do Centro. Tal e como se indica no criterio 2 esta práctica é moi valorada polos distintos sectores implicados do Centro (PAS, PDI, Estudantado e Egresados). No curso 2018-19 procedeuse a ampliación do material informativo do Grao para a súa inclusión na web docentro. No curso 2019-20 (AM6-PM Centro 2019-20) incrementamos a presenza de material da nosa oferta de estudos na web do Programa A Ponte (USC) con Ensino Secundario. No curso **2020-2021**, dada a radical reforma que a USC acometeu na súa imaxe web e na web dos Centros -tal e como xa explicamos no criterio 2 deste Informe- a Facultade está a acometer as tarefas de revisar a información e a súa clasificación na nova estrutura da web do Centro.

4.- O "Plan de mobilidade" para o estudantado (AM5-PM2017/18 y AM4-PM2018/19) que, a través da incorporación dun protocolo que regula os procedementos de xestión do Centro nese asunto, a Responsable de Mobilidade do Centro, aporta en distintas reunións co alumnado información relativa ás dificultades máis comúns dos Programas de mobilidade (que explicamos no "Criterio 1" deste Informe).

Ademais, o Centro está a traballar no seu plan de compromiso coa sustentabilidade, iniciando un proceso de transformación de toda a súa iluminación cara o sistema LED, que tal e como describimos no apartado anterior, é xa unha realidade nos espazos comúns do Centro e na Biblioteca ademais dalgúns despachos colectivos. Xa foi incluído no orzamento 2021 a inclusión da sala de Xuntas, do salón de Actos e da Aula 2 a executar no 2022, de xeito que poidamos rematar con todos os espazos do Centro nos próximos dous cursos. A AM5-PM Centro 2020/2021 nos permitirá identificar novos compromisos coa Axenda 2030 e vertebrar os Plans de Servizos máis acaídos para isto.

En conclusión, a constante mellora destes catro Plans de Servizos estratéxicos para o centro encontra unha boa resposta nos indicadores **2020-2021** que reflexan o Grao de Satisfacción dos distintos grupos de interese da titulación: PDI (4,22) e Estudantes (3,78), que como xa sinalamos no criterio 3 manifestan aínda a pesar das difíciles circunstancias un lixeiro crecemento verbo do ano anterior). Polo demais, cómpre ter presente que este compromiso de mellora dos Recursos materiais, de adquisicións de equipo tecnolóxico para o Centro, a optimización na distribución de espazos do PDI e especialmente o "compromiso do Centro coa sustentabilidade" na identificación e reparación dos seus desperfeitos, constitúen unha liña estratéxica de melloras para o Centro, que se segue a desenvolver anualmente.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No último curso transcorrido, **2020-2021**, aínda impartiuse docencia baixo a incidencia da pandemia covid-19. O escenario vixente desde o inicio do curso foi o chamado “Escenario 2”, previsto pola USC para o desenvolvemento da docencia semipresencial (no noso caso, docencia na aula, mais baixo o sistema de “aula espello”, coas medidas sanitarias garantidas, e tamén docencia telemática para aqueles/as alumnos/as que debían gardar corentena). Neste sistema de “aula espello” tivemos que duplicar as aulas por curso para cumprir co distanciamento interpersoal. O alumnado tiña asignado un pupitre fixo e o profesor impartía cada semana a súa clase alternativamente nunha das dúas aulas de tal xeito que unha semana o profesor estaba presencialmente cun grupo de estudantes mentres o outro grupo o seguía na outra aula e a semana seguinte era este segundo grupo o que recibía a clase presencial e o primeiro grupo o que seguía a clase virtual. Como pode verse, tanto o estudiantado como a profesorado fixo un amplo uso das ferramentas tecnolóxicas instaladas en todas as aulas (cámara e sistema de son, detallados no criterio 5) que permitían este formato de docencia a través da plataforma Teams e por suposto tamén fixeron un intenso uso do Campus Virtual coa finalidade de afrontar esta situación. En xeral, o alumnado respondeu ben, dado que, en gran medida, xa estaba adaptado a esta situación grazas ás medidas implantadas no curso precedente (seguimento telemático da docencia, medidas de seguridade, rexistro COVID), no que en marzo de 2020 se decretou un confinamento domiciliario que obrigou a asumir o segundo semestre de forma virtual. O progresivo incremento do uso do Campus Virtual por parte do profesorado resultou ser tamén no curso **2020-2021** un apoio importante para reforzar o traballo persoal do alumnado, por exemplo, mediante a resolución de tarefas individuais, a creación de foros de discusión e realización de exercicios en grupo que se deu no caso dalgunhas materias. O campus virtual úsase non só como apoio para a avaliación continua, senón tamén como depósito para almacenar materiais bibliográficos e de estudo da materia. A través do seguimento de noticias publicadas no campus virtual o alumno pode seguir en todo momento o que se está vendo nas clases. O uso do campus virtual foi, en definitiva, un aliado fundamental do profesorado neste escenario 2.

Cómpre subliñar que en termos xerais, podemos comprobar que tamén neste curso **2020-2021** se están a cumprir tanto os obxectivos manifestados na Memoria de Verificación do Título como as competencias establecidas de acordo co Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). De modo xeral, en todas as materias, ponse especial énfase na participación do alumnado nas sesións interactivas, que representan un 50% da docencia. Nas sesións interactivas teñen que expoñer traballos, contestar cuestionarios periódicos ou comentar textos seleccionados. Todo isto, entendemos, favorece a adquisición das competencias tanto xerais da Titulación como específicas da materia. No caso do TFG, e a diferenza doutros centros, nós mantemos a obriga de defendelo publicamente ante un tribunal formado por tres profesores do centro, o que tamén permite reforzar as habilidades que se supón debe adquirir o noso alumnado, así como avaliar o nivel de adquisición das mesmas. Debemos reparar en que neste cursos afectados pola COVID a USC aprobou

unha Resolución Reitoral que permitía a defensa telemática dos mesmos sempre que o titor do traballo o avaliase con máis de oito puntos e o alumno/a aspirase a maior cualificación.


Por outra banda, os protocolos de coordinación continuaron funcionando, mais de xeito telemático, o que paradoxalmente contribuíu a mellorar o rendemento do alumnado e a eficacia dos/as docentes durante o 2019-2020 e que se mantén no 2020-2021. Como algúns docentes manifestaron a impresión de que os protocolos en cuestión aínda poderían mellorar máis no caso de abrirse dese a posibilidade de facelos mixtos, isto é, presenciais coa posibilidade de conexión telemática a través de Teams, implementamos neste sentido a **AM2-PM2020/2021** consistente na recuperación desta "presencialidade" a desenvolver no curso 2021-2022, unha vez as restricións sanitarias así o permitan.

No capítulo de resultados de aprendizaxe entendemos que seguimos nunha dirección axeitada se temos en conta os datos estatísticos que refiren ás diversas taxas relevantes, que aínda que mellorables rexistran datos sempre por encima do 70%:

(i) "Taxa de éxito" (IN35G) que é a relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os/as estudantes e o número total de créditos aos que se presentaron, mantense razoablemente alta en liña aos seis cursos anteriores, rexistrando este ano un 87,88%, como un dos resultados máis altos dos últimos anos no Centro e igual á media da universidade (87,9%). Presentamos a continuación unha gráfica que consideramos importante, xa que reflicte a "taxa de éxito" desde o curso 2015-16, na que se observa que sempre quedou por encima do 80% e confirma esa tendencia á alza que referimos, ademais de mostrar o bo resultado por anos. Consideramos importante este indicador xa que nos permite inferir que cando os nosos alumnos/as deciden presentarse ao sistema de avaliación, a maior parte logra superalo.

Taxa de éxito (IN35G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	74,34	79,35	77,87	84,05	90,26	85,95
2º curso	86,82	86,53	88,80	89,40	92,26	88,14
3º curso	91,20	93,63	87,64	91,44	91,69	86,00
4º curso	92,31	93,59	91,88	89,89	95,33	94,28
Sen asignación a curso	100,00	92,41	100,00	100,00	100,00	100,00
Total (%)	84,60	86,62	84,39	87,99	92,10	87,88




Se miramos o resultado da taxa de éxito analizado por materias (INF17) comprobamos que as materias cunha menor taxa concéntranse, como é normal, nos dous primeiros cursos, dado que o alumnado aínda non se atopa moi familiarizado coas metodoloxía e cos sistemas de avaliación propios do sistema universitaria moi distintos aos empregados en Bacharelato. Tendo en conta que o valor medio do Centro é do 87% non estimamos que nas materias existan graves

anomalías nin desviacións notables, aínda que algunha roza unha diferenza superior ao 20% como é Lóxica Elemental 66,6% (ou Filosofía da Linguaxe I 61,82%, aínda que neste caso o dato é completamente aillado a este curso). Entendemos que unha baixa taxa de éxito nalgúns materias máis analíticas pode ser reflexo da escasa familiaridade que o alumnado –fundamentalmente cun perfil humanístico- ten en moitos casos coas metodoloxías e contidos das mesmas. Tampouco axuda o impacto negativo que na aprendizaxe destas metodoloxías causou a docencia online e semipresencial.

(ii) A "taxa de rendemento" (IN34G) que mide a relación entre o número de créditos superados e o número total de créditos matriculados, tamén confirma unha tendencia interanual á alza e, de feito, xunto co resultado do curso anterior, resulta a máis alta dos últimos anos. Con todo, o resultado obtido este curso do 73% resulta un pouco máis baixo que o do curso anterior (78%) e está sensiblemente por debaixo da media da USC (80%). Na gráfica podemos ver que a taxa de rendemento – ao igual que acontece coa taxa de éxito- tende a mellorar conforme se pasa dun curso a outro, sendo bastante mellor nos cursos máis avanzados, unha vez -segundo consideramos- que o alumno/a vai adquirindo e reforzando as competencias propias da Titulación e se vai familiarizando coas metodoloxías de análise filosófica.

Taxa de rendemento (IN34G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	50,68	55,66	55,53	57,74	73,84	68,83
2º curso	70,00	75,06	78,96	73,03	79,75	71,55
3º curso	77,49	85,14	67,25	81,27	81,24	75,16
4º curso	74,69	77,68	74,80	67,44	84,66	82,55
Sen asignación a curso	73,33	92,41	76,00	100,00	96,84	89,24
Total (%)	64,86	69,22	65,55	67,76	78,89	73,03



Aínda que en termos interanuais a tendencia é claramente crecente e que en valores absolutos supera un notable nivel do 70%, entendemos que se trata dunha referencia que debemos seguir mellorando e como proba deste compromiso implementamos dúas accións de mellora específicas para este índice:

- (a) **AM3-PM2020/2021** pola que a través da formulación dun cuestionario propio do Centro pretendemos coñecer de forma máis directa as posibles causas dos problemas de rendemento no alumnado. Este cuestionario comezará a aplicarse a finais do curso 2021-2022 -conforme os prazos consignados na devandita acción- xa que entendemos que se trata dunha referencia que debemos comprender dun xeito interanual e non desde as circunstancias tan difíciles e excepcionais nas que funcionou o curso 2020-2021 e que ese non era un curso


idóneo para formular directamente estas cuestións.

- (b) A **AM1-PM2020/2021** nos permite facer un certo seguimento desta taxa de rendemento por materias para poder detectar se existe algunha anómala e alta desviación verbo da media da titulación e ver si esta anomalía se estende ao longo de varios cursos no tempo e que o/a docente (caso de ser o/a mesmo/a neses cursos) promova –se o entende conveniente- algún cambio na súa metodoloxía ou sistema de avaliación nesa materia en concreto. Tendo en conta que a media interanual do Centro é do 70% non observamos ningunha materia que presente desviación alta e anómala verbo desta referencia. Iso si, analizados os resultados por materia (**Inf.18**), observamos que algunhas materias atópanse por debaixo do 60% (Introdución á Antropoloxía Cultural 57,80%; Pensamento filosófico e científico 57,14%; Lóxica elemental 53,61%; Filosofía da Linguaxe I 43,04% neste caso o descenso é puntual deste curso; Filosofía da Ciencia I 59,02%; Metafísica II 59,62%). Tal e como indicamos na Acción de Mellora descrita, cómpre seguir observando se estas taxas, algo baixas, seguen a darse nos próximos cursos e que o docente, como máximo coñecedor das particularidades da súa materia, avalíe a posibilidade de introducir algún cambio na metodoloxía ou sistema de avaliación. Por exemplo, de xeito moi positivo e como proba do funcionamento dos mecanismos do centro, segundo puidemos intercambiar na última reunión de coordinación de segundo curso deste 2021-2022 a docente da materia de “Lóxica Elemental” comunicou que viña de introducir, para probar, un cambio parcial no sistema de avaliación consistente na introdución de probas tipo test dado que a súa materia o permite.

(iii) A “**taxa de avaliación**” (**IN36G**) é a relación entre o número de créditos aos que se presentaron os/as alumnos/as e o número total de créditos matriculados. Esta taxa sitúase lixeiramente por debaixo do resultado do curso pasado, mais aínda así foi bastante alta: 83,10%. Aínda que a súa tendencia interanual é claramente á alza e que en termos absolutos suporía unha cualificación de notable, atopámonos sensiblemente por debaixo da media da USC (92%). Na seguinte táboa pode verse: (i) que os resultados son similares aos de anos anteriores e mesmo veñen sendo mellores nos dous últimos anos; (ii) que o resultado por curso nos permite apreciar que a porcentaxe do alumnado que se presenta a exames para ser avaliado é máis alta nos cursos máis avanzados a medida que o noso alumnado consegue ir facéndose coas metodoloxías e competencias propias da titulación polo que debemos actuar prioritariamente sobre o primeiro e segundo curso; (iii) tendo en conta que a media do Centro é do 83% non existen nas materias graves e anómalas desviacións (**INF19**), salvo en “Filosofía Alemá na Época da Ilustración” que de xeito puntual nese curso rexistra un 62,5% (segundo o INF19 a taxa de avaliación por materia e curso é moi flutuante polo que resulta importante observar a media do último trienio).

Taxa de avaliación (**IN36G**):


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	68,17	70,14	71,31	68,70	81,81	80,07
2º curso	80,63	86,75	88,91	81,69	86,44	81,17
3º curso	84,97	90,94	76,74	88,88	88,60	87,40
4º curso	80,92	83,00	81,41	75,03	88,81	87,56
Sen asignación a curso	73,33	100,00	76,00	100,00	96,84	89,24
Total (%)	76,66	79,92	77,67	77,01	85,66	83,10



Máis alá destas Taxas que consideramos razoablemente boas en termos absolutas ao estaren todas elas por encima do 70%, o que suporía cualitativamente un notable, existe un indicador que resulta bastante mellorable –xa indicado e tratado no criterio 1.2 deste Informe- que é a Taxa de abandono (IN41G). A taxa de abandono neste curso é de 39,2%. Positivamente, cómpre subliñar que este dato é mellor que o de cursos anteriores e que presenta unha boa tendencia na medida en que se aprecia que está a corrixirse de forma bastante pronunciada. Negativamente, e facendo unha debida autocrítica, non podemos, malia a mellora na súa tendencia, entender este dato en termo absoluto como positivo.

Taxa de abandono (IN41G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	64,71	50,00	34,29	43,59	45,65	39,22



Na procura de seguir a corrixir ese dato e consolidar a tendencia que está a debuxar este indicador, o equipo formado pola dirección do Centro, o Responsable de calidade, o Coordinador do título e os Coordinadores de curso, debe seguir explorando as causas principais de abandono para poder analazas en sucesivos informes de coordinación e da comisión de calidade. Mostra da iniciativa do Centro na procura de mellorar este índice é a proposta dalgunhas accións de Mellora no Plan de Melloras 2020-2021 encamiñadas a tratar o que poden ser as causas de abandono: unha posible causa era a acumulación dun expediente moi cargado de materias non superadas, isto é, un baixo índice na taxa de rendemento e nese sentido promovemos a AM1-PM2020/201 centrada en facer un seguimento daquelas materias que ano tras ano

presenten desviacións anómalas verbo da media da titulación. Outra razón central que entendemos necesaria para abordar o problema é coñecer do xeito mais directo posible esas causa de abandono polo que promovemos para finais do curso 2021-2022 un reforzo da Acción Titorial a través dunha enquisa ao profesorado sobre as súas observacións neste tema en relación aos seus alumnos/as titorizados/as (**AM3-PM2020/2021**). En todo caso, os informes dos coordinadores de curso serán neste punto de gran utilidade en todo o que poidan obxectivar acerca desta cuestión.

Ademais do sinalado o Centro ten traballado sobre este Índice que somos conscientes que se sitúa sensiblemente por riba da media da USC (22%), aínda que en liña co índice doutras Facultades de Filosofía do estado español que, segundo se ten reparado na Conferenciade Decanos do 13/02/2019 a "taxa de abandono" nas titulacións de Filosofía presenta unha media do 35% sendo unha constante compartida en todo o sistema universitario español. Isto indica que se trata dun índice moi enquistado neses valores durante moitos anos (lembremos que entre 2015-2017 estaba nunha pinza entre o 50% - 64%) mais que ven manifestando unha tendencia de mellora, que non se pode corrixir de golpe a curto prazo, e mais tendo en conta que algunhas das Accións de mellora referidas non puideron desenvolverse de xeito íntegro nas excepcionais circunstancias da pandemia sufrida nos cursos 2019-2020 e **2020-2021**, non só polas dificultades de desenvolvemento das mesmas nun contexto excepcional senón tamén asumindo lexitimamente unha certa "relatividade" nos datos específicos deses dous cursos seriamente afectados pola pandemia.

Xa historicamente, o Centro actuou neste sentido:

- (i) No curso 2017-2018 (AM3-PM 2017-18) ofertáronse dous cursos formativos en competencias propias da nosa titulación ("Competencias en información na contorna dixital" e "Técnicas de perfeccionamento da comprensión textual e expresión escrita"), cos que intentamos reforzar competencias básicas no noso alumnado e favorecer a "taxa de rendemento".
- (ii) No curso 2018-2019 complementamos esta iniciativa con reforzo do "programa de titorías personalizadas" de tal xeito que a cada alumno/a de primeiro curso lle foi asignado un profesor-titor, que tiveran como referencia para tratar todas aquelas cuestións de (in)satisfacción coa Titulación.
- (iii) No curso 2019-2020 actuamos nunha dobre dirección:
 - (a) Coa AM3-PM2019/20 aprobamos un protocolo de prelación na coincidencia de exames de avaliación de xeito que demos prioridade á avaliación das materias de Formación Básica e dese xeito tentamos que o alumnado conseguira non ir acumulando materias suspensas dos primeiros cursos e ir evitando así incompatibilidades de asistencia ás clases. Tentamos, así, reducir o número de abandonos mellorando o índice de avaliación e de rendemento.
 - (b) Coa AM5-PM2019/20 reforzamos a información relativa ao "Programa de titorías personalizadas" e ao inicio do curso enviamos correo electrónico a todo o alumnado de primeiro curso no que se lle informa do sentido deste programa, se lle facilitaron os datos de contacto do seu profesor-titor e se instou ás partes para que mantiveran a correspondente titoría.
- (iv) No curso **2020-2021** damos un paso máis neste dobre sentido coas Accións detalladas no parágrafo anterior:
 - (a) A **AM1-PM2020/21** xa descrita liñas mais arriba e que permanece aberta xa que consideramos que a análise debe facerse tendo en conta unha serie de polo menos tres cursos e que obviamente eses cursos se desenvolvan libres de circunstancias tan excepcionais como as sufridas nos dous últimos anos que, sen dúbida, nos permiten "relativizar" os datos ofrecidos.
 - (b) A **AM3-PM2020/21** tamén descrita que pretende o reforzo do Plan de Acción Titorial de xeito que logren facer unha titoría de presentación ao principio do curso e polo menos outra titoría de valoración no final do curso, na que o estudante poida transmitirle o que estime oportuno ao docente en relación ao seu propio rendemento e o seu potencial abandono.

De xeito mais indirecto, o Centro ten medidas desenvolvidas ao longo dos últimos cursos para corrixir o índice de abandono cando este pode deberse a motivos máis xenéricos:

- (i) traballamos na mellora das ensinanzas, a través de por exemplo: (a) a oferta de PAE que potencia a dimensión práctica e profesionalizante da Titulación (AM2-PM2019-20) recuperadas no 2021-2022 logo da interrupción

- obrigada pola COVID; (b) a oferta de co-dirección de TFG sempre que exista un enfoque transversal, que así o recomende o titor inicialmente asignado e que exista capacidade docente na área de coñecemento (**AM5-PM2020/21**) co propósito de facilitar que o alumnado desenvolva un tema desexado.
- (ii) traballamos na mellora das programacións e avaliacións das materias coa aprobación do protocolo de prelación de coincidencia de exames AM3-PM2019-20, a habilitación do sistema de avaliación para alumnado con dispensa de asistencia, a introdución de valoración do informe de titor no TFG AM4- PM2019-20, e especialmente adaptamos os sistemas de avaliación durante o curso 2019-2020 á non-presencialidade e no curso **2020-2021** á semipresencialidade, tanto das materias como do TFG.
- (iii) traballamos na mellora do protocolo de Coordinación do Centro: (a) incorporando por parte do coordinador de curso un calendario de actividades para cada curso co fin de axudar ao alumnado na programación das tarefas e evitar unha excesiva concentración das mesmas ou a coincidencia en certas datas; (b) favorecemos a asignación -na medida do posible- do alumno/a ao Grupo Interactivo que por horarios mellor se adapta ao seu expediente académico (**AM4-PM2020/21**); (c) recuperamos para o curso 2021-2022, unha vez implantada de novo a plena presencialidade, as reunións presenciais (síncronas) de Coordinación de curso para potenciar o diálogo entre o profesorado e favorecer a súa participación activa (**AM2-PM2020/21**) e tentar obxectivar as súas achegas ao finalizar o curso.

En definitiva, consideramos que este conxunto de iniciativas estendidas no tempo constitúe unha das causas da boa evolución na progresiva redución da taxa de abandono. Mais entendemos que isto debe de seguir sendo unha constante para nós e, precisamente, a través das titorías personalizadas, esperamos ir recollendo cada curso información mais precisa sobre as causas de abandono esgrimidas polo propio estudantado, (sen prexuízo das reflexións que criticamente realizamos os docentes) o que permitirá unha mellor análise da situación e propostas de accións de mellora mais específicas.

Co sinalado, poñemos de manifesto que o Centro ven mantendo unha constante liña de traballo sobre algunhas das distintas causas de abandono que se ven producindo na historia da nosa titulación, co propósito de ir revertendo esta tendencia a medio prazo, tal e como está xa a acontecer. Aínda así, e sen relativizar a importancia deste índice de abandono, entendemos que a devandita taxa, non só pode ser debida á actividade académica do Centro, senón que mais ben a súa etioloxía resulta moi plural, diversa e inconmensurable, tendo en conta ademais que:

- (i) Na súa máis alta porcentaxe se produce nun breve lapso de tempo e de permanencia do alumnado na Facultade (primeiro curso), pois debemos ter presente que do 39% de abandono total o 29% se produce ao longo do primeiro curso (**IN40G**):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	20,00	17,95	26,09	31,37	29,51	29,82

- (ii) Canto tamén pode deberse a factores propios -mesmo persoais- e moi diversos do propio alumno/a.

De feito, as porcentaxes de abandono non informa especificamente acerca das súas causas e deste xeito non sabemos se veñen motivados:

- (i) Por un simple cambio de titulación (que podería de facto ser unha opción anterior na prioridade do alumno/a á opción de Filosofía -tendo en conta que o 83% do noso alumnado é de primeira opción, resta un 17% que se inscribe en Filosofía como segunda ou terceira opción e que de facto abandona se consegue entrar na súa primeira opción). Moitos docentes de primeiro curso teñen a consideración que o noso alumnado é un alumnado heteroxéneo que moitas veces matricúlase na nosa titulación como un simple modo de entrar no sistema universitario e coa idea de cambiar de titulación máis adiante, e que aínda manifestando unha inclinación cara a filosofía non a reforzan co esforzo necesario.
- (ii) Por factores de carácter profesionalizante dadas as urxencias económicas que poden padecer os estudantes,

ou unha renuncia aos estudos universitarios en aras dunha Formación Profesional.

- (iii) Por un aprazamento da opción de Grao en Filosofía ao que o estudante volve a rematar anos despois de realizar outra Titulación na procura dun segundo título complementario a súa profesión principal ou dunha titulación anterior (AM7-PM 2017-18).
- (iv) Algúns docentes entenden que existen alumnos/as que se matriculan en Filosofía sen realmente coñecer a verdadeira natureza e a esixencia moitas veces requirida dos nosos estudos polo que a súa motivación inicial pode verse afectada.


Moitas poden ser as causas e o Centro está a traballar para tentar coñecelas a través das Accións anteriormente descritas e, en consecuencia, proceder a súa análise e proposta de futuras Accións de Mellora. Con todo, entendo o carácter moi diverso das posibles causas, as liñas de actuación do Centro están a ser plurais. Con todo, cómpre salientar que, nun sentido moi positivo, cada vez é maior a porcentaxe de alumnado que se matricula en Filosofía como primeira opción (85%) e en consecuencia tamén cada vez resulta mais alta a nota media de acceso á Titulación (situada en 10 puntos neste 2020-2021 sobre 14) e sobre estes datos positivos debemos continuar a traballar.

En definitiva, e tomando todas estas taxas no seu conxunto e nos seus valores absolutos, así como tendo en conta a súa tendencia ascendente, podemos considerar que a taxa de éxito, rendemento e avaliación mantéñense en valores notables. Certamente, algúns están por debaixo da media da USC, mais cómpre lembrar que isto sucede neste curso de forma illada e segundo os mesmos indicadores observamos que outros anos o Centro reflexa valores moi similares aos da universidade no seu conxunto. Ademais, folga aclarar que, sen dúbida algunha, tratouse dun ano moi “excepcional” e en consecuencia os seus índices poden resultar moi “relativos”, non debemos enténdelos nun sentido absoluto, senón interpretalos como un reflexo desta situación de pandemia e -tanto nos seus resultados positivos ou negativos- deben de ser observados cunha perspectiva interanual, a cal resulta en tódolos casos alcista. De feito, e como manifestación, de que aínda que mellorables, as taxas reflexan un estado razoablemente bo da Titulación temos a “taxa de eficiencia dos titulados” (IN39G) que se sitúa nun 91% ou a “taxa de éxito dos egresados” (relación entre os créditos superados na titulación e os que se presentou) que se eleva finalmente ata o 94%:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	92,20	96,59	80,29	88,47	89,26	94,67

Neste senso, tamén resulta satisfactoria a tendencia marcadamente crecente da “taxa de graduación” (IN37G) que ascende enormemente ata o 52% (e que opera como manifestación de que o alumnado que verdadeiramente accede con intención de graduarse logra facelo no tempo estimado na MVT):


	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	14,71	25,00	42,86	28,21	30,43	52,94



Un tempo de “duración media de estudos” (IN38G) que tamén conseguimos ir mellorando na medida en que logramos

ir reduciéndoo e consolidándoo nos 4 anos contemplados na Memoria de Verificación do Título (IN38G) o cal é moi bo dato tendo en conta que a media da USC é de 5 anos:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	4,89	4,53	5,61	5,18	4,58	4,57



DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa indicabamos no Informe de Seguimento dos cursos anteriores, o dato inicial máis importante que cabe constatar é que o número de alumnado vai aumentando considerablemente, mesmo chegando o límite máximo ofertado. En concreto, a “matrícula de acceso” (IN03G) é de 72 alumnos/as, un dato moi similar ao dos últimos anos e moi superior a dos anos anteriores a 2017-18:


Matrícula de acceso (IN03G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	55,00	55,00	73,00	71,00	72,00	72,00

Ao cumprir coa totalidade das prazas, a nota media de acceso tende correlativamente a ser cada ano máis alta (neste curso 2020-2021 é de 10,03 puntos) o que implica que cada vez recibimos alumnado mellor preparado. Mais o dato máis significativo é que o número total de estudantes no Grao superou con moito a de todos os cursos anteriores, cun total de 257 (IN02G):

Matrícula (IN02G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	183,00	180,00	202,00	217,00	235,00	257,00



É dicir, que temos o número de estudantes máis elevado que nunca tivemos, o que é indicativo da capacidade de captación que aínda teñen os estudos de filosofía, especialmente nun contexto de pandemia e de precariedade para as Humanidades, que teñen que loitar, como sempre pero cada vez máis, cun posicionamento adverso das institucións e autoridades do sistema educativo. Valga como exemplo a última Lei Educativa (LOMLOE), aprobada no curso 2021-2022, que retira a Filosofía da ESO.

A continuación, pódese visualizar unha panorámica xeral que resume os principais indicadores de satisfacción coa nosa Titulación:

- A capacidade de captación da Titulación pode verse nos seguintes Indicadores:

Código	Nome	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN01G	Prazas ofertadas	65,00	65,00	65,00	65,00	65,00	65,00
IN02G	Matrícula	183,00	180,00	202,00	217,00	235,00	257,00
IN03G	Matrícula de acceso	55,00	55,00	73,00	71,00	72,00	72,00
IN04G	Matrícula de novo ingreso por preinscripción	51,00	55,00	73,00	70,00	69,00	67,00
IN35G	Taxa de éxito (%)	84,60	86,62	84,39	87,99	92,10	87,88
IN36G	Taxa de avaliación (%)	76,66	79,92	77,67	77,01	85,66	83,10
IN37G	Taxa de graduación (%)	14,71	25,00	42,86	28,21	30,43	52,94
IN38G	Duración media dos estudos	4,89	4,53	5,61	5,18	4,58	4,57
IN39G	Eficiencia dos titulados (%)	-	-	-	-	-	-
IN40G	Taxa de abandono durante o primeiro curso (%)	20,00	17,95	26,09	31,37	29,51	29,82
IN41G	Taxa de abandono RD 1393/2007 (%)	64,71	50,00	34,29	43,59	45,65	39,22
IN42G	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (1-5)	3,31	4,55	2,94	3,27	-	3,39
IN46G	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (1-5)	3,61	3,73	3,71	3,73	3,72	3,78
IN47G	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (1-5)	3,96	3,74	4,00	4,30	3,97	4,22
IN48G	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (%)	33,33	42,16	43,65	36,89	35,51	26,69
IN50G	Taxa de éxito dos egresados (%)	92,20	96,59	80,29	88,47	89,26	94,67
IN51G	Taxa de idoneidade na graduación (%)	10,29	16,07	28,57	20,51	10,87	29,41
IN53G	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)	85,00	93,12	80,22	88,33	89,03	91,62

Pódese ver na táboa o que vimos manifestando ao longo deste informe: que en xeral aínda que os datos das taxas de abandono son un tanto preocupantes, o resto de índices e taxas son notablemente boas. Especialmente os datos relativos a satisfacción do alumnado e do profesorado: o "grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (IN46G) é alto (3,78/5) e a "satisfacción do noso profesorado coa docencia impartida" (IN47G) resulta, como dicíamos, moi satisfactoria (4,22/5). A "taxa de éxito" (IN35G) é boa (87%) e a "taxa de eficiencia" (IN53G), que marca a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou, é tamén bastante alta, foi de feito a mais alta do último trienio (91,6%). En consecuencia, son en xeral datos moi aceptables, coa conciencia de procurar mellora no relativo á "a taxa de abandono" (IN40G) especialmente en primeiro curso (IN41G) -xa analizadas no "Criterio 1" e "Criterio 6" do presente Informe- de xeito que a Comisión de Calidade e Grao, sen facer "cuestión" de isto, debe seguir de preto para ver a evolución deste indicador unha vez superada a pandemia, analizar os resultados e propoñer algunha Acción de Mellora que complementa as que xa foron propostas (AM1-PM2019/20 e AM4-PM2019/20) e que están a lograr –segundo observamos pola tendencia do índice- unha boa corrección do mesmo.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:


- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

En termos xerais, podemos afirmar que a totalidade de indicadores referidos á satisfacción dos grupos de interese da titulación resultan notablemente positivos.

“Satisfacción do alumnado coa docencia recibida” (IN46G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,61	3,73	3,71	3,73	3,72	3,78




O grao de satisfacción do alumnado coa docencia é, pois, bastante alto, situándose sempre por encima do 3,5 e sendo no caso deste último curso o dato máis satisfactorio: 3,78/5. Como pode comprobarse estes aceptables resultados mantéñense ao longo do tempo. Son ademais indicativos dunha media razoablemente boa en relación co resto de titulacións da USC. Este dato aínda se pode constatar con máis detalle nos informes de satisfacción do alumnado co noso grao (INF.04 e INF.13). Neles pode verse que a valoración global da experiencia dos estudos é alta (4,42 sobre 5) e que tamén se lograron boas puntuacións en relación coa calidade da formación, do profesorado, das infraestruturas e das xornadas de acollida. Cómpre dicir tamén que a “taxa de resposta do alumnado á enquisa de satisfacción” (IN48G) foi máis baixa que outros anos (29%), aínda que en liña coa media obtida polo conxunto da USC. A participación baixou lixeiramente a pesar de manter no Centro o mesmo “protocolo” que nos anos anteriores consistente en informarlle da importancia da súa participación nas enquisas e recordándolle o prazo enviando incluso unha nova mensaxe-recordatorio uns días antes do peche do prazo (AM1-PM2018/19). Con todo, pensamos que esta lixeira baixada de participación foi debida a que precisamente nun ano no que o alumnado fixo un gran esforzo de adaptación do seguimento da docencia e da superación das materias nunhas circunstancias tan excepcionais, a cuestión das enquisas lle resultou moito menos urxente e pouco adaptada ao contexto que estaban a vivir.

Os índices de satisfacción do noso profesorado en relación con a docencia impartida son altos e manifestan un bo crecemento o que nos resulta moi gratificante tendo en conta o enorme esforzo que implicou para todo eles a adaptación das súas metodoloxías, das súas actividades e mesmo dos seus sistemas de avaliación ao escenario de semipresencialidade no que se desenvolveu o curso.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G):

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,96	3,74	4,00	4,30	3,97	4,22



A propia Área de Calidade da USC non remite os datos de mobilidade do profesorado como tampouco os datos relativos á satisfacción en relación coas PAE, xa que que foron suspendidas a raíz das circunstancias sanitarias durante o segundo semestre do 2019-2020 e 2020-2021. Con todo, valéndonos dos positivos datos obtidos na última edición o Centro volveu a ofertar as PAE para este curso 2021-2022: os últimos son os datos de 2018/19 no que o estudiantado asignou 4,5/5 e os titores profesionais 4,8/5 ao igual que os titores académicos 4,8/5.

Polo demais, no que respecta ao sector dos egresados, as referencias son tamén razoablemente boas: o “graο de satisfacción dos egresados coa titulación” (IN42G) é de 3,39 na mesma liña que o ultimo sexenio. Neste curso 2020-2021 así como tampouco no anterior 2019-2020, a área de Calidade non mediu o “graο de satisfacción dos egresados cos servizos” dado que a presencialidade non foi unha constante de normalidade.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No que refire a este apartado, durante moitos cursos ata este ano non se dispoñía ou polo menos non se nos remitían datos relativos á inserción laboral, nin por parte do Ministerio, da SIIU (Servizo Integrado de Información Universitaria), nin da ACSUG. Mais nesta ocasión si contamos con información relativa a inserción laboral dos egresados/as, aínda que os datos refírense soamente á cohorte de egresados 2013-14 e tanto a mostra como a poboación -segundo o EIL1314- utilizados foi moi pequena (8 egresados). Segundo estes datos, podemos comprobar:

- Que a taxa de afiliación mellora co tempo, é dicir, que aínda que pode resultar baixa no primeiro ano despois de egresar, esta tende a mellorar nos anos seguintes. Podemos inferir que a nosa Titulación non ten unha inserción laboral inmediata só propia de Titulacións moi demandadas polo sector técnico-industrial, pero si ten unha aceptable capacidade de incorporación dos seus egresados ao mercado laboral.
- que o tipo de traballos que os nosos egresados/as realizan co tempo son traballos que se consideran entre as posibles saídas laborais da nosa titulación, aínda que non sexan maioritariamente as de continuar a súa formación en titulacións superiores (máster, doutoramento). Hai que entender que é sempre minoritaria a vontade de continuar unha carreira de investigación e formación e que a gran maioría dos nosos egresados opta por facer oposicións e entrar a formar parte do profesorado de ensino secundario. Iso tamén explica que pase un ano ou dous desde a súa graduación a súa incorporación laboral, xa que pode tratarse dun tempo de preparación das correspondentes oposicións.

- (iii) que resulta incomprensible o dato relativo a unha mais baixa inserción laboral relativo a mulleres fronte a homes (cunha diferenza do 20%), tratándose dunha titulación que tende a contar cunha masa de alumnado moi paritaria.

Poden verse algúns datos principais na seguinte táboa:

Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)				2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)			
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados
	12,5%	0,0%	-	0,0%	43,8%	0,0%	50,0%	42,9%

Egresados curso 2013/2014	3 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2017)				4 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2018)			
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados
	43,8%	0,0%	57,1%	57,1%	37,5%	0,0%	33,3%	66,7%

3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2500758_P.Ind_2020-2021 2500758_INF.16_2020-2021 2500758_INF.CiUG_2020-2021
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2500758_P.Ind_2020-2021 5045_INF.03_2020-2021
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC Web do Centro Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro

3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2500758_P.Ind_2020-2021
			2500758_INF.04_2020-2021
			5045_INF.05_2020-2021
			2500758_INF.06_2020-2021
			2500758_INF.07_2020-2021
			2500758_INF.08_2020-2021
			2500758_INF.09_2020-2021
			5045_INF.10_2020-2021
			5045_INF.11_2020-2021
			2500758_INF.13_2020-2021
			2500758_INF.14_2020-2021
			5045_INF.21_2020-2021
			2500758_INF.22_2020-2021
			2500758_INF.23_2020-2021
2500758_Informe_de_indicadores_2020-2021			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2500758_P.Ind_2020-2021 2500758_Informe_de_indicadores_2020-2021
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	2500758_E15_2020-2021

4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5045_E16_2020-2021
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5045_I6-17_2020-2021
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5045_I6-17_2020-2021
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2500758_INF.13_2020-2021
			2500758_INF.14_2020-2021
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5045_I10_2020-2021
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2500758_INF.15_2020-2021
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de	2500758_P.Ind_2020-2021
			2500758_INF.17_2020-2021

		rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2500758_INF.18_2020-2021
			2500758_INF.19_2020-2021
			2500758_INF_SIIU_2020-2021
			2500758_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2500758_P.Ind_2020-2021
			2500758_INF.CiUG_2020-2021
			2500758_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I14	Resultados de inserción laboral	2500758_EIL-SIIU_2020-2021 2500758_EIL-ACSUG_2020-2021
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2500758_P.Ind_2020-2021 2500758_Informe_de_indicadores_2020-2021 2500758_MedUSC_2020-2021

Grao en Filosofía: Plan de Melloras Propostas: curso 2021-2022

ACCIÓN DE MELLORA: Prácticas Académicas Externas.	
Código	AM-1 (Curso 2021-22)
Orixe	Plan de melloras 2021-22
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento (Prácticas Académicas Externas). Criterio 7: Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Ampliación da oferta de Prácticas Académicas Externas (PAE) dado que tiveron moita demanda de matrícula nas dúas edicións que se ofreceron.
Definición/ descrición proposta	En relación á causa sinalada relativa ás PAE e tendo en conta que : - Nas dúas edicións anteriores que temos ofrecido de PAE tivemos moita demanda do alumnado. - Cada vez son máis o número de alumnos/as que acceden a cuarto curso, - A valoración de satisfacción coas PAE emitida polo estudiantado é moi boa (4,5 puntos sobre 5). Propoñemos reforzar a oferta das prazas de PAE de modo que logremos ampliar a oferta en dúas prazas máis das actualmente ofertadas. Tentaremos que esta ampliación non só sexa cuantitativa, senón cualitativa de modo que a ampliación desas prazas supoña a incorporación de empresas-institucións de sectores ata o momento non presentes na Oferta que permitan seguir ampliando os potenciais "espazos profesionais" da nosa Titulación.
Datas	Curso 2022/23 (inicio de la acción).
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do grao; Titor de prácticas externas; Coordinador de Calidade; Decano.
Comprobación Acción	AM-1
Descrición Comprobación	Comprobación: Informes do coordinador e titor de prácticas externas. Listado de Oferta na Convocatoria de PAE 2022-2023
Data Comprobación	Finais do curso 2022/23.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Enquisas de Satisfacción do estudiantado.	
Código	AM-2 (Curso 2021-22)
Orixe	Informe de seguimento / Memoria de Calidade / Indicador taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumando (IN48G) / Informe de Coordinación
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento.
Análise causa	Segundo a información obtida en relación co indicador IN48G, a taxa de resposta é baixa, constatándose que o alumnado participa pouco nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida, o que resulta indicativo de que, a pesar dos esforzos do Centro por facer repetidos recordatorios, pode faltar de información e concienciación da importancia deste tipo de enquisas.
Definición/ descrición proposta	Con obxecto de mellorar a participación do noso alumnado nas devanditas enquisas, e aínda que existe xa un protocolo de información telemática e de emisión de recordatorios por correo electrónico, propoñemos -na liña de recuperación de maior presencialidade nos procesos de Coordinación- que o Coordinador de Grao, coa axuda dos coordinadores de curso, procedan a informar presencialmente nas aulas (nos prazos nas que as enquisas están abertas) ao alumnado de todos os cursos, mostrándolle o seu vínculo web e facendo unha "demo" das mesmas. En concreto, o estudiantado será informado acerca da importancia destas enquisas de satisfacción, do sentido dos seus enunciados e do sistema de cumprimentación das mesmas. Tamén se fará o mesmo coa enquisa de satisfacción sobre o TFG, deseñada polo propio Centro.
Datas	Cursos 2022/24 (inicio de la acción que se desenvolverá ao longo do curso 2022/23)
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do Grao, Coordinadores de Curso.
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Comprobación: Información ao alumando por parte dos coordinadores de curso e grao, durante os prazos nos que está aberta a enquisa. Revisión do Indicador IN48G para ver a incidencia da acción nos resultados.
Data Comprobación	Finais do curso 2022/23 (aínda que a observación do indicador deberá ser interanual para que aporte maior fiabilidade).
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA: Taxa de abandono	
Código	AM-3 (Curso 2021-22)
Orixe	Plan de melloras 2021-22.
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento. Criterio 7: Indicadores de rendemento.
Análise causa	Taxa de abandono (IN41G) e Taxa de abandono no Primeiro curso (IN40G). Aínda que o Centro atópase consolidando nunha tendencia de corrección deste dato obtendo cada ano mellores resultados, consideramos que o valor de abandono que ten o noso Grao segue a ser lixeiramente alto (39%) e especialmente concentrado no primeiro curso (29%).
Definición/ descrición proposta	En relación a esta causa e como continuación das Accións de Mellora xa implantadas no Centro que están a conseguir a mellora interanual dese índice, propoñemos que o Coordinador da Titulación, coa axuda do responsable de calidade do Centro, elaboren unha enquisa específica dirixida a aqueles estudantes que abandonaron a titulación, preguntándolle polas causas que motivaron a súa decisión. Coñecer directamente as causas é sen dubida o primeiro paso para tentar baixar a taxa de abandono nos próximos cursos. En consecuencia, consideramos que estas enquisas, sempre voluntarias, nos servirán como fonte directa de información.
Datas	Curso 2022/23.
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do Grao, Responsable de calidade do Centro.
Comprobación Acción	AM-3
Descrición Comprobación	Comprobación: Seguimento do alumnado que abandonou os estudos de Filosofía. Seguimento do Indicador IN40G e do Indicador IN41G para analizar a súa evolución e asentando a tendencia de corrección que está a presentar.
Data Comprobación	Finais do curso 2022/23 para a 1ª valoración, aínda que a data de finalización será susceptible de ampliarse na medida en que a avaliación de resultados e tendencia debe ser a máis longo prazo.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA: Recoñecemento oficial do Ciclo de Cinema Filosófico.	
Código	AM-4 (Curso 2021-22)
Orixe	Plan de melloras 2021-22
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento. Criterio 2: Información e transparencia.
Análise causa	O Ciclo de Cinema Filosófico é unha acción cultural da Facultade, foi presentada como Acción de Mellora no Plan de Melloras do Grao 2017-18, conta xa cunha traxectoria ben asentada no funcionamento do Centro e ten unha gran aceptación e acollida por parte do alumnado. Mais o Centro e o seu Coordinador (prof. Xavier de Donato) entenden que debe ter maior recoñecemento, especialmente por tratarse dunha actividade moi acaída para mellorar a difusión e a visibilidade dos nosos estudos e do noso Centro non só entre o noso alumnado senón entre o estudiantado da USC e a través da súa inclusión facer máis visibles os nosos estudos e o noso Centro.
Definición/ descrición proposta	Queremos, a través desta actividade do Ciclo de Cinema Filosófico, favorecer a visibilidade do noso Centro e a transversalidade da nosa Titulación e á vez recoñecer -como rendemento académico- a participación do noso alumnado na mesma polo que propoñemos facer unha solicitude á vicerreitoría correspondente coa finalidade de presentar o "Ciclo de Cinema Filosófico" como recoñecemento de créditos optativos por actividades transversais (1 a 2 créditos) para todo o estudiantado da USC.
Datas	Curso 2022/23 (inicio de la acción)
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do grao e da actividade.
Comprobación Acción	AM-4
Descrición Comprobación	Comprobación: Informe e solicitude do coordinador da actividade.
Data Comprobación	Finais do curso 2022/3
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA. Dinamización transversal de contidos.	
Código	AM-5 (Curso 2021-22)
Orixe	Plan de melloras 2021-22
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento.
Análise causa	Atendendo á suxestión feita por diverso profesorado da Titulación ao Coordinador de Grao, pretendemos dinamizar a transversalidade de contidos da nosa oferta formativa de Grao (obviamente sen alterar o PDA/POD nin os programas e contidos aprobados para as materias da nosa titulación).
Definición/ descrición proposta	<p>En relación a causa descrita e seguindo as ideas formuladas por algúns dos profesores do Centro, propoñemos ofrecer ao noso alumnado unha maior dinamización e transversalidade dalgúns contidos do Grao, sempre con carácter absolutamente voluntario entre os docentes que desexen participar nalgunha destas propostas:</p> <p>1) Ao principio do curso propoñeráse un tema xeral e de actualidade susceptible de ser tratado con gran transversalidade desde diferentes ópticas e distintas metodoloxías (como por exemplo guerra, pandemia, xénero,) de xeito que se poda manter para o alumnado un seminario semestral, aberto a todos os docentes que desexen participar e impartir sesións.</p> <p>2) Cada profesor poderá convidar a un colega docente a impartir unha sesión da súa propia materia, sen alterar o POD, con previo acordo de intercambio voluntario entre sesións das materias deses profesores, coa finalidade de fomentar ante o noso alumnado a transversalidade dalgúns contidos impartidos nas materias de Grao e favorecer a comunicación entre o PDI.</p>
Datas	Curso 2022/23.
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do Grao; Secretaría de Facultade.
Comprobación Acción	AM-5
Descrición Comprobación	Comprobación: Seguimento da celebración das actividades propostas por parte do Coordinador da titulación e do Secretario do centro.
Data Comprobación	Finais do curso 2022/23
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Grao en Filosofía

Plan de Melloras 2020-2021

ACCIÓN DE MELLORA: Taxa de rendemento	
Código	AM-1 (Curso 2020-21)
Orixe	Informe de seguimento / Memoria de Calidade / Indicador taxa de rendemento académico / Informe de Coordinación
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento. Criterio 6 – Resultados de aprendizaxe.
Análise causa	Mellorable taxa de rendemento académico e de taxa de Avaliación (Inf18 e Inf19 da Área de Calidade) motivada principalmente polo índice de 'non presentados' e/ou suspensos nalgunhas materias da titulación.
Definición/ descrición proposta	Desde a Coordinación do título, e coa colaboración do responsable de Calidade, revisaranse os Informes da taxa de rendemento e avaliación (emitidos pola Área de Calidade) da titulación e daquelas materias que contén cunha alta e anómala desviación verbo da media da titulación en número de NP e de suspensos ao longo dos últimos tres cursos académicos. O Coordinador do Grao contactará cos docentes encargados desas materias, caso de habelas, e solicitaralles información sobre a marcha do curso, en particular sobre as posibles causas do rexistrado baixo rendemento dos/as estudantes. O docente, como claro coñecedor das particularidades da materia e da metodoloxía e avaliación empregadas, poderá propoñer -mesmo consignar na súa Guía Docente- algunha medida destinada a mellorar o rendemento que poderá probarse e terse en conta no curso seguinte.
Datas	Cursos 2021/23 (inicio de la acción que se desenvolverá ao longo do curso 2022/23)
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do grao, Comisión de Calidade.
Comprobación Acción	AM-1
Descrición Comprobación	<p>Comprobación: Seguimento da evolución por curso destes índices. Seguimento dos/as alumnos/as por parte dos docentes e da Coordinación do Grao, especialmente ao final de cada semestre. Informes do Coordinador do Grao. Informes de coordinación de cursos.</p> <p>Executada integramente xa que se fixo o seguimento específico desa Taxa de rendemento que recordamos era tratada co propósito de mellorar a Taxa de abandono. Proba dese seguimento son as reflexións que poden verse no Autoinforme de seguimento 2020-2021, que contén mesmo por primeira vez referencias explícitas acerca das taxas en diversas materias. Tamén foi tratado nas reunións de coordinación de curso nas que, por exemplo, dun xeito moi construtivo e absolutamente voluntario, a docente de "Lóxica Elemental" comunicou unha modificación parcial do sistema de avaliación (introdución de probas tipos test) do que poderemos ir vendo a influencia nos resultados de rendemento. Con todo, á vista dos Inf18 e Inf19 non se aprecian desviacións fortemente anómalas de materias verbo da media da titulación, aínda que algunhas -referenciadas no Informe- si presentan resultados algo baixos. Tampouco podemos tomar a referencia sen unha certa perspectiva temporal de polo menos tres cursos e obviamente o curso pasado e mesmo o anterior (afectados pola pandemia COVID) non supoñen referencias netamente obxectivas. Por esta razón, a data de finalización desta acción esténdese ata o próximo curso 2022/23. Polo demais, da análise realizada, resultou que se cumpre o obxectivo buscado: mellora notablemente a taxa de abandono (que era o fin último que se perseguía) e vaise consolidando lixeiramente unha mellora interanual da Taxa de rendemento, aínda que algo peor que o curso pasado (2019-2020), o que resulta lóxico xa que nese curso a adaptación</p>

	dos sistemas de avaliación ao confinamento terminaron por implicar unha elevada taxa de aprobados. Polo demais, o Centro considera que debe seguir a traballar neste eido e por iso decidiu continuar esta Acción a través da AM3 do Plan de Melloras 2021-2022
Data Comprobación	Finais do curso 2022/23
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIONES DE MELLORA: Protocolo de Coordinación.	
Código	AM-2 (Curso 2020-21)
Orixe	Plan de melloras 2020-21
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento (cf. Informe de seguimento).
Análise causa	Mellora dos protocolos de coordinación: recuperación das reunións de Coordinación.
Definición/ descrición proposta	<p>Tendo como causa a mellora dos protocolos de coordinación, propónse recuperar, ao final de cada semestre, unha reunión telemática (aberta tamén á presencialidade para aqueles que así o prefiran e se as condicións sanitarias o permiten) do profesorado de cada curso co Coordinador dese curso. Os obxectivos da mesma serán:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Facer un balance do curso académico en base ás estatísticas de cada materia do curso. 2. Potenciar o diálogo entre o profesorado coa intención de detectar espazos de mellora e ir optimizando os diversos indicadores no seguinte curso. 3. Favorecer a participación activa e específica dos/das docentes interesados en achegar posibles vías de mellora na coordinación e no deseño dos protocolos de Coordinación de Curso, de Titulacións e de Centro, proponendo un punto na orde do día específico para este asunto. <p>Os resultados das reunións serán recollidos no Informe de Coordinación de curso.</p>
Datas	Curso 2021/22 (inicio de la acción)
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do grao; Coordinador de Calidade; Comisión de Calidade.
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	<p>Comprobación: Informes de coordinación de cursos. Actas da Comisión de Calidade. Executada integramente na medida en que temos recuperado as reunións presenciais de Coordinación ao final de cada semestre, o que entendemos reverteu positivamente nos altos valores dos principais indicadores da Titulación (todos eles por riba do 70%) e na maioría dos casos nunha tendencia interanual crecente. Constatamos ademais que se cumpriron os tres obxectivos específicos expostos: 1. Fixose balance de cada materia de curso tendo en conta as estatísticas xeradas pola secretaría virtual da USC. 2. O profesorado intercambiou impresións acerca da marcha do curso e mesmo buscaron promover accións conxuntas, como por exemplo, unificar a actuación docente ante as ausencias polos casos COVID (cando a Oficina COVID da USC retardaba a comunicación de resultados polo gran volume de casos); ou expoñer a introdución de novos sistemas de avaliación nas súas materias como foi o caso de Lóxica Elemental -que introduciu probas tipo test- ou o caso de Introducción á Estética que introduciu o sistema de exame con disposición de materiais de curso. 3. Algúns docentes aproveitaron para facer achegas á Coordinación como foi o caso, por exemplo, de abrir unha reflexión acerca da necesidade de seguir realizando as Guías Docentes das materias de forma obrigada cando os Programas son xa cada vez máis detallados.</p>
Data Comprobación	Finais do curso 2021/22.

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Coordinación de cursos	
Código	AM-3 (Curso 2020-21)
Orixe	Plan de melloras 2020-21
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento (cf. Informe de seguimento).Criterio 7: Indicadores de satisfacción.
Análise causa	Incrementar a participación do profesorado nos protocolos de coordinación de curso.
Definición/ descripción proposta	Co propósito de fomentar a participación do profesorado na Coordinación, desde a Coordinación do título e coa axuda dos coordinadores de curso, contribuírase a proporcionar elementos que fomenten unha maior participación do profesorado nas reunións de coordinación. A mellora dos indicadores pasan por reforzar os procesos de coordinación, e iso, a súa vez, por fomentar a participación dos/das docentes que forman parte da mesma. Para iso, e sen prexuízo de todas aquelas aportacións que nos fagan por outras vías, queremos precisar, facilitar e obxectivar as súas achegas a través dun breve cuestionario (a responder opcionalmente por parte do profesorado), que será remitido polo coordinador de curso. O devandito cuestionario unirase á solicitude de estatísticas e información sobre incidencias que viña sendo habitual ata o de agora nos protocolos de coordinación. O cuestionario consistirá nunha lista breve de preguntas que permitan realizar un informe máis detallado acerca do desenvolvemento do curso e analizar mellor as incidencias e posibles problemas de rendemento ou de funcionamento. O deseño do cuestionario corresponderá ao Coordinador de Grao e coordinadores de curso e poderá ir variando cada curso académico segundo as achegas realizadas polos docentes nas respectivas reunións de coordinación.
Datas	Curso 2021/22 (inicio de la acción)
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do grao, Coordinadores de curso, Comisión de Calidade e Grao.
Comprobación Acción	AM-3
Descrición Comprobación	Comprobación: Informes de coordinación. Actas da Comisión de Calidade. Execución parcial ata o momento xa que se ben se realizaron as reunións de coordinación e se obxectivaron as achegas do profesorado no respectivo Informe final realizado polo Coordinador da Titulación, aínda estamos a traballar na confección do cuestionario que esperamos ter --conforme as datas sinaladas na acción- para o final de curso, que é o momento no que pretendemos recoller a información para a súa análise.
Data Comprobación	Finais do curso 2021/22
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIONES DE MEJORA. Configuración de Grupos Interactivos.

Código	AM-4 (Curso 2020-21)
Orixe	Plan de melloras 2019-20 / Actas Comisión de Calidade e Grao 2020/21
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento (cf. Informe de seguimento).
Análise causa	Protocolo de composición de grupos interactivos en relación ao problema de concentración de alumnado de segunda matrícula, de xeito que unha composición máis equilibrada facilite a asistencia máis regular, o desenvolvemento docente e a súa vez, quizás, a taxa de rendemento.
Definición/ descrición proposta	<p>A constitución dun terceiro Grupo Interactivo no caso das materias que contan cun elevado número de matrícula, a causa dun elevado número de alumnos/as de segundamatrícula, implica dous problemas contrarios entre si: por un lado, certa dificultade para que algúns alumnos/as de segunda matrícula poidan conciliar horarios entre os diferentes cursos, e por outro lado, unha concentración deste alumnado no "grupo 3". Para resolver esta cuestión, na medida do posible, propoñemos facilitar este proceso adoptando os seguintes criterios na configuración dos Grupos Interactivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A composición do alumnado de primeira matrícula farase por sorteo (dado que nonteñen problemas de incompatibilidade horaria). 2. A composición do alumnado de segunda matrícula farase por sorteo (é dicir, non serán asignados directamente ao grupo 3), mais no prazo establecido poderán solicitar razoadamente conforme o seu expediente académico, o cambio de Grupo que reduza ou evite as súas incompatibilidades horarias. <p>Cumprírase, en todo caso, e respectando as metodoloxías docentes, a composición equilibrada de grupos. Polo demais, no caso de que o Grupo 3 tivera horario de tardeno primeiro semestre pasaría a horario de mañá no segundo semestre. O Grupo 1 que tivera horario de mañá no primeiro semestre pasaría a horario de tarde no segundo semestre (tal e como se fixo neste curso).</p> <p>A aplicación destes criterios só entrará en vigor unha vez decaian as medidas sanitarias que afectan ao aforamento das aulas e se suspenda á docencia online.</p>
Datas	Curso 2020/23 no momento de matrícula do curso 2021/22.
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do grao; Secretaría de Facultade; Comisión de Calidade e Grao.
Comprobación Acción	AM-4
Descrición Comprobación	<p>Comprobación: Solicitudes do alumnado atendidas.</p> <p>Tendo en conta as datas de finalización desta Acción, motivada polas dúas últimas liñas da súa "descrición" que só permite activala no momento en que desaparezan as restricións da pandemia COVID, podemos entender "formalmente" que a acción non se puido implantar dado que "materialmente" se implantará no seguinte curso -na data de finalización da acción- e unha vez desaparezan as restricións COVID. Dende a Secretaría da Facultade xa se está a executar a devandita Acción de modo que a configuración de Grupos Interactivos se desenvolverá conforme aos dous criterios expostos: o alumnado de primeira matrícula se distribuirá en tres grupos e o alumnado de segunda matrícula será distribuído nos tres grupos atendendo ao seu expediente académico sen utilizar o grupo tres de forma exclusiva para eles. Mais como xa indicamos, esta distribución só pode facerse cando desaparezan as restricións COVID e por suposto o sistema de "aulas espello" que, recordamos, estivo aínda activo ao inicio do curso 2021-2022. Esperamos que no curso 2022-2023 -conforme as datas da Acción- pase a estar integramente executada</p>

Data Comprobación	Finais do curso 2022/23
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Codirección de TFG	
Código	AM-5 (Curso 2020-21)
Orixe	Informe de seguimento 2019-20.
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento. Criterio 6: Resultados de aprendizaxe.
Análise causa	
Definición/ descrición proposta	Consonte a recomendación da ACSUG feita no seu "Informe provisional de seguimento 2017-18" de "continuar coa coordinación de traballos transversais para o alumnado" e asumindo así mesmo a demanda do alumnado de favorecer contidos transversais e, a súa vez, continuando coas accións de mellora realizadas sobre o TFG (vid. AM 9 2019/20), a Comisión Académica de Calidade e Grao propón que se poida compartir a dirección de TFG no caso de temáticas e enfoques transversais que así o permitan e sempre que o titor inicialmente asignado así o recomende e exista dispoñibilidade de encargo docente na área de coñecemento.
Datas	Curso 2020/21.
Estado/Eficacia	--
Responsables	Coordinador do Grao (Prof. Xavier de Donato) Decano da Facultade de Filosofía (Marcelino Agís)
Comprobación Acción	AM-5
Descrición Comprobación	Comprobación: Matrículas de TFG inscritos con dobre Dirección (caso de habelos). Executada integramente na medida en que o Centro propón esa posibilidade e mantén aberta esta disposición relativa a favorecer a transversalidade dos contidos, sempre que se cumpra a conformidade do titor inicialmente asignado e que non supoña problemas de encargo docente para o POD do Departamento. Aínda que a disposición segue aberta para os próximos cursos -de modo que esta Acción pasa a asentarse como práctica de bo funcionamento- non se teñen recibido inscricións formais, aínda que si teñen existido no pasado manifestacións de interese neste sentido. Cómpre lembrar que esta práctica de co-dirección xa ven sendo habitual no Centro na Titulación de Mestrado nos TFM e esperamos que se vaia incorporando -cando se entenda de proveito- á titulación de Grao nos TFG.
Data Comprobación	Finais do curso 2021/22
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Facultade de Filosofía.

Plan de Melloras 2021-2022

ACCIÓN DE MELLORA: Compromiso coa formación en política de xénero.	
Código	AM-1 (Curso 2021/2022) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2020-2021.
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia. Criterio 4: Recursos Humanos. Criterio 5: Recursos Materiais e servizos.
Análise da causa	Incrementar o compromiso do Centro coas cuestións relativas á igualdade de xénero. En concreto, pretendemos mellorar o actual coñecemento en relación ao "marco conceptual, normativo e xurídico" do tema de acoso no contexto universitario.
Definición/ descrición proposta.	O Centro ven manifestando o seu compromiso coa política de xénero, desenvolvendo cada ano actividades durante a semana do 8M, así como homenaxes mensuais ás vítimas de violencia de xénero. Profundizando nestas iniciativas (algunhas xa sinaladas na AM6.PM2020/21), propoñemos, como mellora deste compromiso do Centro coa política de xénero, proporcionar unha maior formación, tanto ao PDI como ao estudiantado, relativa ao "marco conceptual, normativo e xurídico" do acoso no contexto universitario. Esta formación iniciarase coa programación no Centro dun Curso do PFID "Acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero no contexto universitario".
Datas	2021/2022.
Estado/Eficacia	
Responsables	Vicedecano da Facultade de Filosofía (Javier Barcia González).
Comprobación Acción	AM1
Descrición Comprobación	Comprobación: Ter realizado o devandito Curso, sen prexuízo doutras accións e iniciativas que o complementen.
Data Comprobación	Decembro 2022.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Mellora de Recursos Materiais e Servizos do Centro.	
Código	AM-2 (Curso 2021/2022) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2020-2021.
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos Materiais e servizos.
Análise da causa	O Centro ven executando cada ano distintas Accións de Mellora que procuran a actualización, mantemento e maior dotación, ben tecnolóxica ou de infraestruturas, nos distintos espazos do Centro (Aulas, Seminarios, Biblioteca, Conserxería, etc.). Nos últimos Curso observamos que apenas temos feito intervencións específicas nun espazo tamén moi utilizado, especialmente para as distintas tarefas de xestión do Centro: a Sala de Xuntas.
Definición/ descrición proposta.	Toda vez que temos detectado a causa sinalada e que, ademais observamos que: (i) empeza a haber algúns danos materiais (piolla da madeira e da humidade, illamento deficiente da fiestra); (ii) a dotación tecnolóxica existente comeza a estar bastante desfasada (sistema de videoconferencia) ou resulta susceptible de ser mellorada (reunións telemáticas bastante limitadas); (iii) a capacidade de aforamento comeza a ser insuficiente dado o crecemento do número de PDI do Centro así como da representación do colectivo do estudiantado, propoñemos realizar un proceso de restauración, modernización e ampliación da (infra)estrutura e da tecnoloxía da Sala de Xuntas como un espazo de referencia na actividade de xestión académica do Centro, así como de defensa das Teses de Doutoramento.
Datas	2021/2024.
Estado/Eficacia	
Responsables	Secretaría do Centro. Decano da Facultade.
Comprobación Acción	AM2
Descrición Comprobación	Comprobación: Conceptos orzamentarios RAM destinados a tal efecto así como o inventario de elementos tecnolóxicos instalados.
Data Comprobación	2022-2023: faremos unha primeira fase de comprobación consistente na determinación dos límites orzamentarios da mellora. 2023-2024: faremos unha segunda fase de comprobación e inventario do conxunto de accións e elementos instalados.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Compromiso coas melloras en cuestión de riscos laborais.	
Código	AM-3 (Curso 2021/2022) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2019-2020.
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos. Criterio 4: Recursos Humanos.
Análise da causa	Detección de mellora no capítulo de Riscos Laborais, concretamente na área de saúde.
Definición/ descrición proposta.	O Centro ven traballando na actualización dos elementos relativos ao capítulo de Riscos Laborais: mellora da iluminación, actualización dos medios humanos de actuación ante emerxencias, curso de formación para os mesmos (AM3-PM2020/21). En relación a este capítulo de Riscos Laborais, queremos centrarnos na "área de saúde" e en consecuencia propoñemos a adquisición dun desfibrilador exclusivo para o noso Centro (xa que na actualidade a USC só dispón de un único aparello de uso compartido coa facultade de Historia), de xeito que se atope a disposición permanente na nosa Facultade, o que nos permitirá reducir moito o tempo de intervención. Xunto coa adquisición ofreceremos un curso de Formación específico para o seu uso.
Datas	2021/2022.
Estado/Eficacia	
Responsables	Vicedecano da Facultade de Filosofía.
Comprobación Acción	AM3
Descrición Comprobación	Comprobación: Realización da adquisición a través do concepto no capítulo orzamentario.
Data Comprobación	Decembro 2022 (segundo dispoñibilidade orzamentaria).
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Plan de convivencia.	
Código	AM-4 (Curso 2021/2022) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2019-2020..
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia. Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade. Criterio 4: Recursos Humanos. Criterio 7: Indicadores de satisfacción.
Análise da causa	Incorporación de mellora no relativo ao ámbito da convivencia nun Centro Universitario, dada a inexistencia dunha planificación por Centros daquela normativa implicada na convivencia universitaria.
Definición/ descrición proposta.	En relación á causa sinalada e tendo en conta: (i) o desenvolvemento dos plans de convivencia vixentes nalgúns Institutos de Ensinanza Secundaria en relación ao marco normativo determinado pola Xunta de Galicia; (ii) o disposto na recente Lei de Convivencia Universitaria (25/02/2022 BOE num. 48) en relación ao marco normativo determinado polo Ministerio de Universidades; (iii) o disposto polos organismos correspondentes da USC e o seu Gabinete Xurídico, propoñemos a realización dun Plan de Convivencia, adaptado ao Centro, que nos permita abordar e canalizar os posibles conflitos do xeito máis áxil e garantista posible, ademais de favorecer a integración da diversidade en xeral.
Datas	2022/2023 e 2023/2024
Estado/Eficacia	
Responsables	Decano da Facultade. Vicedecano da Facultade. Secretaría da Facultade. Comisión de Calidade e Grao.
Comprobación Acción	AM4
Descrición Comprobación	Comprobación: Comprobar a redacción do "Plan de Convivencia" e a súa incorporación pública á web da Facultade no apartado do Sistema de Calidade.
Data Comprobación	Decembro 2023 faremos unha primeira comprobación das achegas realizadas pola USC, así como das adaptacións feitas verbo da Ensinanza Secundaria. No curso 2023/2024 faremos unha comprobación definitiva da súa publicación e posta en funcionamento.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Adaptación da información á nova web da Facultade.	
Código	AM-5 (Curso 2021/2022) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2019-2020
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia.
Análise da causa	A USC ven de facer no curso 2020/21 unha remodelación radical da imaxe Web institucional, que afectou tamén ás web dos Centros de xeito que optaron por transformar as páxinas web dos Centros unificando a mesma estrutura para todos e a implantar un sistema de diferenciación entre internet e intranet que afecta ao nivel de transparencia e información de cada Centro.
Definición/ descrición proposta.	<p>Con motivo desta transformación do espazo web do Centro, propoñemos abordar (i) un proceso de reincorporación da información, adaptándonos a esta nova estrutura, tanto do espazo de internet como da intranet; (ii) un proceso de recuperación da información "inicialmente descatalogada" nesta transformación para avaliar a súa reincorporación en novas xanelas; (iii) un proceso de análise da marxe e posibilidades de individuación do Centro dentro desa estrutura uniforme que a USC promoveu para todos os Centros.</p> <p>En concreto, propoñemos unha reorganización da información nesta nova estrutura para: (i) dispoñela dunha forma máis intuitiva e coherente, (ii) para eliminar duplicidades e (iii) sacar a información antiga e desactualizada; (iv) favorecer a individuación do Centro promovendo a dinamización da web tamén como medio de difusión de actividades e eventos realizados polo propio Centro; (v) seguir a consolidar neste novo formato o alto índice de "transparencia" do Centro que a ACSUG sinalara positivamente no seu Informe de renovación da acreditación, de xeito que a web sexa unha ferramenta práctica e útil tanto para o PDI, como para o PAS e o Estudantado para que teñan a súa disposición a información debidamente actualizada.</p>
Datas	2021/2022 e 2022/2023.
Estado/Eficacia	
Responsables	Secretaría da Facultade. Responsable de Unidade do Centro (PAS).
Comprobación Acción	AM5
Descrición Comprobación	Comprobación: Informe do Secretario do Centro no que se recollan coa elementos principais do proceso de adaptación e de actualización.
Data Comprobación	<p>Decembro 2022: faremos unha primeira comprobación parcial da evolución do proceso de adaptación.</p> <p>Setembro 2023: faremos a comprobación definitiva da dinamización desa actualización observando especialmente como se foi sucedendo a información relativa ás actividades do Centro como síntoma dunha axeitada política web.</p>
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Facultade de Filosofía.

Plan de Melloras 2020-2021

ACCIÓN DE MELLORA: Dotación tecnolóxica-informática.	
Código	AM-1 (Curso 2020/2021) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2019-2020.
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos.
Análise da causa	Obsolescencia de equipamentos informáticos das aulas ante as novas necesidades de docencia <i>online</i> e sistema de aulas espello.
Definición/ descrición proposta.	A Comisión de Calidade e Grao propón atender á mellora do equipamento informático do Centro procedendo a substitución do mesmo en todas as aulas da Facultade co propósito de poder soportar as necesidades de docencia <i>online</i> e aulas espello derivadas da situación sanitaria por mor do COVID. Procedemos á dotación en todas as aulas das ferramentas tecnolóxicas necesarias para o desenvolvemento da docencia presencial e virtual: webcam, sistema de son, soportes e tablet-pizarra dixital.
Datas	2020/2021.
Estado/Eficacia	
Responsables	Vicedecano da Facultade de Filosofía (Javier Barcia González).
Comprobación Acción	AM1
Descrición Comprobación	Comprobación: Ter instaladas nas aulas e en funcionamento os equipamentos. Executada integramente. Procedemos a substitución de todas as computadoras de todas as Aulas do Centro co propósito de optimizar os recursos e evitar así problemas técnicos que puidera xerar o desenvolvemento obrigado da docencia <i>online</i> nas aulas espello. Instaláronse computadoras ademais de <i>dockers</i> que permiten centralizar todos os USB nunha única unidade por aula. Instaláronse tamén en todas as aulas Cámara HD cenital con control remoto e en cada unha tamén o seu sistema de son que a través de cable e de <i>bluetooth</i> permite a conexión entre aulas para facilitar a participación do alumnado desde a aula espello. Púxose a disposición do profesorado unha tableta dixital por aula que permitía o seu funcionamento como taboleiro electrónico, complementario ao taboleiro das ferramentas telemáticas como o MSTeams. Instalamos todos eses elementos ademais no salón de actos dado que se reconverteu en aula polas necesidades que implicou a redución dos aforos dos espazos. Instalamos tamén para uso docente tres proxectores, dos que dous foron para substituír os que presentaban problemas na Aula Hipatia e na Aula 5, e o terceiro para reforzar o último tendido de butacas do salón de actos e favorecer a visión de contidos para eses alumnos/as. Tamén instalamos cámaras web en todos os seminarios do Centro, que foron utilizados como reforzo de espazos docentes nos casos excepcionais necesarios.
Data Comprobación	Xullo 2021 (fin de curso).
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Formación docente	
Código	AM-2 (Curso 2020/2021) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Estratéxico do Centro 2015-22.
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento Criterio 4: Recursos humanos.
Análise da causa	Adaptación e formación ante as novas necesidades de docencia <i>online</i> causadas pola COVID.
Definición/ descrición proposta.	A Comisión de Calidade e Grao propón atender ás necesidades de Formación docente no manexo da tecnoloxía necesaria para o desenvolvemento da docencia <i>online</i> e de aulas espello, consonte á modalidade de docencia implantada no Centro durante a vixencia das medidas sanitarias derivadas da pandemia da COVID. De xeito específico, propón a impartición de dous cursos do PFID no propio Centro: "Xestión e uso didáctico das cámaras, altofalantes e tabletas dixitais nas aulas da USC" "Ferramentas e manexo do Campus Virtual e de Ms. Teams"
Datas	2020/2021.
Estado/Eficacia	
Responsables	Vicedecano da Facultade de Filosofía (Javier Barcia González).
Comprobación Acción	AM2
Descrición Comprobación	Comprobación: Organización e celebración dos cursos. Executada integramente. Desenvolvéronse os dous cursos de formación docente, imprescindibles para adaptarse ás circunstancias excepcionais que obrigaron a "virtualizar" as nosas actividades docentes. Ambos cursos fixéronse de forma presencial e específica no noso Centro, garantindo as medidas de seguridade. Para este fin, desprazáronse os docentes do PFID encargados de impartir esta formación. Nos dous cursos participaron a maioría dos docentes do noso Centro que se matricularon e resultaron de gran proveito.
Data Comprobación	Xullo 2021 (fin de curso).
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Mellora do edificio e compromiso coas persoas con mobilidade reducida e coas recomendacións de riscos laborais.	
Código	AM-3 (Curso 2020/2021) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2019-2020.
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos.
Análise da causa	Detección de impedimentos na saída de emerxencia, na ventilación de espazos do soto e no acceso ao estrado do salón de actos.
Definición/ descrición proposta.	<p>A Comisión de Calidade e Grao propón atender á recomendación de ventilación no despacho de persoal da biblioteca polo que propón a creación e instalación dunha escaleira con plataforma que permita o acceso a fiestra de ventilación.</p> <p>Tamén atende á recomendación de mellora da saída de emerxencia polo que propón a creación e instalación dunha porta que cumpra os requisitos de seguridade na principal saída de emerxencia do Centro.</p> <p>A Comisión de Calidade e Grao, ratificando o seu compromiso coas persoas con mobilidade reducida, propón a creación e instalación dunha varanda na rampla de acceso ao estrado do Salón de actos que estea dotada co sistema de seguridade e a altura de pasamáns apropiados para as cadeiras de rodas.</p>
Datas	2020/2021.
Estado/Eficacia	
Responsables	Vicedecano da Facultade de Filosofía (Javier Barcia González).
Comprobación Acción	AM3
Descrición Comprobación	<p>Comprobación: Realización das obras e instalación dos elementos sinalados. Executada integramente. Realizáronse os tres elementos descritos e comprometidos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Instalouse unha escaleira con plataforma feita a medida para chegar á altura da ventá do despacho de persoal de biblioteca, o que permitiu poder dispor dunha ventilación máis adecuada nestas circunstancias de COVID. 2. Instalamos unha porta, fabricada especificamente para o Centro, con acción de seguridade para a saída de emerxencia da Facultade no primeiro andar, que substituíu a anterior que non cumpría cos requisitos de Riscos Laborais (RR.LL.). Ademais o mecanismo de apertura desta nova porta está adaptada ás persoas con mobilidade reducida. 3. Como ratificación e mantemento activo do compromiso do Centro, precisamente, coas persoas con mobilidade reducida, tamén creamos e instalamos unha varanda na rampla -que xa se fixera- de acceso ao estrado do Salón de Actos. A varanda non só cumpre cos RR.LL. en termos de seguridade senón tamén ofrece adaptación específica ás persoas con mobilidade reducida (altura do pasamáns, anchura de cadeira de rodas, protección que evita que as rodas dianteiras se desvíen, etc.). O Centro continuará con iniciativas de Mellora, tanto no espazo dos RR.LL. como no que respecta ao seu compromiso coas persoas con algún tipo de discapacidade.
Data Comprobación	Xullo 2021 (fin de curso).
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Visibilidade da investigación que se realiza polo PDI do Centro	
Código	AM-4 (Curso 2020/2021) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2019-2020 / Plan Estratéxico do Centro 2015/22.
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia.
Análise da causa	Na páxina web do Centro figuran os CV resumidos do seu profesorado, que se actualiza periodicamente (última actualización maio 2021). Sen embargo, existe posibilidade de ampliar esta iniciativa e por iso cómpre engadir a esta información os datos actualizados das publicacións, proxectos, etc. do PDI que imparte docencia no Centro.
Definición/ descrición proposta.	Asumindo a suxestión realizada polo profesor Óscar Horta Álvarez, profesor da área de Filosofía Moral e Política, e de acordo co Plan Estratéxico do Centro, propoñemos establecer un enlace na páxina web do Centro co Portal da Investigación da USC (usc.gal), recentemente creado e que se atopa en fase de probas, onde se reflicten todas as publicacións, proxectos de investigación e outros aspectos das tarefas investigadoras do PDI. Para este fin, manteremos contacto coa directora da Biblioteca da USC para poñer a disposición dos grupos de interese das titulacións do Centro a labor investigadora do PDI da Facultade de Filosofía a través da información que figura no Portal de Investigación da USC.
Datas	2020/2022.
Estado/Eficacia	
Responsables	Decano da Facultade (Marcelino Agís Villaverde) Vicedecano da Facultade de Filosofía (Javier Barcia González).
Comprobación Acción	AM4
Descrición Comprobación	Comprobación: Comprobar entrando no Portal de Investigación que os datos da investigación do PDI do Centro estean actualizados. Executada integramente. Na páxina web do Centro establecemos vinculación cos datos do portal de Investigación da USC, de tal xeito que dentro da nosa web ao seleccionar a xanela de Docentes, e seleccionando un a un dos PDI, o sistema devolve toda a información acerca do seu perfil investigador e as súas publicacións ademais de estatísticas neste sentido.
Data Comprobación	Xullo 2022 (fin de curso).
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Participación da Facultade nos obxectivos da Axenda 2030	
Código	AM-5 (Curso 2020/2021) Facultade de Filosofía.
Orixe	Plan Melloras 2019-2020. / Plan Estratéxico 2015-2022
Ámbito de aplicación	
Análise da causa	Poder identificar e precisar o compromiso da Facultade de Filosofía cos obxectivos da Axenda 2030. A USC está a elaborar un novo Plan de Desenvolvemento Sustentable aliñado coa Axenda 2030 das Nacións Unidas e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). A USC está a desenvolver procesos de localización da Axenda 2030 e os ODS. Desde a Facultade de Filosofía queremos promover os valores inherentes aos obxectivos da Axenda 2030 que se poidan implementar desde o Centro.
Definición/ descrición proposta.	A Facultade de Filosofía fomentará a sensibilización no eido dos ODS a partir dun proceso de identificación, localización e implementación, na medida das nosas posibilidades da Axenda 2030 (<u>Agenda2030-Objetivos</u>). Esta identificación desenvolverase consonte ao novo Plan de Desenvolvemento Sustentable da USC que está en fase de elaboración. As Universidades, a través dos seus Centros e Departamentos, deben contribuir, na medida das súas posibilidades, á realización dalgúns destes obxectivos. Para este fin, propoñeremos a un PDI do Centro como responsable de analizar a relación entre os nosos Plans de Mellora, as iniciativas xerais que se desenvolven no Centro, así como os recursos e infraestruturas do Centro, e os obxectivos marcados na Axenda 2030.
Datas	2020/2022.
Estado/Eficacia	
Responsables	José Luis Pastoriza Rozas (PDI)
Comprobación Acción	AM5
Descrición Comprobación	Comprobación: Realización de informe sobre o grao de implicación do Centro cos ODS da Axenda 2030. Esta acción, estando aínda dentro do prazo previsto para a súa finalización, atópase nun estado de execución parcial. O Centro segue a manter activo e realizar accións específicas -como as sinaladas na AM3 e outras nesa liña- relativas aos seus principais compromisos: (i) coa sustentabilidade, de xeito que imos transformando progresivamente o sistema de iluminación de todo o Centro cara a tecnoloxía LED: neste curso comprometemos orzamentariamente -despois de telo instalado xa na biblioteca, conserxería e espazos comúns de tránsito do Centro- a súa instalación na aula 2, no salón de actos e na sala de xuntas. (ii) coas persoas de mobilidade reducida como se describe na acción de mellora tres que continúa accións feitas con anterioridade; (iii) coas políticas de xénero, introducindo nos últimos dous cursos -así como tamén no próximo- iniciativas específicas neste sentido que reforzan as accións do Centro como é a súa organización de actividades no 8M (AM6) ou a súa periódica homenaxe ás vítimas de violencia de xénero. Con todo, esta é só unha realización parcial da Acción, xa que, conforme aos prazos establecidos, o responsable da Acción está a finalizar o seu Informe que esperamos ter en xuño de 2022 para proceder a súa valoración e análise durante o segundo semestre do 2022, rematando a acción en decembro conforme a súa previsión.
Data Comprobación	Decembro 2022.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA: Compromiso coa política de xénero.	
Código	AM-6 (Curso 2020/2021) Facultade de Filosofía.
Orixe	Autoinforme de seguimento 2019/20 / Plan Estratéxico da Facultade de Filosofía 2015-22.
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia.
Análise da causa	Incrementar a visibilidade dos compromisos do Centro coa cidadanía e especialmente do seu firme compromiso coa cuestión de igualdade de xénero.
Definición/ descrición proposta.	<p>A Comisión de Calidade e Grao propón reforzar cada ano o seu compromiso coas políticas de xénero. Para este ano, propón, non só continuar co acto de recordo ás vítimas de violencia de xénero e as outras accións que ven desenvolvendo, senón tamén celebrar o 8M, a través da súa Comisión de Igualdade de Xénero, con actividades que se sumen á Axenda Feminista na USC:</p> <p>a) cunha "Xornada 8M en Filosofía" (moderada pola Profesora Guadalupe Jiménez Esquinas) na que se presenten os TFG/TFM dedicados ao tema da muller e da igualdade de xénero nos últimos tres cursos;</p> <p>b) Conferencia da Prof. Aurora Marco, Catedrática da USC,: "Investigar (e vivir) con perspectiva de xénero" (moderada polo Profesor X. Luís Pastoriza Rozas).</p>
Datas	2020/2021.
Estado/Eficacia	
Responsables	Presidente da Comisión de Igualdade de Xénero (Marcelino Agís Villaverde)
Comprobación Acción	AM6
Descrición Comprobación	<p>Comprobación: Realización das actividades programadas.</p> <p>Executada integramente. Mantemos unha viva presenza deste tema no funcionamento do Centro. Realizáronse as dúas actividades programadas nesta Acción de Mellora, organizadas pola Comisión de Igualdade de Xénero, cunha gran afluencia de público, ofertándose ademais na modalidade presencial (ata completar aforo dadas as restricións sanitarias) e a través de plataformas como Zoom. O noso estudiantado participou na súa organización e tamén tivo a oportunidade de expoñer as liñas dos seus Traballos feitos sobre esta temática. Continuouse ademais coa periódica homenaxe ás vítimas de violencia de xénero e coa actividade da Comisión de Igualdade de xénero.</p>
Data Comprobación	Xullo 2021 (fin de curso).
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--